TOURIÑO

‘Hai que reformar a Constitución’

A NOSA TERRA

Nº 1.048.
Do 19 ao 25 de setembro de 2002.
Ano XXV IV Xeira.

FUNDADO EN 1907

1,75 euros

Pepe Carreiro



O presidente español pouco se referiu a Galiza

Aznar releva a Fraga no protagonismo da festa do PP

PACO VILABARROS

Xerardo Quintiá

A verdadeira historia do burro Feldespato

A partir de 9 anos. Feldespato é un burro tan listo que aprende a pensar, a falar, a ler e a escribir. E acaba namorándose da súa dona, a meiga Marica Pendella. Pero ela está sempre durmindo e só esperta unha vez cada cen anos.

EDITORIAL GALAXIA

DI A LEI QUE AS QUE DELINQUEN SON AS PERSOAS, non as organizacións. Pois ben, gracias a Garzón agora podemos ver como Batasuna debe cerrar os seus locais, como se límita o dereito de asociación e reunión, pero Otegi e compañía seguen opinando o que consideran conveniente nos seus papeis de “dirixentes abertzales”. O super-xuíz estalle dando a volta á xustiza como a un calcetín. Pero, se cadra non é casual, porque así Batasuna non se presenta as eleccións -neste momento conta con 52 alcaldes- e PP e PSOE poderían acadar un trunfo electoral que lles foi estrepitosamente negado polos electores nos anterios comicios autonómicos. E Otegi seguirá paseando e falando na radio. ¡Ao Estado que lle importa! ♦

O PP ofrécelle un pacto municipal ao BNG que os nacionalistas rechazan

(Páx. 7)

Propoñen o nome de Vidal Bolaño para o *Salón Teatro*

(Páx. 28)

A *Romaxe de Crentes* celebra o XXV aniversario congregando a varios miles de persoas

(Páx. 10)

Nº 1.048 ● Do 19 ao 25 de setembro de 2002 ● Ano XXV

A romeria do Monte do Gozo tivo pouco que ver coas anteriores do Faro

O PPdG adapta a súa festa á figura de Aznar

Afonso Eiré

¿Cómo é a festa do PPdG? Sen dúbida diferente á de hai dez anos. Con menos ostentación autónoma. Agora Aznar é o grande protagonista, pero as xentes son as mesmas: maioría de persoas do rural. E idéntico o fervor militante. Cunha idea clara, "gañar as eleccións".

O Monte do Gozo é ao Monte Faro o que a festa do PP do 2002 á Romería do PPdG de 1994. O Monte do Gozo non é monte senón unha especie de parque urbanizado onde medran os toxos alvares corriqueiros e as silvas engurrumitadas puxan por sair entre as planchas de cemento. A festa do PP de Galiza do 2002, convertiuse na festa de José María Aznar.

O presidente español, coa súa presencia e co seu discurso modificou o espíritu tradicional que os populares galegos levaban ao Monte Faro: ensalzamento do partido como algo enraizado na Galiza.

A maioría dos máis de 7.000 militantes congregados en Compostela, semellaban estar alí de convidados. José María Aznar non realizou un discurso para eles, falaba para os xornalistas e, sobre todo, para a televisión.

Nin sequera realizou unha intervención para o cento de dirixentes galegos que estaban sentados en primeira liña de palco festeiro. Aínda que eran eles os únicos que semellaban conectar co seu discurso e aplausaban. Por detrás, con efecto retardado, só algúns lle sacaban o suor a unhas mans inchadas polo chorrazo.

Patentizábanse así as dúas almas que forman o PPdG. Adiante, con cargos institucionais e partidarios, os máis novos (gardados por Fraga), procedentes das cidades. Atrás, os do rural. Case todos superando os sesenta anos. Na organización, con eficacia e fachenda dos que se saben elexidos, os de Nuevas Generaciones.

Aznar tiña a mente porta en Bush, Rojoy era aclamado como presidente español, Arenas buscaba as cámaras e Fraga oficiou de patrón. Reportaxe Gráfica: PACO VILABARROS

Esmaiolados coa calor

"Non se dan conta que case todos somos vellos e non temos onde sentar", queixábase unha señora en edade de cobrar a xubilación arrimada ao valo do curro onde estaban pechados os xornalistas. Xa estaba descalza porque afirmaba que lle incharan os pés e "xa non aturo estes zapatos dentro". Ao seu carón, unha compañeira, cun pano das mans na cabeza, optou por sentar, "aínda que así, non vexo nada". Na redonda, todas tiñan igual cara de cansas. Levaban desde as dez agardando, "pero non nos deixaron entrar ata despois das 11". Perguntámoslles porque non sentaban no pasto. Respondeunos unha delas cun surriso que tapaba un laio:

—Hai filliño, que máis quixéramos. Ti ben falas. E que no chan xa non che nos damos sentados. E se deitamos, despois nen unha grúa nos levanta".

Moitas perguntábannos canto tardaría en rematar Aznar para poder xantar. Un picariño, tamborileiro dunha banda de gaitas, cando ollou subir a Aznar ao palco exclamou canso e deixándose caer de cú:

—Arre demo, tamén ese. ¡O que faltaba!

Tres compañeiros seus, un de case dous metros de alto, cairan esmaiolados pois levaban horas en posición marcial, de guardia pretoriana do palco. Certamente os seus traxes de franela e lá negros non eran a roupa acaida para aquela calor. Tampouco os gaiteiros galegos fixeron nunca de soldados. Pero así estaban os da Banda de Gaitas da Deputación de Pontevedra, xa firmes, facéndolle corredor cando chegou Aznar. O seu paseo triunfal fíxoo ao son da *Muiñeira de Lugo*.

Porque Aznar era non só a estrela da festa, senón que xa acadou o número un no *ranking* da popularidade entre os do PP, superando a Fraga. Unha muller duns sesenta nos, con xeito de vilega, rifáballe a unha compañeira por non ser o bastante afoute para darlle a man a Aznar. "Eu conseguino. O ano pasado só puiden darlla a Arenas, pero este ano...". "Eu xa lla teño dado varias veces a Fraga". "A Fraga, a Fraga, contestáballe a amiga... Pois agora fódeste que entraron no casucho aquel e xa é imposíbel".

Certamente, alí só estaban os Vip. Os servícios de escoltas, policía e organización seleccionaban axeitadamente os que podían entrar. Unicamente os portadores

Continúa na páxina seguinte

ANosa TERRA

Edita:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Presidente:
Cesáreo Sánchez Iglesias.
Conselleiro Delegado:
Xosé Fernández Puga.
Vogais:
Xosé Mª Dobarro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.
Secretario:
Xan Piñeiro.

Director:
Afonso Eiré López.

Redacción:
Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Bergantiños, César Lorenzo Gil, Paco Vila Barros (Fotografía).

Edicións Especiais:
Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta:
Xoselo Taboada.

Coordenación Humor Gráfico:
Picho Suárez.

Colaboradores:
Galiza: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, Xoán Vila, Santiago Jaureguizar, Manuel Monge, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Mª Pilar Garcia Negro, V.M. Vázquez Portomeñe, A. Gato Soengas.
Sociedade: Perfecto Conde, X. Vázquez Pintor, Encarna Otero, Xavier Queipo, Henrique Harguindey.
Economía: Manuel Cao, Ramón Maceiras, Carme Vences, X.F. Pérez Oia.
Península: Gonçalo Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.
Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena.
Deportes: Manuel Pampín, Moncho Viñas.
Cultura: Ramiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Lois Diéguez, Celso López Pazos, X.M. Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, X. González Gómez, Gonzalo Vilas.
Fin de Semana: Borobó, Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Xurxo F. Ledo, Luísa Villalta, Francisco A. Vidal.
Leer: Eva Montenegro Piñeiro.
Última Páxina: X.R. Pousa, X.A. Gaciño, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía:
Andrés Panaro, Xosé Marra, *Voz Noticias*.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Fernando Rodríguez & Serxio Suárez (Posonejro).

Xefe de Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscricións:
Lola Fernández Puga
subs.anosaterra@terra.es

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración:
Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo.
Apartado 1371. 36200 Vigo
Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:
Redacción:
986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.
Correo Electrónico:
info@anosaterra.com
Administración, Subscricións e Publicidade:
986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977 .

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior

de pases especiais. O servicio de seguridade de Aznar xa puxera de patas arriba toda a organización do PPdG, pechando accesos e prohibindo a entrada, mesmo a directores xerais e xornalistas, a onde lles tiñan reservado aparcamento. Todo para que Aznar chegase cómodo e en solitario pola entrada principal.

¿Quen estaba na carpa Vip? Os altos cargos do PP. ¿Quen eran? A dirección, deputados, senadores e convidados de Madrid. ¿Son os alcaldes altos cargos? Según. Un matrimonio de Crecente discutía se alí estaría o seu alcalde. O home teimaba que non. A muller en que sí, que o alcalde era un "grande xefe do PP". Escolléronnos a nós como árbitros. Non sabemos porqué, decidimos mandalos á carpa de Pontevedra. Mágoa se, pola nosa culpa, quedaron sen xantar.

Pior o tiñan os de Lugo, que era a provincia máis mal organizada, sen sequera carpa propia. Nas demáis destacaba a de Pontevedra que tiña tanto espacio como todas as demais xuntas. Sería por eso polo que moitos se colaban alí e víronse na obriga de amonestar desde a megafonía aos que non tiñan bonos: "non queremos problemas, así que se levantan non os haberá". Ao seu carón, o toldo da Estrada (por algo Palmou é de alí, e alí levou a Javier Arenas de visita) semellaba tamén unha provincia. Os de Vedra resgardábanse á súa beira. E os da Coruña eran os máis animados. *Os Charangos* só deixaron de tocar durante os discursos.

Pouco fervor

Non houbo moita animación nos discursos. Só cinco bandeiras pequeniñas do PP se axitaban algunha vez. O que alí dicían semellaba non ir moito co público presente. ¿Botaría en falla as encendidas soflamas galeguistas de Cuíña? Por certo, ¿onde andaba Pepe Cuíña?, perguntábanse os xornalistas. E Cuíña curricaba por alí, entre a xente, case sen deixarse ver, coma se a festa non fose moito con el.

O público só aplausou de gañas en dúas ocasións a Aznar. Cando afirmou que ían gañar as eleccións, e cando prometeu que acabaría coa inseguridade cidadana.

—"Moi ben, porque imos xa moi vellos e non podemos defendernos", –comentou en voz alta unha muller entre o público.

Pero os militantes do PP non están tan afeitos a mitins, como a consignas e, sobre todo, gostan do contacto directo.

"Mira, mira, Raxoi. Que alto che é ese home. O Rei aínda é máis alto. E o fillo do Rei, aínda máis. Máis aínda é o xenro. Si, muller o que está malo, o home da filla maior"..., parolaban dúas mulleres.

Ao seu carón, un home duns cincuenta anos, co alento cheirándolle xa a festa, berrou:

—"Hala, machote. Ti serás o noso presidente". ¿Porque é alto?, perguntámoslle. "Non, carallo, a min que máis me da. Porque é galego".

Ese sentimento de ser galegos é o que pervive aínda do Monte Faro, pero non apareceu no Monte do Gozo. Baltar nin sequera tocou o saxofón. Tampouco se atreveu ninguén a cantar o himno galego co que rematou o acto.♦

Aznar foi o gran protagonista dunha xornada na que recibia bicos e honores "militares" por parte dos gaiteiros.

Os candidatos das cidades e responsábeis do PP subiron ao palco ao final do mitin para saúdar o público.

O PP marca como obxectivo a 'reconquista das cidades' ante un público maioritariamente rural

Pouca Galiza, moita España e aínda máis mensaxes belicistas. Así se podería resumir a intervención de Aznar no Monte do Gozo. Fraga, pola contra, fixou as prioridades do PPdG: reconquistar as alcaldías das cidades. Palmou marcou a liña a seguir na campaña. A festa era o aturuxo de saída.

Hai só un ano que Fraga Iribarne desexaba en público a "extinción do Bloque". Agora fixou "un desafío determinante para todos": conquistar as "sete inmortais cidades galegas". Para logralo, non só está disposto a recorrer ao Apóstol Santiago, senón ao BNG co que pretende chegar a un acordo para que goberne a lista máis votada.

Por iso Fraga renuncia a unha das súas principais armas empregadas en anteriores eleccións: a satanización do Bloque. E para non quedar no intento, tamén lles demanda aos seus "esquecer discusións pequenas, familiares, ou intereses particulares". Fíxoo en dúas ocasións para que quedase claro cales eran as prioridades, conminándoos a aparcar calquer debate sucesorio ou poxa polo poder.

Fraga, posto xa a centrarse no principal obxectivo, xibarizou ante Aznar as súas demandas da reforma da Constitución e da presencia da Xunta na UE. Limitouse a unha declaración xeral para demostrar que non se esquecera: "temos unha boa base para que Galiza, unha vez máis, reclame o xusto equilibrio do Estado das autonomías". Aznar respostoulle coas loas á súa persoa e co silencio ás súas demandas.

Porque Aznar ao que viña era a falar da guerra contra Iraq e da necesidade de estar ao lado de Bush que, esta vez, non o chamou por teléfono como na festa do ano pasado. Ao mesmo tempo, aproveitaba para arremeter contra o socialista Rodríguez Zapatero, "pola súa incapacidade de artellar propostas". Os socialistas, para Aznar, son agora os do non.

Aznar ironizou, como el só sabe facelo, sobre a política que seguían os socialistas, deixando que falaran primeiro o Reino Unido, Francia e Alemaña, antes de pronunciarse. "Agora nós non agardamos, e niso consiste o liderazgo", afirmou. O camareiro dun dos bares, que non debía ser moito do PP, tamén decidiu ironizar connosco: "é certo, agora Aznar só agarda a que fale Bush".

O apoio aos EE UU

O presidente do Goberno español ata chegou a avisar en ton ameazante que o que non se poña ao lado dos EE UU "vaino lamentar". O tempo que lle restou de xustificar a súa política proamericana e desprezar a Zapatero pola súa falta de valentía ao non apoiala, consumiuno (cinco minutos) en describirnos unha Galiza marabillosa gobernada por Fraga na que, por suposto, o propio Aznar ten un protagonismo decisivo como presidente do "Goberno amigo". Só existe unha mágoa: o PP unicamente goberna na cidade de Ourense. Para a reconquista chamou ás mulleres. Por iso levan tres candidatas por ningunha dos socialistas: "tres a cero", dixo.

¿Como vai ser esa campaña "capital"? Xesus Palmou, nun perfecto bilingüísmo que alternaba en cada frase o galego co español, explicouno claramente. O BNG esta "desnortado" e "fraccionado", ten un discurso "contraditorio" e quer unha Galiza "pechada". Este ano non foi máis alá. Na diana do PP aparecen os socialistas como os enemigos máis directos, porque as municipais son a antesá das eleccións xerais. Así, acusou aos socialistas non só de usar o diálogo institucional de xeito partidista, senón de ser "incapaces de artellar propostas razonabeis e intelixíbeis". "Non teñen política, andan a bandazos", acusou Palmou, entre uns aplausos que só se oirían tan fortes cando Aznar afirmou que ía gañar por maioría.

Era patente que os militantes do PPdG están preparados para a carreira eleitoral. Pero na festa non estaban os militantes das cidades. A composición social dos participantes tiña moi pouco que ver co último congreso do PPdG.♦

Nº 1.048 ● Do 19 ao 25 de setembro de 2002 ● Ano XXV

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis"
Felipe González

Unha pequena investigación realizada en Estados Unidos mostra a tendencia entre grandes homes de negocios a pagar a mulleres para que os dominen sexualmente e sobre todo para que os **azouten**.

O máis curioso da relación entre Otegi e Aznar é que ambos se insultan coas mesmas palabras. Un e outro califícanse reciprocamente de nazi e fascista. Parece que aquelo de roxo e seperatista, tan socorrido noutros tempos, non serve **agora**.

David Mera Comesaña, actual Mister Coruña, laméntase de que todos os Mister España elexidos ata agora señan **morenos**. El é tirando a loiro e, por este motivo, vese con poucas posibilidades.

Caridad Falagán, empresaria da noite viguesa, de nome artístico Karina Fálagan, ven de informarnos, a través de Radio Vigo-Cadea Ser, de que se cadra lle dá o seu apoio "ao **xuíz** [o candidato

Sementar galeguidade e máis fe, tal é a mensaxe: Rumores de boa nova óense nesta Romaxe.

ANA PILLADO

Cinco lustros dunha Romaxe Galeguista e Cristiá

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Un aniversario do cristianismo inculturador. Celébrase a romaxe de crentes galegos e tamén seiscentos números de *Irimia*, ducias de encontros nos "Cruceiros" e as "Irimianzas", na "Festa do Lume", nos "Sábados Bíblicos", nos "Foro Relixión e Cultura en Galiza", ...

Nunha ocasión dixera Chao Rego cunha fachenda cargada de moi san bo humor: "Breogán non esperaba tanto da Igrexa galega como o que conseguiu a Romaxe". E eu comentaba estas verbas nun libro sobre a Romaxe (*A Romaxe de Crentes Galegos. De Irimia a Santa Margarida*, 1998), escribindo que se isto parece excesivo, é evidente a importancia da "Romaxe de Crentes Galegos" e o movemento *Irimia* non só na moderna historia da Igrexa Galega, senón na mesma historia recente de Galiza, a pesar de ser tan ignorada polo poder civil e eclesiástico, e mesmo repetidamente vituperada por este último. Porque mal que lles pese a algúns, como dicía Rosalía desde unha portada da revista *Irimia*: "Galicia é máis Galicia con Irimia que sen ela. Irimia vento de vida que avivece a nosa Terra" (nº 300, 1988). Desde as páxinas de *A Nosa Terra* víase hai anos a Romaxe e o movemento de Irimia como un espacio privilexiado para o encontro necesario entre o galeguismo e o cristianismo. Torres Queiruga sentenciaba naquela ocasión que "Xa non somos o minoritarios que eramos, pero aínda non somos o que deberíamos ser"; e Chao Rego dicía o por que: "Vendemos produtos moi difíciles de vender pola negatividade inculcada: o feito galego e o tipo de Igrexa profética que vai contra o establecido" (*A Nosa Terra*, nº 691, 1995).

O sábado 14 de setembro reviviamos todo isto na XXV Romaxe, no piñeiral de Camposancos, preto da Guarda, simultaneamente ao pé do mar e de Portugal. A catedrática Pilar Vázquez Cuesta comentábame alí que estaba como alucinada, nunca participara nunha Romaxe, e isto parecíalle verdadeiramente asombroso: "Non coñezo un encontro igual, polo talante galeguista e utópico".

Como cada ano desde había máis de dúas décadas, moitos reviviamos este sentimento cristiá e galeguista na cita fiel da Romaxe, con artigo determinado, pois *a Romaxe* non é unha máis das mil romarias galegas. Pero este ano a cita tiña unha particular emoción, por tratarse dunha edición simbólica: os vintecinco anos, as vodas de prata. E lembrabamos o camiño feito "desde a Serra de Meira á Guarda mareira", desde as fontes do Pater Minius, no pedregal de Irimia, onde fora a primeira o 16 de Setembro de 1978, ata o remate do Miño na raia galaico-portuguesa. Dende o nacemento ata a desembocadura, desde a principo á fin do simbólico río que representa a Galiza enteira. "O Miño non separa" nin "se para", cantáramos hai anos preto deste lugar, no monte Aloia, na VI Romaxe, na que presidira

Continúa na páxina seguinte

Cartas

A Conselleria de Educación puntualiza

Ante a información aparecida no pasado número de *A Nosa Terra*, do 12 ó 18 de setembro, no que se afirma que a Xunta de Galicia carece de cursos para inmigrantes, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quere aclarar algúns puntos, xa que o titular pode levar a pensar que desde este departamento se segue unha política educativa discriminatoria, cousa que de seguro non é así.

Coa finalidade de que tódolos cidadáns de Galicia, incluídos os que proceden doutros países, teñan a posibilidade de aumentar -ou iniciar, segundo o caso- o coñecemento e o dominio dos distintos rexistros da lingua propia de Galicia fanse convocatorias anuais dirixidas a adultos de todo tipo de colectivos.

Estas convocatorias son abertas e aténdense tódalas solicitudes presentadas, non existindo posibilidade de exclusións; xa que logo, acéptanse tódalas demandas. De feito, nos últimos seis anos realizáronse 2.657 cursos, ós que asistiron 70.073 alumnos.

Por outra parte, e en referencia ós datos que aparecen sobre Cataluña e a diferencia entre as dúas comunidades autónomas, as cifras sobre inmigración permiten analiza-la evolución da entrada de inmigrantes en Galicia no período 1996/01 en comparación con outras comunidades. Neste senso, no ano 1996 había 17.615 estranxeiros residindo legalmente en Galicia, o que supoñía o 3,2% do total estatal, lonxe das porcentaxes que ostentaba Cataluña, que neses momentos soportaba o 21,1% do total de España.

Polo que atinxe ós datos do ano 2001 abondan máis nesta desproporción, xa que o número de residentes estranxeiros en Galicia é de 25.612, cunha porcentaxe do 2,39% por debaixo da acadada no ano 1996; mentres que en Cataluña os residentes son 280.167, un 30,31% do total estatal.

A Consellería de Educación considera que as situacións son ben distintas, que non poden te-lo mesmo tratamento, coa particularidade de que na Comunidade Autónoma de Galicia, non se perciben situacións discriminatorias en canto á incorporación ó noso idioma.

Desde as institucións, estanse dedicando esforzos á integración destes colectivos na sociedade galega, non só polo interese da normalización da vida das persoas que veñen doutros países e culturas a traballar e a vivir en Galicia, senón tamén co desexo de impulsar e promover políticas para favorecela igualdade de oportunidades e a convivencia na diferencia.♦

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
GABINETE DE COMUNICACIÓN

Indignación

Como lector de ANT quero amosar a miña indignación polos vieiros tomados por esta publicacións que sempre quixemos e apreciamos, como unha alternativa á uniformidade do resto dos medios. Poño por caso que o semanario adique páxinas enteiras á visita dese persoeiro español de todos coñecido a Galiza para ver a súa embarcación, a Javito, á voda de Aznar, á fichaxe de Ronaldo no máis puro estilo Hola-Marca,... Mais a miña indignación (compartida con outros) rachou xa cando, dentro do número de ANT, incluía publicidade de Sogama e no seguinte facíase un panexírico bucólico-pastoril dos vixiantes do lume que mesmo podía asinar Carlos del Álamo, despois dun terríbel ano no que o país ficou diezmado pola nefasta política da Xunta. Diste xeito non paga a pena seguir facendo país.♦

ANXO MOURE MOSQUEIRA
(GARABELOS-MARIZ-CHANTADA)

Pesca galega e UE

A pesca galega está de capa caida dende hai moito tempo. A maioría dos nosos mariñeiros están faenando a bordo de buques de bandeira de conveniencia ou "piratas" do mar, sin ningún tipo de coberturas sociais. Agora á Comisión de Pesca da Unión Europea ocurreselle facer unha proposta de eliminación das axudas para novas construccións é mantelas únicamente para o desguace de máis buques.

O paradóxico de toda ésta situación é que tanto o goberno español, a Xunta de Galicia é incluso a propia Unión Europea mantiña un paquete importante de axudas económicas para a construción de buques novos alegando, entre outras cousas, a necesaria modernización da flota para a mellora das condicións de traballo a bordo. Agora quérese reducir o esforzo pesqueiro entre un 30 é 60 por cento, dando prioridade á redución da flota e unicamente recoñecendo axudas económicas para a modernización e renovación por motivos de seguridade.

Vén da páxina anterior

a eucaristía o venerábel Padre Seixas. Agora, no piñeiral de Camposancos vivíamos, como fixéramos noutras ocasións, o encontro entre a Meiga (Galiza) e o Frade (a Igrexa); é dicir Galiza, ou mellor, a galeguidade, coa súa historia clandestina, e a fe cristiá e galeguista cunha historia de catacumba.

O lema deste ano era humilde e esperanzado: "Rumores de boa nova": "Rumores de boa nova/ resoan aquí/ e o abaneo dos piñeiros/ proclama que si", comezábase cantando na celebración. Rumores de esperanza por unha Igrexa galega, libre e profética, adulta e liberada, co espírito liberador do Nazareno. Non fai falla ser moi aleuto para atopar a relación cos rumorosos do Himno galego e o esperanzador berro "¡Esperta do teu sono fogar de Breogán!", aínda que os politicamente correctos digan que é un berro trasnoitado, pois Galiza xa vai "moi bien", como dicía un rapaz non moi acabado. Tamén ocorre coa Romaxe que "os bos e xenerosos a nosa voz entenden"; aínda que, por aquelo da mansedume e a humildade cristiá, un non se atreva a engadir, coma Pondal, que "os féridos e duros, imbéciles e escuros non nos entenden, non", pero...

Estiveron presentes na celebración, xunto cos miles romeiros, os profetas bíblicos Elías e Isaías co evanxelista Mateo, e tamén as verbas dos poetas Pimentel e Cabanillas; figuras galegas coma o mártir Prisciliano, a monxa Exeria e Rosalía, sen esquecer o irmandiño Roi Xordo cos seus berros "¡Deus fratresque Gallaeciae!" e "¡Zóscalle domina terrorum!"; non faltaron palabras moi críticas para Pardo de Cela, o mitificado Mariscal de quen alí se dixo que "non merece nin a auga que bebía", pola represión sanguiñenta dos irmandiños. Tamén escoitamos a Basilio Álvarez, co seu berro contra "os señoritos descastados, as ratas de casino e os facendeiros e foristas nugalláns"; e non se esqueceu na lembranza a Bóveda e Castelao. Na celebración escoitamos dos "rumores que van no medio da historia, empuxándoa, redimíndoa do mal", coma unha brisa maina de Deus. Son rumores de Deus na historia, rumores de esperanza e de xustiza, rumores de xente de xente sinxela, traballadora e festeira a un tempo.

En fin, na XXV Romaxe brindouse polos perseguidos por pensar, por crear e por crer, polos que viven sementando pobo, polos que renaceron a unha fe encarnada, feita carne coa identidade do pobo. E brindouse ao xeito de Xesús, por iso, no puido faltar na celebración a memoria da eucaristía, a da presencia viva de Xesús no sacramento: "Tomade e comede, isto é o meu corpo desfeito por vós... o meu sangue vertido por todas e todos".

A presencia do sacramento eucarístico foi sempre un dos puntos máis conflitivos que tivo a Romaxe coa xerarquía eclesiástica e o que lle mereceu as meirandes censuras canónicas por unha presunta falla de respeito e un presunto maltrato da eucaristía ¡Como se non fora máis maltratado o sacramento en tantas Misas mercenarias das romarías, misas dominicais, diarias e funerarias!

> '**A** Romaxe é festa compartida, celebración esperanzada e *memoriada*"

A Romaxe é festa compartida, celebración esperanzada e *memoriada*. O compartir faise na celebración mediada mañá, a "Misa de doce" que é o momento máis importante do encontro, pero tamén na comida e na festa popular, na longa viaxe en autobús coas respectivas comunidades... o compatir está presente todo o día, e mesmo nas acampadas desde a véspera. Na Romaxe véñense escoitando desde hai vintecinco anos rumores de boa nova e de Boa Nova (o *Euangelion* cristián); desde o planeta Irimia espállanse rumores pola terra galega, rumores de fe na Galiza, na capacidade do pobo galego, no Deus creador e liberador, "Argalleiro de utopías", que alenta a teimosía dos utópicos.

E antes de rematar, non é ocioso lembrar que son vintecinco Romaxes, pero tamén máis de seiscentos número da revista *Irimia*, dos folletos e libros de Angueira, das ducias de encontros xenerosos e creativos nos "Cruceiros" e as "Irimianzas", na "Festa do Lume", nos "Sábados Bíblicos", nos "Foro Relixión e Cultura en Galiza", nas acampadas da mocidade, nos cursiños e os retiros para reflexionar, orar e celebrar... Son miles de horas de encontro e moitos máis miles de vínculos entre persoas; de comunidade, amizade, gratuidade, esperanza, fidelidade e amor á terra, de alento da utopía, da capacidade de resistencia e de gañas de vivir... ¡Moita vida regalada!♦

Xosé Lois

Correo electrónico: info@anosaterra.com

"Hostias democráticas"

Os nosos mariñeiros, principalmente de portos como Riveira, están bastante molestos pola pouca seriedade da proposta lanzada públicamente por parte da Comisión de Pesca da Unión Europea. Non se comprende como se pode afirmar que as medidas que se poderían adoptar, a corto prazo, serían para axudar os pescadores profesionais, pois sin unha maior protección real dos recursos non van a ter futuro. Xa o futuro da pesca galega era negro é por encima estas caralladas. A protección dos recursos xa viña sendo unha demanda de moitas Confrarías e agrupacións de produtores e a Consellería de Pesca da Xunta de Galicia estaba artellando as medidas pertinentes a traveso do diálogo cos diferentes sectores.

O porto de Riveira estaba acollendo, nos últimos meses, unha serie de embarcacións de arrastre de nova construción que agora teñen un futuro incerto así como as embarcacións artesanais que según parece fan un dano maior a plataforma pesqueira que os propios buques factoria que engulen todo tipo de peixe para fariña. Dende logo que parbadas temos que escoitar do comisario da comisión de pesca da U.E.♦

Xosé Manuel Pena
(Ribeira)

Hai uns vintecinco anos tocoume pasar dez días na, tristemente, famosa Dirección General de Seguridad. Daquela, no que se denominaba coloquialmente como un hábil interrogatorio, un axente coñecido co alcume de *Billy el Niño*, entre pregunta e pregunta e para axudarme a memorizar, díxome: "*ves, esto son hostias democráticas*". Frase que me quedou moi gravada; pois na realidade, naquel cenario, o maltratador era o demócrata, segundo os cánones da lexislación estatal en vigor, e eu, aínda mozo, era o rebelde antidemocráta. Aquel interrogatorio puidera non ser unha situación correcta, segundo a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, mais era totalmente legal. Democrático e legal.

Acontecementos actuais fanme lembrar a contundencia e a pervivencia daquela frase. Unha recente sesión das Cortes do Estado asemellábase moito ás Cortes franquistas, a Botella xa se transformou na Colares, un intelectualmente pobre discurso oficial "ou conmigo ou contra min", ata o maniqueo eixo do mal e os bos.

Cada vez máis a realidade política do Estado camiña cara novos episodios de *hostias democráticas*; lexíslase *ad hoc* sacrificando liberdades; discrepar é sinónimo de sospeitoso, cando non culpábel ata que se demostre o contrario e só a submisión ao ditado dos Aznares de turno é ben recibida e, por suposto, ben publicada.

Da España en branco e negro pasamos a outra en cor máis mantendo o sabor barolento e casposo. Enganan ao persoal facendo ver que a serie TV *Cuéntame lo que pasó* é unha cousa do pasado cando con pór os telexornais actuais abonda para recuperar esa España cutre. Cambiamos o *Benvido Mr. Marshall* polo *o que Vostede ordene Sr. Bush*. Se acaso unha diferencia co pasado, agora o PSOE non existe, en política de Estado só é unha filial do PP.♦

Fernando Blanco Parga
(As Pontes)

P | R | E | S | E | N | T | A | C | I | Ó | N
EN
FOZ
DE
"CARTAFOL DO BARBANZA"
DE EDICIÓNS A NOSA TERRA

VENRES 20 DE SETEMBRO ÁS 20:30 HORAS
NA CASA DA CULTURA "POETA MANUEL MARÍA"
COA INTERVENCIÓN DE
XOÁN CARLOS BASANTA,
Presidente da A.C. *A Pomba do Arco*,
ANTÓN RIVEIRO COELLO,
autor do volume.

do PSOE á alcaldía, Ventura Pérez Mariño] que foi o único que se puxo en contacto conmigo".

O salario do director xeral do Fondo Monetario Internacional, Horst Köhler, é de 398.636 euros ao ano (incluídos gastos), é dicir algo máis de **66** millóns de pesetas.

Os últimos números da economía internacional indican que a globalización foi en retroceso no último ano en todo o mundo. Os investimentos internacionais retraéronse en practicamente todos os paises. Só hai un que destacou sobre todos captando capital estranxeiro: **China**.

Unha das persoas máis citadas por Garzón no seu documento de probas contra Batasuna é Francisco Letamendía, deputado por Euskadiko Ezquerra na transición, e hoxe profesor da Universidade Vasca. Letamendía é acusado polo superxuíz de participar en mitins e manifestacións de apoio a ETA en 1976, dous anos antes de que se **fundase HB**. ♦

Nº 1.048 ● Do 19 ao 25 de setembro de 2002 ● Ano XXV

Confidencias

BIEITO IGLESIAS

Hai reservas de varia caste: reservas internacionais (medios de pago dun país), reserva mental, policial, natural, eucarística (hostias gardadas nun tabernáculo) e india, esa especie de parque temático onde os norteamericanos poden fotografar espectros de Cochise, de Xerónimo ou Touro Sentado. Nunha destas disneylandias moran os navahos, seres hiperbóreos orixinarios das paraxes subárticas do Canadá que emigraron no século XIV ós territorios de Novo México e Arizona. Alí se volveron agricultores e ceramistas sedentarios, incluso ourives por contacto cos mexicanos. Todo isto antes de sentir a corneta do Sétimo de Cabalería. A principios do XX –adquiriron a plena cidadanía USA en 1924– eran castigados polos mestres de escola se lles daba por baduar na súa fala ágrafa e selvaxe (levaban hostias dese tabernáculo que, por eufemismo, chaman aculturación) en vez de latricar en civilizado e imperioso inglés. Teimaron no idioma chimarrón e, na altura da segunda guerra mundial, aínda preferían o eco dos coutos penedíos, dos desfiladeiros e desertos de terra vermella, á declamación de tiradas de Shakespeare. Os marines reclamaron os seus servicios pra burlar ós xaponeses, que interceptaban as comunicaciós ianquis no Pacífico pero non acertarían a descifrar a lingua confidencial daqueles código-falantes. Agora, de vellos venerandos, Bush decidiu condecoralos e Hollywood filmar unha película de bélicas empresas en honra dos herois navahos. Quizais os tercios hispanos, inquietos ultimamente pola posibilidade dunha guerrillada en defensa das prazas do norte de África, deberían financiar as ikastolas.

O galego tamén é, ¡cantas veces!, unha lingua secreta (léase a Xesús González Gómez); e mesmo o portugués, como lles consta ós turistas lusitanos de visita en San Pedro do Vaticano, que teñen que valerse de cicerones en español.♦

EN PRIMEIRA ALLEA

Miguel Herrero de Miñón

*Herrero de Miñón di que deben ser os **vascos** os que **decidan***

Miguel Herrero de Miñón, ponente da Constitución de 1978 e portavoz da dereita no Congreso hai máis dunha década ofrece en *La Opinión de A Coruña* (15 de setembro) as súas opinións sobre a situación do País Vasco. Ao ser preguntado sobre a súa polémica intervención na Comisión de Autogoberno do Parlamento Vasco responde: "o que eu non me explico é cómo os que critican o uso da violencia como argumento non apoian unha comisión cuxo obxectivo é o debate pacífico". Herrero sinala que o "Estatuto autonómico do País Vasco de 1979 non está cumprido, o cal resulta incomprensíbel despois dos anos que pasaron".

"Debe ser o povo basco o que decida o seu rumbo -opina tamén-. Cando un povo, como é o caso, ten conciencia de si, ¿debe ser outro quen decida por el? Se ninguén nega a sustantividade do País Vasco, ¿cómo negarlle o dereito de decidir o seu futuro?".

Sobre as últimas eleccións autonómicas vascas, Herrero de Miñón opina que "foron formuladas como un plebiscito e saiu unha maioría nacionalista clara; é innegábel e non ten sentido negarase agora a oir o resultado. Agora ben, esa maioría non ten por qué ser necesariamente independentista; non todo nacionalismo é de corte independentista, aínda que de tanto tratar de asocialo algúns corren o risco de que se acabe cumprindo a profecía".

O constitucionalista considera que "fai falta moita máis negociación, debater e falar sen condicións previas, de modo ilimitado... O diálogo exclúe o improperio e tamén os disparos". A respecto das recentes medidas tomadas contra Batasuna xulga que "se o que se busca é o abafo económico de ETA, o camiño é errado porque o funcionamento das financiacións é habitualmente o inverso: son as ramas terroristas as que financian os seus brazos políticos".

Ao ser preguntado se teme un recrudecemento da violencia, responde: "**Aznar** parece que si, porque falou da necesidade de facer novos sacrificios".♦

*Un ex-membro de **Basta ya** dubida da oportunidade de **ilegalizar** HB*

David Acevedo, xornalista e impulsor durante cinco anos do colectivo *Unidos por la libertad*, que representou a Galiza na plataforma *Basta ya*, recoñece que do Espíritu de Ermua xa non queda nada, "en parte porque o terrorismo é utilizado politicamente".

A Acebedo, que non pertenece a ningún partido e por iso afirma poder "falar libremente", parécelle intolerábel que "**Josu Ternera** pode pertencer a unha Comisión de Dereitos Humanos", pero dubida de que "se logre algo coa ilegalización de HB". (*Atlántico*, 15 de setembro).♦



Miguel Font.

*O **feismo** non é culpa dos **paisanos**, segundo un promotor*

Miguel Font, xerente da Asociación de Promotores Inmobiliarios de Vigo, Pontevedra e outros municipios (APROIN) afirma que unha das cousas que afean o entorno é "a maraña de cables aéreos que inzan Galicia". "Ese é o auténtico feismo -di- e non se debe aos paisanos, senón ás compañías suministradoras de servizos". (*Atlántico*, 15 de setembro).♦

*Bush considera que a **lixivia** é unha arma **perigosa***

El País (13 de setembro) publica un artigo titulado "As probas de **Bush**". No mesmo dase a coñecer un documento da Casa Blanca no que se afirma que "Iraq continúa reconstruindo e ampliando as súas instalacións de doble uso, que rapidaemente poderían converterse en fábricas de armamento, como son as plantas de producción de clorine e fenol". A incorrecta traducción do inglés oculta que "clorine" significa lixivia. Coa lixivia non se pode obviamente producir armamento, aínda que si é necesaria para a desinfección en zonas onde a rede de esgotos foi danada polos bombardeos. Pola súa parte, o fenol utilízase na producción de fármacos (como a aspirina) e de insecticidas, necesarios tamén tras a destrucción de fábricas e terreos agrícolas na pasada guerra do Golfo.♦

Georges Bush.

*O Ministerio de **Interior** é quen **manda**, segundo Letamendía*

O profesor vasco **Francisco Letamendía** sostén que "os autos do Xulgado de Instrucción nº 5 da Audiencia Nacional convértense no libreto de operacións que afectan ao nervio político do país; como o xuíz elabora os seus autos a partir dos informes da Unidade Central de Intelixencia da Policia Nacional, é finalmente o Ministerio do Interior español quen decide que actividades serán permitidas e cales prohibidas neste povo. A ilegalización decidiuse contra a vontade expresada democraticamente no Parlamento de Gasteiz polos partidos do tripartito; pero é o Goberno vasco a quen corresponde executar as decisións dos tres poderes centrais, en ocasións mediante a Ertzaintza. O obxectivo buscado polo Goberno **Aznar** é diáfano. Prívase de representación electoral mediante a ilegalización de Batasuna aos seus votantes; pero ao mesmo tempo obrígase ao Goberno vasco a actuar dun modo inaceptábel para estes, manténdoos así na abstención. Dese modo quérese propiciar o triunfo electoral dos estatalistas na Comunidade Autónoma que deixado ao libre xogo das vontades non é aventurado calificar de inviábel" (*Deia,* 16 de setembro).♦

Francisco Letamendia.

Latexos

Grandes mutacións

X.L. FRANCO GRANDE

As predicción sobre a despoboación do país galego son de tal gravidade que chama a atención que non se abra un debate en Galicia; ou que a oposición non esixa contas ó Goberno do mal que o está facendo e sinale, á par, algo do que se pode facer, que non sexa a recente lixeireza de substituír por inmigrantes ás xentes que se van –outra maneira, esta inédita, de contribuír á destrucción do país–; e menos aínda se comprende que este tema non encha as páxinas dos nosos xornais e non baixen a elas técnicos que poden explicarnos ós demais o que está pasando e como se pode atallar.

O Goberno é o primeiro en calar. Sabe que non hai que remexe-las cousas, pois ben que lle vai: ese país que está contribuíndo a destruír –ironías da vida– é o que masivamente o vota. Un non entende moi ben que é o que agradece ó seu goberno, pero algo será. E a oposición non se ve que propoña ningún plan, que nos dea algunha esperanza a esa morte colectiva que estamos vivindo e que, de seguir así as cousas, moitos imos ver.

Nin se soubo, nin se quixo, encamiña-lo éxodo rural, que ten dúas orixes: unha non traumática, a que se podería chamar normal nun país industrializado, e outra ben patolóxica, cal é o abandono masivo de terras, que quedan a monte, porque ningunha esperanza, ningunha posibilidade, ningún porvir de supervivencia poden te-los seus habitantes. Isto último é un dos dramas que estamos vivindo xa e que pode que se precipite en moi poucos anos.

Un non entende moi ben como poden vivir ben países como Dinamarca ou Holanda, ou como a Bretaña, ou aínda máis pobres, como Normandía, e Galicia, polo que se ve, ten que desaparecer. Un tampouco entende como estes pequenos países chegaron a un equilibrio xusto de poboación urbana e rural, de desenvolvemento agrario e industrial, e aquí nin de lonxe podemos pensar en algo semellante. Serán máis intelixentes, digo eu. Ou terán mellores políticos, se cadra.

Ó mellor é que nós non nos decatamos das acaídas medidas adoptadas polo noso Goberno, nin tampouco das anovadoras ideas achegadas pola oposición. Sería bo que uns e outros nos expliquen por que teñen dado tan mal resultado.♦

Mália que os *populares* pretenden acordos cos nacionalistas

O BNG descarta pactos postelectorais co PP

A.N.T.

Os posíbeis pactos forman parte sustancial das estratexias eleitorais. Os comicios municipais próximos son diferentes, neste senso, aos de hai catro anos pola mellor relación BNG-PP. Pero pouco vai mudar no día despois.

Xosé M. Beiras, portavoz nacional do BNG, e Xesús Palmou, secretario xeral do PPdG.

No BNG afirman telo moi claro: rexeitan calquer pacto post eleitoral co PP. Así o aprobaron na última Asemblea Nacional. Algunhas declaracións puderon dar lugar a engano. "Son interpretacións interesadas tiradas de contexto", afirman na dirección nacionalista referíndose ás realizadas por Xosé Manuel Beiras nunha emisora de Compostela

O propio Beiras explica que o BNG "ten unha postura moi clara: é a antítese do PP e así o está a demostrar constantemente". Pero, tanto el coma os demais dirixentes, néganse a formular eununciados explícitos sobre os pactos.

"O BNG supeditará os pactos de goberno que poda adoptar despois das municipais a que garantan a gobernabilidade e a estabilidade dos axuntamentos", afirma Beiras.

Ata aquelas datas o BNG asegura pretender "que os cidadáns teñan claro o balance da xestión municipal que realizamos, con proxectos de cidade que non existían e cos planos de futuro que ofrece", segundo o seu portavoz nacional.

O cambio do BNG a respeito de hai catro anos dase en que xa non formula a alianza co PSdG-PSOE como cuestión prioritaria para desbancar ao PP. "Agora estamos en situación de facelo nós sós nas cidades". ¿E onde non podan? Os nacionalistas están dispostos a pactar co PSdG-PSOE, pero esixiranlle o respeto a un programa concreto e a lealdade que consideran que os socialistas non tiveron cos seus alcaldes, ao contrario do que tería acontecido en Compostela e Lugo.

O PP non descarta acordos

Estas diferencias abren unha raiola de esperanza para o PP, que ten como prioridade a "reconquista das cidades". O secretario xeral dos populares galegos non descarta pactos posteleitorais co BNG, aínda que enfatiza que "a mellor relación existente na actualidade entre ambos non significa que cada un deixara de estar onde estaba".

No PP móstranse dispostos a chegar a un acordo para que o alcalde sexa o da lista máis votada nas cidades e a negociar logo o caso de axuntamentos concretos nos que poderían prestarlle o seu apoio aos nacionalistas.

Os socialistas, pola súa parte, pensan que os "pactos de progreso" vanse impoñer de novo despois das municipais, pois, afirma Pérez Touriño, "ninguén entendería outra postura tanto por parte do BNG coma do PSdG-PSOE". O secretario xeral dos socialistas galegos basea esta convición en que "os actuais acordos non só foron un éxito, aínda naquelas cidades máis problemáticas como Vigo, senón que se evidencian moito máis positivos que os gobernos do PP con maioría absoluta". Na dirección socialista láianse da postura de Carlos Príncipe en Vigo que desvirtuaría a lealdade dos socialistas para cos nacionalistas. "Príncipe non está dentro de catro anos", afirman.♦

Diálogo, a cantiga política deste verán

A. EIRÉ

Todo indica que ao PP lle interesa non só dar a imaxe de diálogo entre Fraga e Beiras, senón a de namoramento. Un amorio delingueiro, todo hai que decilo, pois foi ben pouco o parrafeo. De non ser así, un diario non tería anunciado en primeira páxina un "Acordo relámpago de Fraga con Beiras" para crear unha comisión dedicada a evaluar o gasto farmaceutico.

Desde o BNG négase o acordo e tamén calquer conversa de Fraga con Beiras ese día no Parlamento, afirmando que "toda esa película é pura inventiva".

Podendo entender as razóns persoais que pode ter Fraga para impulsar un clima de "cordialidade", o interese do PP é eminentemente político, como argumentou o presidente ante a dirección rexional. A teima dos *populares* é que BNG e PSdG-PSOE se distancien o suficiente para que non reediten os pactos municipais. Todo forma parte da estratexia de reconquistar as capitais.

A Beiras tampouco semella importarlle moito que se louben as súas relacións políticas con Fraga, extendéndoas incluso máis alá do que é o diálogo institucional. O portavoz de BNG matina que con esta estratexia, o BNG non só queda relativamente a recollido dos ataques e descalificacións como partido nacionalista (recórdese a postura de Fraga, contraria a outros líderes do PP, sobre a abstención do BNG na ilegalización de Batasuna) senón que aposta a que ese achegamente sirva para que se produza unha ósmose entre o electorado do PP e o do BNG.

Se estas non fosen suficientes razóns, ese *maís que diálogo* serviría, desde o punto de vista de Beiras, para abrir unha fenda entre o PPdG e o PP de Aznar de imprevisíbeis consecuencias. Ao mesmo tempo, resultaría un bó xeito de defender os sectores básicos da economía e da idiosincrasia galega, arrastrando na dinámica ao PP e á Xunta.

Pero a relación de Beiras con Fraga trae media atorada a unha parte da militancia nacionalista. Tras anos de "peste camusiana", pode parecerlle ben o "xantar do Vilas", pero non é capaz de dixerir o "postre de incienso" ao presidente.

Maior rechazo aínda semella producirlle a Pérez Touriño. A comezo da lexislatura non só disfrutaba de idéntica peana de escanos que o BNG, senón que deseñaba unha estratexia de relación con Fraga, na que os nacionalistas quedaban nas tebras bíblicas dos que se atopan fóra. Os seus chamamentos ao diálogo eran constantes.

O xantar do *Vilas* atragantóuselle a Touriño mesmo sen probalo. Comezou a denunciar a entente BNG-PP e a atacar aos nacionalistas, que deron un xiro na súa política e xa non consideran aos socialistas como socio necesario.

Touriño tratou de establecer de novo relacións con Fraga. Non optivo a resposta que agardaba. Así que a pasada semana anunciou que aprazaba *sine die* a comida á que tiña convidado ao presidente da Xunta, ao tempo que o acusaba de incumprir os acordos aos que chegaran.

O secretario xeral do PP, Xesús Palmou, entra na regueifa: "xa se sabe, Touriño, cada día di unha cousa". Tamén o acusa de "usar o diálogo de forma instrumental e partidista". Como guinda, afirma que está disposto a pactar co BNG.

Mentres tanto, o diálogo é a cantiga política de moda deste verán que rematou. Ata o coro de parlamentarios se sumou a el unánimemente despois de aprobar o rexeitamento á política pesqueira comunitaria. E todos queren máis. ¿Ollaremos os seus froitos máis alá do que deben ser as relacións de cordialidade habituais nun Parlamento? ♦

Imaxe do Consello Nacional do BNG electo na última asamblea da organización. PACO VILABARROS

Demandan 16 competencias máis que o Goberno vasco

Os nacionalistas piden un 'novo contrato' co Estado español

A. EIRÉ

O BNG pretende ir paso a paso na súa política soberanista. Agora propón un "novo contrato co Estado español" que represente "un marco de soberanía compartida" sen sobardar o actual Estatuto. Demandan 53 novas competencias para colocarse ao nivel das outras nacionalidades. Un segundo chanzo, sería o de reformar a Constitución.

O de reformar o Estatuto de Autonomía non semella hoxe por hoxe facerlle "tilín" ao BNG. Pensan que é moito mellor avanzar no autogoberno. Para iso non fai falta modificar o actual Estatuto senón que aposta por desenrolalo para dotar a Galiza de todas as posibilidades que nel se contemplan.

Así que os nacionalistas demandan 50 novas competencias, trece máis que o Goberno vasco, para pór a Galiza á altura das outras nacionalidades históricas.

Todas as que pretenden que asuma a Xunta permíteas o actual Estatuto de Autonomía e a Constitución. Entre elas, pídese que o goberno galego asuma a xestión íntegra dos fondos estruturais, que permitirían posuír unha maior autonomía financeira. Agora o Goberno central xestiona o 55% dos fondos.

Estas competencias son para os nacionalistas "a soleira mínima para un escenario futuro máis alá da Constitución". Ese sería o segundo paso no autogoberno. Para Xosé Manuel Beiras, "Galiza necesita institucións políticas soberanas propias que trascendan ao actual marco constitucional español". Aínda así, aclarou o voceiro nacionalista que o BNG traballa "con absoluta lealtade no actual marco constitucional e estatutario".

O BNG trata, deste xeito, de conxugar a actual política, para profundizar na autogoberno, definida como de "soberanía compartida", coas súas metas de futuro. Asumir as competencias plenas que otorga o Estatuto e a Constitución significaría realizar "un novo contrato do Goberno central", segundo Beiras. O BNG aposta polo "diálogo entre todas as partes" para acometer este proceso.

Pretenden que se "determine con eficacia o termo de competencia exclusiva para evitar a invasión do Estado". Para iso é imprescindíbel a reforma do Tribunal Constitucional para que non actúe desde "unha interpretación estatal do marco constitucional".

Pensan que o documento que vai aprobar o próximo sábado o Consello Nacional "ademais de ser unha aportación básica saber como darlle peso político a Galiza e aumentar a súa capacidade de decisión e planificación económica, vai pór sobre a mesa as propostas de cada quen para que se disipen as ambigüedades e as instrumentalizacións", en palabras de Alfredo Súarez Canal.♦

Novas competencias

Principais propostas

-Xestión íntegra dos fondos estruturais.
-Ensino: capacidade de decidir a articulación do sistema educativo.
-Língua: respeto e impulso por parte da administración do Estado.
-Pesca de baixura.
-Caixas de Aforros.
-Traballo e seguridade social.
-Portos de interese xeneral.
-Aeroportos.
-Policía autonómica.
-Confederación hidrográfica.
-Titularidade dos arquivos históricos.
-Determinación do réxime local de Galiza.
-Delimitación das demarcacións xudiciais.
-Cooperativas de crédito e valores.
-Centro de mercadurías.
-Fondo ocupacional.
-Traspaso das funcións de Enesa, (entidade estatal de seguros agrarios).♦

Presencia de Galiza nos órganos da UE

Proposta ao Parlamento Galego

■ **1º.** Galiza deberá ser unha circunscrición eleitoral nas eleiccións ao Parlamento Europeo cun mínimo de escanos atribuidos.

■ **2º.** Galiza ten que estar xa presente na delegación estatal dos Consellos de Ministros da UE, através dunha representación paritaria entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

-Galiza debería obstentar a representación en pesca, o sector lácteo e gandeiro de carne, a políta forestal e textil.

-En educación, sanidade, os transportes, a administración local, etc, estableceríase a representación no propio mecanismo de consulta previo articulado para a toma de decisións.

-Nas materias relativas á lingua e á cultura, o mecanismo de consulta previo e a representación das Comunidades circunscribiríase ás comunidades con idioma propio.

-Articularíase un mecanismo de presenza de Galiza na representación permanente de Bruxelas.

■ **3ª** Galiza debe contar coa xestión completa dos fondos europeus que veñan ao Estado e teñan Galiza como destinataria, particularmente dos fondos estruturais, articulando un convenio con esta finalidade.

■ **4º** Nos planos das políticas vinculantes para os estados que afecten a competencias exclusivas, de acordo co princípio de subsidiariedade, Galiza participará na súa elaboración e deberá de ter capacidade de aplicación e xestión das mesmas.

■ **5º** Nos estados nos que existan entidades territoriais con competencias exclusivas ou partilladas, articularase un mecanismo que garanta que cando se exerza a iniciativa lexislativa por calquer órgano da UE as comunidades con competencias teñan o mesmo papel que os estados.

■ **6º** Galiza debe ter dereito a apresentar directamente recursos perante o Tribunal Superior de Xustiza da UE. Na situación actual, deberíase artellar un mecanismo para que o goberno e o Parlamento galego podan presentar recursos através do Estado.

■ **7º** A estruturación e a aplicación directa das políticas da euro-rexión Galiza-Norte de Portugal, deberá de corresponderlle a Galiza nas políticas que afecten ao Estado español.

■ **8º** O recoñecimento do galego como lingua oficial da UE.♦

Vidas no límite

XOSÉ M. SARILLE

O fármaco que receben os enfermos de enfisema pulmonar hereditario chámase prolastina. Se deixa de administrarse, os pacientes perden progresivamente a capacidade respiratoria. De xeito irrecuperábel. Nesa situación atópanse a día de hoxe sesenta galegos e outras trescentas persoas do territorio do Estado español. Moitas viven en situacións gravísimas, cunha capacidade pulmonar de apenas o vinte por cento. A prolastina, un derivado de sangue, é moi cara; o prezo das doses supera os cincuenta mil euros anuais por persoa e o Ministerio de Sanidade aduce que Bayer, a empresa que posúe a patente mundial, non subministra a necesaria, ao parecer por falta de medios para producila.

Os pacientes quedaron sen ela en abril do ano pasado. Faltoulles de novo desde outubro até xaneiro e agora non a receben desde xullo. Administráronlla hai uns días aos que protestaron durante este tempo; quizás sexa casualidade, pero recibiron antes as doses os que se puxeron en contacto cos meios de información; os outros, moitos deles tratados desde Compostela, seguen aínda á espera do tratamento.

Os doentes argumentan que non é unha carencia de fabricación senón unha consecuencia do recorte no gasto social que practica a direita. O goberno español non estaría disposto, según eles, a pagar esa cantidade de diñeiro para un grupo de persoas extraordinariamente minoritario, sen importancia electoral nen colectiva.

O ministerio limítase a informar e atribúe a falta de existencias á multinacional alemana que tampouco estaría disposta a ceder a patente para fabricar un xenérico e abaratar os custos. Namentras, os afectados libran un verdadeiro contrarreloxio para conservar as súas vidas. Reúnense e falan, buscan apoios entre a maraña informativa, queren protagonismo na imprensa. Chaman ás portas dos xornais e das radios, estupefactos ante a actitude dos responsábeis sanitarios. O director xeral e a ministra permanecen ocultos, remisos a dar a cara, a aparecer ante a opinión pública cunha mensaxe clara e unha solución posíbel. Porque solución haina. Pasa por orzamentar a merca do fármaco e a meio prazo por forzar a Bayer a que venda os direitos e antepoña o ben común aos obxectivos contábeis.♦

A. PANARO

Emilio Pérez Touriño

'Hai que reformar a Constitución'

XAN CARBALLA

"O Estatuto debe reformarse despois de vinte anos. E tamén a Constitución para facer un verdadeiro Senado das autonomías. Aínda que teña que esperar a que haxa un goberno progresista en Galiza e en España, acabará facéndose", asegura o líder dos socialistas galegos, Emilio Pérez Touriño.

Hai uns meses lanzaron a idea dunha reforma do Estatuto de Autonomía. ¿Segue en pé esa proposta? ¿Por que agora?

É unha idea pensada e madura. Precisamos aprofundar e mellorar o autogoberno vistas estas dúas décadas de desenvolvemento autonómico e constitucional, porque sendo o balance moi positivo, a realidade ten mudado. Hai 20 anos non estaba presente a Unión Europea nin o seu actual proceso de construcción; hoxe tamén temos que dar unha nova resposta para que as comunidades autónomas podan participar na cogobernación de España, de maneira que haxa un foro político para que podan cooperar e debater. O pano de fondo da globalización da economía tamén provoca novas demandas: a educación, o emprego ou a vida familiar teñen novos desafíos, o aumento da autonomía local é unha demanda crecente... Ao facer balance da autonomía neste tempo temos razón para preocuparnos, porque algo non marcha ben cando a distancia en benestar e nivel de vida entre Europa e Galiza é sideral: estamos a 35 puntos. As alarmas saltan pola desertización e desequilibrio interior do país ou polo encollemento demográfico. A década Fraga culmina co pior desastre da historia contemporánea en termos de poboación, co país encolléndose. Hoxe temos menos ocupación que hai 10, 15 ou 20 anos.

O Goberno vasco fala tamén dunha posíbel reforma do seu Estatuto e igual din os cataláns que reivindican ata 88 competencias.

No que eu propoño tamén habería que tocar moitas teclas. Primeiro completar moitas leis que están por facer co actual nivel de autogoberno; despois estudar os límites do expansionismo das leis de bases que son potestade estatal e que terminan reducindo á mínima expresión as competencias galegas; tamén hai que estudar campos que debemos tomar baixo control, por exemplo desde as concas hidrográficas á xestión da rede aeroportuaria. Debemos activar posibilidades propias como o desenvolvemento dunha policia autonómica... Ninguén debe estar á defensiva ante esta proposta. Pero vexo ao PP nunha posición cada vez máis unitarista do estado, encabeza o nacionalismo español e ten pouca marxe de manobra.

O PSOE preséntase como forza federal, pero conviven varias almas no partido, desde a xacobina á de Maragall. ¿Cal é a súa posición como secretario dos socialistas galegos?

Todos concordamos respecto do modelo do estado. O Estado das Autonomías ten moitos elementos de devolución de poder aos cidadáns e contén os xérmolos do que tecnicamente é un estado cuasi federal. Hoxe hai 17 autonomías, pero falta un espacio político de encontro, en esencia unha cámara dos territorios con capacidade de decisión política. Pódese discutir como formala pero hai que facelo reformando a Constitución e dándolle un novo carácter ao Senado. Se as comunidades podemos lexislar desde ese Senado renovado poderíamos organizar a participación das comunidades autónomas en Europa.

¿Pode ser a entente da Declaración de Barcelona un ponto de partida para iniciar ese diálogo?

Ese instrumento é un Guadiana, que vai e ven, ás veces instrumentalizado desde CiU e outras polo PNV. Ademais, CiU está gobernando co PP, e axudou a Aznar a formar maioría en Madrid. Isto visto desde Galiza é difícil de entender. ¿Que coincidencia pode haber cun partido que é man dereita do PP? Por outra parte o PNV está nunha clave moi basca. A posición de Galiza é moi diferente á de Euskadi e Cataluña.

O PSOE gobernou moitos anos co PNV e fixo numerosos acordos con CiU. ¿Comprende o cidadán que pode haber diálogo entre opcións diferentes?

¿O cidadán podería entender en Galiza un goberno entre PP e BNG? Entre PSOE e PP podo asegurarlle que non hai esa posibilidade. O que hai é que construír unha alternativa ao PP. Por iso se falamos das relacións con CiU vexo poucas posibilidades de construír unha alternativa. Co PSC e Maragall si teño moitas coincidencias. Desde o ponto de vista galego progresista creo que é máis razonábel entenderse co PSC que coa dereita e a burguesía catalana, pero ese é un problema do nacionalismo.

¿Como valora a primeira resposta das outras forzas políticas á súa proposta de reforma estatutaria?

A dereita fala de axenda e oportunidade, que non é o momento político porque está o problema do terrorismo no País Vasco. Preocúpame que admitamos que a axenda política dun país estábel a marque o terrorismo. ¿Non será máis ben a axenda política do PP, que está someténdonos a un proceso de involución do autogoberno na España das autonomías e no modelo social do Estado de Benestar? Outros din que non concreto, pero cando a Constitución fala de reforma di que para comezala hai que porse de acordo en que hai que facer unha reforma, non nos aspectos concretos. Co Estatuto é igual. O primeira é reflexionar e concordar sobre esa necesidade de pór ao día o marco estatutario. A primeira reacción do BNG foi moi apresurada pero quero contribuír a distender as relacións co nacionalismo, porque máis alá dos avatares de cada momento o país precisa que se encontren nun espacio a socialdemocracia e as vertentes progresistas do nacionalismo. Quédome coa carta que me dirixiu en nome da súa organización o voceiro do BNG, Xosé Manuel Beiras, na que reclama para o nacionalismo unha vontade permanente de ensanchar o autogoberno.

Nos últimos meses o diálogo político en Galiza é asunto de debate permanente. ¿Cal é a posición do PSdeG?

Nos grandes temas de estado sempre imos estar lealmente co goberno. Pero en Galiza estamos asistindo a unha especie de utilización perversa dunha pantalla mediática que quere confundir diálogo con sumisión e facer do diálogo e o consenso o único lugar para elaborar política. Iso é unha perversión democrática. Do que temos que falar é dos problemas reais da xente e non de se eu sorrío ao señor Fraga ou se ao presidente lle dá unha pataleta. Iso é un *show* no que eu non vou cair. As chaves da oposición non poden estar nas mans o PP.

Estamos xa en plena campaña preelectoral e todas as propostas se ollan baixo ese prisma.

Aquí iníciase o curso político anterior cun discurso de Manuel Fraga que fala de que a gran prioridade é a política social, o que é un recoñecemento de dez anos de fracaso. Nese anuncio inclúe potenciar a Conselleria de Familia e crear unha Consellería de Servicios Sociais. Ao pouco tempo sabemos que as titulares desas consellerías son candidatas ás alcaldías de Lugo e Vigo. Confúndese así a tarea de gobernar un país e a propia dun partido de gañar unhas eleccións. É unha distorsión moi negativa e amosa que o PP está nunha situación de medo e alarma ante a situación de involución que vai provocar a probábel derrota sobretodo nos núcleos urbanos.

Faltan oito meses, pero ¿cal é o balance que fai o PSdeG dos pactos de goberno co BNG?

Teño unha esperanza enorme na vida local e os acordos, sabendo que cada concello felizmente é un mundo, foron extraordinariamente positivos. O PP quere ter a súa principal baza nunha descalificación rotunda dos gobernos de coalición e non debemos caír nesa trampa. Os inquéritos desminten esa visión. A capacidade dos alcaldes socialistas para xestionar co apoio e a participación do BNG está fóra de dúbida. Pero tamén fago unha valoración positiva de Ferrol, Pontevedra e Vigo. Ás veces o BNG ten metido na cabeza a idea da "deslealdade socialista". Son de Pontevedra, ¿alguén pode dicir que alí somos desleais ou en Ferrol? En Vigo foi onde houbo momentos de dificuldade serios, pola propia natureza da cidade, e a pesar de todo ten un equipo de goberno a anos luz do fiasco do PP e a xente sábeo. Fago autocrítica de todo o que puidésemos facer mal pero sería un erro garrafal exacerbar as discrepancias por riba dos grandes logros.♦

A representación de Exeria, seguidora de Prisciliano, é seguida polos romeiros.

Reportaxe Gráfica: A.N.T.

A auga desluciu a Romaxe de Camposancos

Os crentes galegos lembran a Prisciliano e a Basilio Alvarez

M. VEIGA

En Camposancos, á beira da Guarda, reuníronse o pasado sábado 14 os crentes galegos para celebrar a súa XXV Romaxe co lema *Rumores de boa nova*. A desembocadura do Miño presenciou está celebración que comezara xustamente en 1978, na localidade luguesa de Meira, onde nace o rio.

O que nos recibe en Camposancos non é a mar oceana, senón un mar de autobuses, máis de sesenta, chegados dos catro recantos do país. Algúns tiveron que madrugar ben. A xente vai baixando coas cadeiras e mesas de praia, as empanadas e o viño. Entran polos carreiros do piñeiral cos medallóns grandes da romaxe ao pescozo. Unha pequena parte do monte próximo está queimada. Unha muller nova detense na beira da estrada e arrinca un anaco de fiuncho, a planta do anís. Cheirao e segue a andar. Xa no campo achegámonos aos postos de *Comercio xusto* e hai quen non se resiste ás galletas de mel e a un chocolate peruano de auténtico cacao. Moi perto, unha moza saharaui vende rosas do deserto, pedras polidas polo vento que toman a forma de pétalos. Con todo, o posto máis visíbel é o de *Irimia* (conta cunha gran pancarta), alí están as revistas, coa súa cabeceira azul e branca, os libros...

A eucaristía comeza. Centos de persoas teñen na man o libreto da celebración. Un home de barba, duns corenta e cinco anos, comenta que algunha xente que viña en turismo quedou atorada no atasco dos autobuses. Os que acuden por primeira vez sorpréndense polo gran número de congregados.

Nun cenario, de costas a Portugal, canta *Saraibas*. Un crego de camiseta e cabelos ao aire vai lendo unha lista coa procedencia dos autobuses e o número de persoas que trae cada un. A apoteose chega cando menciona a Aguiño que contribúe con catrocentos romeiros. A xente acórdase do Paco que é de alí e xa está algo maior. Non por casualidade nesta localidade tiveron lugar dúas das romaxes.

A voz de Exeria e a arenga de Basilio Alvarez

Suben mulleres e homes ao cenario, seglares e curas, recitan o seu papel, represéntano, algúns mesmo visten dacordo co personaxe que interpretan. O máis simpático é o cura novo do Porriño que aparece con sotana, facendo de Basilio Álvarez, o crego agrarista. Os berros contra os caciques ecoan entre o piñeiral. Un dos presentes comenta que se repercuten de montaña en montaña, Galiza arriba, atá o Monte do Gozo, onde nese mesmo intre se reúne o PP.

Non se trata dunha ceremonia corrente. Unha muller da Garda, que ven por primeira vez, pregúntalle a un fillo: "¿Pero esta misa cando empeza?". "Se queres ímonos", di o fillo. "Non, que quero ver como sigue", responde a muller.

No cenario, unha rapaza con pano palestino fala de Prisciliano. Ela representa a Exeria, "virxe, con perdón". Unha intervención após de outra. O que se escoita alí é un repaso da historia de Galiza, coa cal a Igrexa tivo moito que ver, "nuns casos para ben, noutros para mal". As críticas non se agachan, algunhas son case corrosivas, tampouco sae ben parado o marechal Pardo de Cela polo seu costume de pendurar os vasalos dos carballos.

Comuñón "revolucionaria"

Nalgunhas árbores, perimetrando o recinto, vense letreiros brancos coa palabra comuñón.

Xosé Chao Rego dirixese aos asistentes no colofón da xornada.

A muller da Guarda volve comentar algo: "Parecen un pouco revolucionarios".

Un mozo de Vigo, coa muller e dous fillos, unha nena aínda tomando o biberón, sinálanos os nubeiros negros en riba de Caminha que se están achegando. Ven a auga. Algúns apúranse a tapar os bafles da megafonía con toldos de plástico. Desde o palco, un dos oficiantes di, para conformarse, que "onte en Sanxenxo tiveron que suspender a regata do rei durante tres horas". Mollado e todo, o acto continúa. Lembranzas para o pai de Rubén que morreu e para unha familia de romeiros habituais que marcha a Namibia. Rézase un *pai noso* de letra adaptada aos humildes, tan humildes e tan do país como a práctica totalidade dos alí presentes (que lonxe quedan os bispos investidores en Gescartera).

Dúas rapazas recorren o campo. Unha leva unha cestiña chea de anacos de pan, a outra unha cunca de viño tinto. É a comuñón.

O agarimo e a convicción de Pepe Chao

Para rematar sube Xosé Chao Rego ao cenario enfundado nun plexiglás transparante. Nese intre vemos pasar tamén a *Basilio Álvarez* cun anorak amarelo rechamante sobre a sotana. Pepe Chao resulta entrañábel, convincente, pese á enfermidade que lle fai encerellar algunhas palabras, nótase que estamos ante un dos máis importantes intelectuais que deu Galiza. E nótase polo agarimo, pola seguridade coa que fala. Así o entende a xente que o escoita con respeto e non pode menos de deixarse convencer. Conta Chao a historia do mariñeiro que perdeu a pescada cando xa a tiña conseguida. O mariñeiro berra: "Me cago en..", pero córtase ante a ollada dun crego que está ao seu carón. Entón o mariñeiro por fin conclúe: ¡Pero merecer, mereciao!

Alguén lembra a primeira romaxe, hai vintecinco anos, cando un bispo calificou aos participantes de "herexes" por usar o lema "Eu renazo galego" e tamén a aquel home que ao enteirarse de que había estas reunións comentou: "Antes era galego por unha parte e cristián por outra. Agora sei que podo exercer as dúas cousas ao tempo".

Chao Rego anima a facer o berro seco, unha exclamación que daban os canteiros cando xuntaban forzas para erguer unha pedra. O berro vai dedicado a unha causa boa. Hai lembranzas para os mariñeiros sen traballo e para os labregos que viron ata como as vacas toleaban.

Para rematar un grupo de chairegos anuncia que o ano que ven tócalle a Outeiro de Rei ser o organizador. Terá lugar, coma sempre, o segundo sábado de setembro, no campo de Santa Sabela. De seguro que por alí vai andar Manuel María que tanto cantou aquel lugar nos seus poemas.

E por fin a despedida co canto do himno. Chao Rego suxire, dado que é "un pouco aburrido", que se cante conforme se marcha ou se anda. Así o fai a xente.

Antes de se esparexer entre os manteis do xantar, unha muller, sinalando o altar, pregúntalle a outras: "Estes non son curas, ¿non? Fórono, pero agora non son". A xente que a rodea dille que o son. A maioría sorrí. A muller non está conforme. Outra da súa mesma idade, uns cincoenta anos, conclúe a diatriba: "¡Ai! Cada un coa súa conciencia".♦

Mollar as pernas

Nunca se resaltou, que un saiba, o vínculo entre Igrexa e paisaxe. Mais, sabido é que os mosteiros e unha boa chea de templos rurais están situados nos máis belidos lugares, desde Rivas de Sil ata Santa María de Oia. A Romaxe de Crentes Galegos continúa tan envexábel costume e este ano tocoulle facer de sede ao piñeiral de Camposancos, aí onde o Miño se xunta co mar e as mainas augas doces entran no mar bravo da costa máis sureña do país. Algunhas mulleres de idade aproveitaron para refucir a saia e introducir as pernas na auga batida que é boa para a circulación.♦

Os mariñeiros poderán votar nas municipais

Os mariñeiros que se atopen embarcados poderán votar nas próximas eleccións municiapis. O Executivo informou de que modificará o Real Decreto. Segundo a lei, o voto deste colectivo unicamente se pode realizar por correo e no caso de que o barco chegue a un porto nos días previos á celebración duns comicios. Na Galiza, segundo o deputado do BNG, Guillerme Vázquez, existen uns 10.000 mariñeiros que se atopan imposibilitados de exercer os seus dereitos por esta razón.♦

O PP négase a que os netos de emigrantes acaden a nacionalidade española

A.N.T.

Os netos dos emigrantes españois non poderán aceder á nacionalidade. O PP negouse no Senado a aprobar a emenda apresentada polo BNG á reforma do Código Civil en materia de nacionalidade, esgrimindo como principal argumento que "incrementaría o gasto".

Segundo a proposta do PP, os netos dos emigrantes españois deberán de someterse á actual Lei de Extranxería. Despois de pasar por este trámite, deberá de pasar un ano de residencia no Estado español para conseguir a nacionalidade. Rebáixase así un ano o tempo marcado para a estancia mínima.

Na reforma contémplase que o fillo de emigrante que perdese a nacionalidade, ten o dereito a optar pola nacionalidade española. O mesmo trámite que se o seu pai conservara a nacionalidade.

Os bisnetos co avó con nacionalidade española, só terá que residir un ano no Estado para optar a esta nacionalidade. Se o avó perdese a nacionalidade, aínda que o pai e o avó a obtivesen de novo, deberán de residir dous ou dez anos no Estado español, segundo o país de orixe para recobrala.

O fillo dunha nai orixinariamente española e nacida no Estado español, ten dereito a opción. O neto deberá de residir un ano no Estado español para recuperar a nacionalidade. A lei non inclúe privilexios para terceiras xeneracións.

A diferencia entre homes e mulleres está en que, en determinados paises, como Arxentina, a muller perde automáticamente a nacionalidade e non pode trasmitirlla aos seus fillos.♦

A Coruña

O tranvía turístico é unha ruína

MANUEL MONGE

O tranvía turístico é unha sangría para o orzamento municipal. As perdas estiveron ocultas varios anos, pero agora sábese que resulta moi deficitario e precisa subvención pública.

A verdade é que se crearon boas expectativas cando hai oito anos o Goberno municipal anunciaba a posta en marcha do tranvía ou metro lixeiro, que se inaugurou o 10 de maio de 1997, porque é un medio de transporte ecolóxico e que pode, ademais, resultar económico a longo prazo. Pero non foi tal.

En primeiro lugar, cos 12,6 millóns de euros xa investidos non temos un medio de transporte regular –normalmente funciona só os fins de semana e todos os días no verán, pero cun horario reducido– senón un tranvía turístico, pensado, fundamentalmente, para darse unha volta polo Paseo Marítimo. En segundo lugar, o seu primeiro recorrido comunicaba dúas zonas da cidade, como o castelo de San Antón e a Torre de Hércules, moi pouco poboadas e ninguén utilizaba ese tranvía para desprazarse habitualmente, aspecto fundamental a ter en conta para todo transporte público. En terceiro lugar, non había detrás un proxecto técnico de futuro porque non estaban claros os recorridos das próximas liñeas; adiantábanse algúns futuros tramos polas rúas Orillamar ou Cordonería, por exemplo, que son totalmente inviábeis.

Henrique Tello levaba varios anos reclamando do Goberno municipal os resultados económicos da explotación do tranvía, pero istos eran o segredo mellor guardado. Por fin tiveron que aprobar no Pleno da Corporación unha partida económica para subvencionar as perdas, e enterámonos a través do BNG dun informe que fixo para o concello a consultora madrileña Ineco en 1996, así como do balance económico. De toda esta información desprénden dúas conclusións fundamentais: o tranvía turítico é un fracaso polo número de usuarios e, ademais, é unha ruína.

Calificado de "xoguete do alcalde" polos portavoces do BNG e PP, había prevista, segundo o citado informe, unha utilización media anual de 255.546 viaxeiros; pois ben, en 1997 foi utilizado por 170.623, que baixaron a 124.209 no último ano, entre o 1 de setembro de 2001 e o 31 de agosto de 2002, a pesar de que se ampliou con dous novos tramos ata O Parrote e Hotel María Pita. Desde 1997 o tranvía tivo unhas perdas de explotación de 771.177 euros ou 128 millóns de pesetas e no último ano de 343.747 euros, máis de 57 millóns de pesetas. Para frear este cancro económico o goberno coruñés decidiu subir o prezo do tranvía de 0,75 a un euro.

Manter este tranvía sen planificación, sen financiación doutras administracións e da Unión Europea, semella un despilfarro. Daquela o concelleiro nacionalista, Henrique Tello, demandou deter esta gasto das arcas municipais e que se suspendan as obras de ampliación ata As Escravas, cun orzamento doutros 1,8 millóns de euros, ata que non haxa un estudio serio de viabilidade. Considera que hai que investir eses cartos noutro tipo de actuacións máis beneficiosas para a ampliación e mellora do transporte público e para a promoción turística da cidade.

A Compañía de Tranvía recibirá do concello no próximo ano 2,3 millóns de pesetas. Destes, 1,05 millóns de pesetas serán para subvencionar as tarxetas de bonobús e 546.000 euros para pagar o déficit do tranvía. A concelleira responsábel, Carmen Marón, non dá ningunha importancia a estas perdas porque "o tranvía turístico constitúe un atractivo máis da cidade, como un museo ou unha biblioteca e, xa que logo, non pode medirse en termos de rendabilidade económica".♦

caixanova

I premio de poesía caixanova 2002

CONVOCATORIA
Poderán concorrer ó I Premio de Poesía Caixanova os poetas que o desexen, presentando unha sua obra escrita en lingua galega, segundo a normativa vixente.

PREMIO
O premio, un e indivisible, está dotado con 10.000 euros.

PRESENTACIÓN
As obras aspirantes terán unha extensión mínima de 600 versos, han ser inéditas na súa totalidade e non poderán estar presentadas, simultaneamente, a outro concurso. Os orixinais enviaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espacios e baixo un lema.
Os traballos faránse chegar por correo certificado a: **CAIXANOVA, Obra Social. Avda. García Barbón 1 - 3, entrechán, 36201 VIGO,** indicando no sobre: Para o "I Premio de Poesía Caixanova".

PRAZO
O prazo de admisión rematará o xoves 31 de outubro de 2002.

XURADO
O Xurado cualificador estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega.

FALLO
O fallo do "I Premio de Poesía Caixanova faráse público na derradeira semana de novembro de 2002.
O traballo premiado publicaráse na colección ARTE DE TROBAR coeditada por Caixanova e o P.E.N. Clube de Galicia.
Non se devolverán os orixinais non premiados, nin se admitirán reclamacións sobre os mesmos

Para unha maior información dirixirse a Caixanova - Obra Social, Avd. García Barbón 1 - 3 VIGO

P.E.N. CLUBE escritores Galicia

Concelleiros do BNG e do PSOE de Ferrol durante unha pasada votación. J. ANTÓN / La *Opinión*

O Pleno de Ferrol apoia a ilegalización de Batasuna coa abstención do BNG

A.N.T.

PP, PSOE e Independentes por Ferrol aprobaron o pasado día 16 dúas mocións, unha apresentada polos *populares* e outra por Xoán Fernández, a prol da ilegalización de Batasuna. Con anterioridade, outro concello galego, o de Carballo, xa se manifestara no mesmo sentido.

Na moción de IF reclámase non só a ilegalización da organización independentista vasca, senón tamén de todos os "partidos políticos ou coalicións que, dalgún modo, directa ou indirectamente, implícita ou expresamente, colaboren co terrorismo".

O BNG, que conta coa alcaldía, abstívose en ambas mocións. O seu portavoz, Xosé Lastra sinalou que a súa organización está máis interesada que ninguén no fin do terrorismo, tanto por ser unha "conducta criminal", como por tratarse dun factor que é aproveitado polas "forzas non nacionalistas para criminalizar e desacreditar o nacionalismo". Lastra indicoulle tamén ao PP que "tan inmoral é silenciar os mortos do terrorismo como tratar de aproveitalos en beneficio electoral".

Os nacionalistas ferroláns remitíronse, tamén, á postura do BNG no Parlamento español onde criticou a falta de independencia do Poder Xudicial e se sumou ás críticas que desde diversos sectores se lle ven facendo á ilegalización.♦

'Pídeselle opinión aos ferroláns, pero non aos vascos'

O BNG sinalou, nun comunicado da súa Executiva Nacional, a contradicción e a gravedade de levar o debate sobre a ilegalización de Batasuna "ás institucións locais de Galiza", cando o Goberno central non contou "co critério da inmensa maioria da sociedade basca e das suas institucións parlamentares e de governo, xa que vai ser en primeira instancia a sociedade basca a que vai padecer as consecuéncias".

A organización nacionalista apunta tamén que este é "un caso único no entorno da UE".

No mesmo comunicado da Executiva, o BNG xustifica a súa abstención na votación do Congreso na que se aprobou a ilegalización de Batasuna lembrando a correlación de forzas en Galiza, o seu distanciamento a respecto da actitude política de Batasuna, as "máis que posíbeis campañas de acoso por parte do PP e do PSOE", así como "o inconveniente de ser apresentados como supeditados ao PNV".

A pesar diso os nacionalistas reafírmanse na súa oposición á Lei de Partidos, na crítica á ilegalización de Batasuna e no próposito de "enfrontar, da forma máis acorde coa conciéncia da nosa sociedade, a grave involución democrática no Estado".♦

Os veciños de Foz maniféstanse por un servicio de urxencias

A.N.T.

Case oito mil persoas sobre un censo de nove mil catrocentas asinaron a iniciativa da recen creada Comisión Focega en Defensa da Sanidade Pública que demanda un servicio de urxencias de vintecatro horas no concello de Foz. Os veciños manifestaranse o sábado 21 na que será a primeira mobilización para reclamar uns servicios sanitarios de calidade.

A campaña iniciada pola Comisión Focega en Defensa da Sanidade Pública recorrerá á vía institucional e á mobilización social para reclamar, entre outras medidas, a inmediata creación dun servicio de urxencias a tempo total no concello. Os veciños están a secundar na súa inmensa maioría a campaña para reclamar que este concello, o segundo en poboación da Mariña, conte cos servicios sanitarios que, segundo eles, lles corresponden polo tamaño do municipio. A Comisión sinala, entre outras circunstancias, que o Punto de Atención Continuada (PAC) de Burela, do que dependen, sofre unha notábel saturación xa que atende a unha poboación de 30.000 persoas que se duplica durante o verán. En Foz o servicio de urxencias só está operativo de oito da mañá a tres da tarde. Ata o momento a resposta da Consellería de Sanidade, despois da reclamación diante do Delgado Provincial e do Director Xeral, consistiu en afirmar que o sistema funciona e que non é preciso modificar os servicios de atención sanitaria aos veciños, consideracións que no concello son consideradas parte dun trato discriminatorio por ser o goberno municipal dunha cor política distinta á que goberna na Xunta. O BNG presentou distintas iniciativas no Parlamento solicitando a creación dun PAC en Foz.♦

Nº 1.048 ● Do 19 ao 25 de setembro de 2002 ● Ano XXV

Outras guerras

PERFECTO CONDE

John Henry Millán medrou entre drogas e armas. Tiña 16 anos cando andaba gatillando pola cidade colombiana de Medellín ás ordes do narcotraficante Pablo Escobar, colocando bombas en establecementos públicos e matando policías a cambio de puñados de dólares manchados de sangue. Formaba parte da banda de "Los tesos" e non admitía outra lei nin outra orde que non fosen as que el mesmo impoñía coa súa pistola. Foi condenado a 35 anos de cadea, e rematou colaborando coas autoridades de Estados Unidos que lle permitiron emprender unha nova vida en El Paso, Texas. Agora, "Chino Millán" –o seu alcume– é un predicador famoso da asociación evanxélica Cristo Viene e visita cárceres norteamericanos ofrecéndo "liberdade espiritual" aos reclusos.

O seu amigo e parceiro Dandenys Muñoz Mosquera, "La Quica", non tivo tanta sorte. Agarda en Colorado a que lle apliquen algunha das tres penas de morte ás que foi condenado, coas mans, os pés e o torso encadeados, soterrado sete pisos, e só ve a luz do sol durante nove horas ao ano, unha soa vez cada mes durante 45 minutos.

En Nixeria os tribunais da inxustiza condenan ás mulleres a morreren acantazadas polo simple feito de teren exercido unha mínima parte da súa liberdade sexual. Dende o fondo á cima de África milleiros de persoas morren de fame, enfermidades e pobreza ou tratan de escapar do seu holocausto afogándose no Estreito ou entrando clandestinamente nos nosos codiciados países primeiromundistas. Mentres escribo estas liñas, na vila castelá de Tordesillas é case seguro que un fato de energúmenos estean dándose o sádico pracer de torturar ata a morte un inocente touro chamado "Morenito".

Máis cerca de nós, en Ferrol, un alto cargo militar casou o seu fillo usando persoal e medios que pagamos os contribuíntes, a penas unhas semanas antes de que o presidente Aznar emulase esta celebración do seu subordinado casando á súa propia filla no Escorial. Non pasa un día sen que saibamos dalgunha peripecia humana propia dun *mondo cane* no que vivimos ¿Quen dixo que só houbo a guerra dos Trinta Anos ou que namais vai haber a de Iraq? Dende que o mundo é mundo, hai guerra –grandes ou pequenas– todos os días, a todas as horas e en todas as partes. Líbranas os que mandan e pagámolas e sufrímolas os de sempre.♦

O cadro de persoal da policía está moi envellecido. PACO VILABARROS

As medidas penitenciarias serán inmediatas e encherán os cárceres

O plan de loita contra a delincuencia tardará tres anos en dar resultados

H.V.

En liñas xerais, o Plan de Loita contra a Delincuencia que presentou o Goberno central contra os delictos menores centra a súa acción en tres tipos de medidas: xudiciais, policiais e penitenciarias, aínda que só estas últimas terán efecto nun prazo inmediato.

O Executivo contratará a 20.000 policías e garda civís, a 80 novos xuíces e a 70 fiscais e recortará os beneficios penitenciarios dos presos. Para levar a cabo este Plan, anuncia o investimento de 600 millóns de euros. O obxectivo é contar con máis axentes na rúa, acelerar os procesos e impedir que os delincuentes abandonen a prisión antes de tempo.

Os sectores progresistas criticaron as medidas propostas, pero á marxe das consideracións sobre a oportunidade do contido do Plan, están as limitadas posibilidades de que ofreza resultados a curto prazo. Tanto a formación dos novos 20.000 policías como a contratación dos 80 xuíces e 70 fiscais require tempo. Mesmo o Goberno recoñece que as incorporacións ás forzas da orde non se producirán en menos de tres anos. Deste xeito, só quedan as medidas penitenciarias.

A oposición dubida do encaixe constitucional da pretensión do Goberno de que aumente a prisión provisional e teme un recorte de garantías nunha prometida axilización de xuízos, que "poderían rematar converténdose en procesos sumarios", como advertiu o deputado do BNG no Congreso, Carlos Aymerich, que tamén denuncia que "os cárceres converteranse en almacéns de persoas, sen que haxa medidas resocializadoras".

Outra cuestión é a relativa a unha eventual transferencia territorial da delincuencia. O feito de ser un plan que pon o acento na persecución da pequena delincuencia da que son víctimas as zonas turísticas, "despraza o esforzo policial ao arco mediterráneo e deixa desprotexidas áreas como Galiza e especialmente as zonas rurais", denuncia Aymerich.

Cadros envellecidos

"A media de idade na policía é de 50 anos, xa era hora que aumentasen o cadro de persoal", indicou o secretario de Organización do Sindicato Unificado de Policía en Pontevedra, Víctor García, que tamén considera que "hai que incluír medidas retributivas, sociais e profesionais para os policías en activo, para estimulalos e que mellore a súa eficacia".

O SUP desconfía da efectividade das medidas anunciadas polo Goberno. "Dixemos moitas veces que botamos en falta medidas sociais como o apoio aos toxicómanos", dixo García, que lembra que "o Goberno recoñece agora que aumentou a delincuencia; nós levamos tempo dicíndoo, desde que está o PP subiu un 8%, aínda que insistir tanto aumenta o que se coñece como inseguridade subxectiva, que é superior á real".

Control da inmigración

Un dos campos nos que pon o acento o Plan de Loita contra a Delincuencia é no control da inmigración. Sen embargo, un estudio do Instituto de Estudios de Seguridade e Policía, vencellado ao Sindicato Unificado de Policía, rexeita a relación entre aumento da criminalidade e poboación estranxeira. É máis, o IESP tacha de demagóxicos estes argumentos e indica que se trata dunha inxustiza cun colectivo entre o que só o 2,5% dos seus integrantes comete algún delicto a pesar de ser un grupo que está nunhas condicións moi desfavorábeis.

Sen embargo, Aznar xa anunciou a reforma da Lei de Estranxeiría para facilitar a loita contra a pequena delincuencia, co que coloca a este sector no punto de mira e aproveita a inseguridade cidadá para pechar as fronteiras máis aínda.♦

POSONEJRO posonejro@yahoo.es

Relativa aos veterinarios de saneamento gandeiro

Unha sentencia con consecuencias políticas mina a credibilidade do Tribunal Superior

H. VIXANDE

Unha sentencia sobre o caso dos veterinarios de saneamento gandeiro despedidos pola Xunta pon en cuestión o prestixio social do Tribunal Superior, que foi o que emitiu o fallo. Non hai probas de presións políticas da Administración galega ao aparello xudicial.

O conflicto dos veterinarios provocou un grave atraso no saneamento gandeiro. A.N.T.

A sentencia en cuestión rebaixa de nulos a improcedentes uns despedimentos ao considerar que a causa dos mesmos non vulnera o dereito fundamental dos interesados á tutela da xustiza e reduce a un ano a antigüidade laboral do colectivo. Deste modo o fallo permite que a Xunta despida de momento a 127 veterinarios con contrato de persoal laboral fixo e que aforre en indemnizacións ducias de millóns de euros.

Aínda que todas as probas indican que o Tribunal Superior non sucumbiu a presións políticas, as consecuencias da súa decisión non só minan a credibilidade do máximo órgano xudicial galego, senón que supoñen un varapao máis á depauperada imaxe da Xustiza galega. Este poder veuse afectado ultimamente por casos que danan o seu bo nome e entre os que sobrancea, por exemplo, o do expediente aberto ao fiscal xefe Ramón García Malvar.

O 24 de xullo o Superior emitía un fallo ante un recurso presentado pola Xunta fronte ás sentencias das maxistraturas de traballo de Vigo, Ourense e A Coruña, que estimaban nulos os despedimentos de 127 veterinarios do saneamento gandeiro porque consideraban que estes se produciran como medida de represalia despois de que os integrantes do colectivos recorresen á vía xudicial –en concreto ao conflicto colectivo– para que se lles recoñecese a súa relación laboral coa Administración autonómica.

Laboralidade

A pesar da unanimidade das maxistraturas de traballo, na súa sentencia o Superior entendeu que non había relación entre os despedimentos e o feito de que os membros do colectivo acudisen á Xustiza para que se lles recoñecese a laboralidade. Por esta razón, o Superior non consideraba que houbese que tutelar os dereitos fundamentais dos traballadores, circunstancia que distinguiría a un contrato nulo dun improcedente, e en consecuencia declarou improcedentes os despedimentos. Os traballadores presentaron un recurso ante o Supremo para reclamar a nulidade dos despedimentos.

Só o Superior ten a convicción de que non hai relación entre as dúas circunstancias. Aínda é máis: a Xunta non agardou un día tras o fallo e procedeu a despedir a todos os integrantes do colectivo. Tal comportamento mereceu unha carta remitida polo secretario xeral da CIG, Xesús Seixo, ao conselleiro de Política Agroalimentaria, Xan Miguel Diz Guedes. Na misiva Seixo acusaba á Consellería de "represalia e revanchismo contra este colectivo".

Por outra banda, é difícil que se admita a trámite o recurso ante o Supremo para o recoñecemento da nulidade dos contratos. A razón non ten que ver co fondo da cuestión senón co feito de que haxa un caso idéntico cun fallo que entre en contradicción con este, xa que é moi rara a vez na que unha Administración chegue ao extremo que chegou a Xunta neste caso. En contraposición, un segundo recurso, este relativo á antigüidade dos traballadores, é fácil que prospere no Supremo e que á volta dun ano a Xunta teña que desembolsar as ducias de millóns de euros que lle aforrou o Superior.♦

Case 400 interinos quedan sen traballo este curso

MAR BARROS

Trescentos oitenta e cinco profesores interinos de ensino Secundario e 670 substitutos quedan sen posto de traballo tras a publicación das listas de adxudicación de destinos. A concentración do pasado luns diante da Consellería de Educación foi a primeira acción que levou a cabo a CIG para demandar estabilidade laboral para este colectivo.

A Consellería está a desenvolver unha política de reconversión no referido ao ensino, segundo a central nacionalista, que provoca a reducción de prazas, a supresión de desdobramentos nos ciclos formativos, a imposibilidade de construír máis dun grupo dos ciclos de Formación Profesional por centro e localidade ou a non cobertura de moitas prazas solicitadas polos centros. A Administración argumenta que "nesta situación inflúe a reducción continuada do alumnado no sistema educativo ademais da obriga de racionalizar ao máximo os recursos, tanto humanos como materiais, e velar pola correcta administración dos fondos públicos."

Sen embargo, o secretario nacional de CIG-Ensino, Anxo Louzao, ve nesta medida "unha clara aposta polo sector privado, ao reducirse profesorado necesario e prazas para estudiantes, agudizándose a tendencia da Xunta dos últimos anos".

A Consellería puntualiza ao respecto que "os postos aos que se refire o sindicato cóbrense neste momento e tamén ao longo do curso en función das necesidades docentes que xurdan". Engade ademais que as prazas de interinos non teñen compromiso de estabilidade, senón que son de carácter transitorio, destinadas a cubrir postos de funcionarios.

A precariedade nas condicións de traballo deste colectivo tamén se manifesta na obrigación dalgúns interinos a compartir centros e a impartir materias afíns ademais da súa especialidade. Ante esta situación a CIG solicitou da Dirección Xeral de Persoal e da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional unha entrevista ademais de dirixirse ao resto das organizacións sindicais co obxecto de emprazar á Consellería a que convoque a Mesa Sectorial para que oferte praza aos interinos do ano anterior, así como a elaboración dun plano de estabilidade. ♦

O FÍO DA LINGUA

Sombreiro

HENRIQUE HARGUINDEY

Se no artigo pasado falamos do *solleiro*, neste imos falar do *sombreiro*.

E non só para xogar cos contrarios *sol* e *sombra* senón porque *sombreiro* é un caso máis de substitución polo termo coincidente co español, substitución da que falabamos tamén no artigo anterior.

En efecto, dende a Idade Media existían en galego dúas palabras máis ou menos sinónimas: *chapeu* e *sombreiro*. En tanto que a primeira, procedente dun derivado do latín *caput* "cabeza", é de orixe francesa (ben sabemos que na Idade Media, co Camiño de Santiago e os contactos entre os trovadores, entraron na nosa lingua moitos termos franceses), a segunda palabra é creación do español e do galegoportugués a partir de *sombra:* "pucho ou chapeu que produce sombra coa súa aba". Certo é que resulta difícil de determinar se en galegoportugués se trata dunha importación do español. Sexa como for, o caso é que en canto o portugués conservou *chapeu* sen que *sombreiro* chegase a callar, o galego foi esquecendo *chapeu* (que aínda se conserva precariamente) en beneficio de *sombreiro*.

O que si é común ás dúas linguas é a palabra *sombra*. No conxunto das linguas románicas só o galegoportugués e o español presentan un *s* inicial na palabra derivada do latín *umbra*. *Sombra* fronte a *ombra* en catalán, *ómbra* en italiano, *ombre* en francés, etc.

E mais nos adxectivos derivados de *sombra* temos o dobre resultado: por unha banda, os termos patrimoniais, que derivan da palabra romance, como *sombrío* e *sombrizo* (*sombriso* con seseo, como escribía Rosalía), e pola outra os termos cultos, tirados da palabra latina, como *umbrío* e *umbroso*. Igualmente é culto mismo *penumbra*, que literalmente significa "case sombra".

Tamén son innovacións destas dúas linguas peninsulares os verbos *asombrar/ asombrarse* no sentido de"asustarse, sorprenderse" e o correspondente substantivo *asombro*. Parece que a orixe deste novo significado está no medo e a sorpresa que produce unha sombra que se toma como ameaza. De todos xeitos, xa na palabra latina *umbra* estaba implícito este sentido, pois un dos seus significados era "espectro, fantasma, espíritu dos mortos".

Os dous significados de *sombra* e *asombrar* fúndense conmovedoramente no célebre *Negra Sombra* rosaliano. A impresionante ladaíña de sons vocálicos e consonánticos forma un laio estremecedor que arrola e que zoa, que chora e se mofa, que ecoa e afoga: *negra sombra que me asombras*.♦

Nº 1.048 ● Do 19 ao 25 de setembro de 2002 ● Ano XXV

Centralización da actividade económica

MANUEL CAO

No debate da política económica española actual existe unha controversia, inducida dende Catalunya, arredor dunha estratexia deseñada e aplicada pola Administración Central co obxectivo de converter a capital de España no poder económico principal, que vertebraría ao conxunto do Estado e contribuiría a asentar os fluxos económicos, comerciais e tecnolóxicos en torno a Madrid, ao tempo que afortalaría os vencellos culturais, políticos e sociais cara un proxecto definitivo dunha España identificada, unida e cohesionada cun sistema de poder centralizado pola vía dos feitos.

Pois ben, os datos recabados dende finais da década dos 90 demostran que tal estratexia está producindo resultados efectivos no caso dos investimentos foráneos de xeito que Madrid concentra as 2/3 partes do novo investimento afectando esta dinámica non só a Catalunya senón á maioría das CCAA, especialmente a Andalucía. Existe unha excepción significativa como é o caso de País Vasco debido á disposición dos instrumentos institucionais asentados nun concerto económico que atribúe de facto a soberanía fiscal e financeira ao Executivo de Vitoria-Gasteiz. A prevalencia de Madrid afecta a Catalunya pero en valores relativos afecta moito máis ao resto das CCAA que se quedan orfas de atractivos para o capital estranxeiro. O caso de Galiza é ben significativo da irrelevancia do resto das CCAA pois, no período 1998-2000, recibiu o 0,18% do total superando, aínda así, ás CCAA da área de influencia cultural madrileña.

Son factores determinantes desta dinámica o efecto capital e o deseño radial das principais infraestruturas. Os proxectos e investimentos realizados polo Estado na creación e modernización de infraestruturas persegue a centralización da actividade económica realizando novos e moi custosos proxectos que confiren a Madrid unha vantaxe básica por dispoñer antes que os demais desas innovacións inducindo unha dinámica que a propia inercia se encargará de realimentar. As melloras das infraestruturas existentes en materia de camiños de ferro, estradas e aeroportos sempre se realizan dentro deste enfoque radial de maneira que Madrid está cada vez máis cerca de todas as cidades pero estas atópanse máis alonxadas entre sí. Outros factores derivados da proximidade aos centros de poder político (acentuado coa política intervencionista do PP), a existencia de axencias reguladoras politizadas tamén localizadas en Madrid e o papel institucional monopolista que a Administración Central mantén en materia de política comunitaria e internacional incentiva ás empresas multinacionais a escoller a capital española como lugar principal de operacións.

Sede do BBV en Bilbao.

> ‘A dirixencia española parece optar por unha enorme e única urbe central tipo Buenos Aires, sendo o resto territorios privados de capacidade económica”

Este modo de actuación parece apostar por un sistema político-económico centralizado e unipolar cunha grande e crecente área no centro da Península e áreas satelizadas, sometidas ou pexadas na súa evolución por un sistema que ten como restricción insuperábel o paso obrigado pola Meseta. Se ben este modelo pode ter avantaxas para manter ao grupo burocrático-administrativo asentado nas beiras do poder político e institucional, dende o punto de vista económico e cultural semella regresivo e disfuncional tendo en conta o carácter marítimo-periférico de boa parte da actividade económica española e o carácter excéntrico de Madrid respecto das grandes áreas de desenvolvemento europeo e global. A dirixencia española parece optar por unha enorme e única urbe central tipo Buenos Aires sendo o resto territorios privados de capacidade económica, financeira ou decisional para inducir modelos de desenvolvemento propios creadores de riqueza. Folga sinalar que as áreas máis desenvolvidas do planeta optan por un modelo liberalizador, multipolar, democrático e competitivo.♦

As mariscadoras conseguen unha representación que lle era negada en moitas ocasión a pesar de ser un colectivo moi numeroso. Na fotografía, o esteiro de Vilanova de Arousa. A.N.T.

Democratiza a súa xestión e introduce transparencia

Os sectores progresistas aplauden o decreto das confrarías

H.V.

Aínda que a maioría das 63 confrarías de pescadores criticaron o texto, os sectores máis progresistas aplaudiron o decreto que regula estas institucións, xa que consideran que democratiza a súa xestión e introduce a transparencia.

Os 115 artigos do *Decreto 261/2002 de 30 de xullo polo que se aproban as normas reguladoras das Confrarías de Pescadores e das súas federacións* desenvolven a *Lei 9/93 do 8 de xullo das Confrarías de Pescadores de Galiza* e enchen os baleiros legais na organización e na representación destas entidades, aspectos que permitían interpretacións ás veces contradictorias.

A maioría das 63 confrarías galegas criticaron o texto que desenvolve unha lei que promulgara o conselleiro Henrique López Veiga na súa anterior etapa á fronte do departamento de Pesca. O fondo das diferencias aluden a un exceso de regulamentarismo e a unha eventual inxerencia da Administración no seo destes organismos.

Pero a procedencia das críticas –daquelas confrarías nas que as prácticas clientelares están máis viciadas– poñen de manifesto a auténtica intención dos que están opostos a este decreto, que non sería outra que a de conservar un poder que permite a intermediación política.

Outras críticas proceden de sectores progresistas –por exemplo o BNG– pero por razóns opostas, como sería a insuficiencia das medidas para impedir o caciquismo nas confrarías galegas. “Botamos en falta un verdadeiro afán democratizador para que non sexan axentes do PP”, afirmou o deputado nacionalista Bieito Lobeira.

Lobeira tamén considera que o decreto debería corrixir situacións como a falta de representación dos mariñeiros, xa que na actualidade os armadores están representados pero a tripulación non, así como, no momento da elaboración da norma, un maior diálogo cos sectores implicados.

A pesar das críticas, o deputado do BNG considera lóxico que os patróns maiores teñan que dedicarse á actividade pesqueira, algo que non sempre acontecía. “Neste aspecto, había casos negativos como o de Mugardos, aínda que en contraposición algúns patróns xa non relacionados co sector manifestaban moita sensibilidade, como o da Garda, Bertín Rodríguez”, sinalou Lobeira.

Loubanzas

Aínda máis positivas son as opinións que manifesta o patrón maior da confraría da Coruña, Torcuato Teixeira, enmarcado nas posicións máis progresistas do sector. Os tres aspectos que máis resalta Teixeira refírense á Asemblea Xeral, ao control das contas e á constitución dos órganos de goberno.

A creación da Asemblea Xeral permite a participación de socios que non tiñan acceso información, estima Teixeira, que lembra que ademais dos presupostos e das contas inclúe a necesidade de dar conta dos proxectos importantes. No que atinxe ao control das contas, o patrón maior coruñés lembra que esta práctica redunda en beneficio dos socios e no referente aos órganos de goberno, ao definir a participación de cada agrupación, permite que se defendan a sectores ata agora infra representados en moitas confrarías, como as mariscadoras, a pesar do seu elevado número.

Entre os aspectos negativos, Torcuato Teixeira sinala que é mellorábel en cuestións como a contratación de persoal, que agora esixe unha convocatoria pública cando sería mellor escoller aos traballadores en función da idoneidade ou o establecemento do sistema electoral segundo o desexo de cada confraría, para permitir a opción entre listas abertas –agora implantadas– e as pechadas, xa que ambas son igualmente democráticas. Aínda así, o balanzo que fai Teixeira é positivo e mesmo sinala que “hai moita xente que critica o decreto sen que o teña lido”.♦

CONVERSAS CON
Francisco Carballo

Santiago Prol
Xan Carballa

A NOSA TERRA

PACO VILABARROS

O número de produtos galegos é maior do que parece

O carné de identidade da cesta da compra

RUBÉN VALVERDE

Nas tendas hai moitos máis produtos galegos do que parece. A maiores do leite ou das augas mineiras, tamén son galegas moitas marcas de chocolate ou de produtos de limpeza, marcas que na maioría dos casos compiten contra o poder "da publicidade e da televisión", tal e como sinala Xoán Fariña, responsábel do Grupo Froiz.

Algúns dos artigos galegos son facilmente recoñecíbeis, como o café ou o chocolate, debido ao seu nome: Do Noso, As Campiñas, As Candelas, Cafegal ou Carmiña. Noutros casos aparece referenciado no propio envase, como cacao Express, que sinala que ten o "premio á mellor empresa galega de alimentación". Son pequenas empresas que tratan de competir contra xigantes como Saimaza, Bonka, Nestle ou Cola-Cao.

No sector dos refrescos a presencia autóctona tamén é significativa. A gaseosa ten unha longa tradición en diferentes localidades, pero cos refrescos de máis venda os problemas de introducción no mercado son maiores. A maior parte das vendas están copadas por grandes firmas multinacionais, como Coca-Cola e Pepsicola; e importantes marcas españolas, como La Casera ou Schweppes. Destaca entre as galegas unha empresa de Marín, Xiada, que mediante a estratexia do baixo prezo intenta facerse un oco no mercado. Sen embargo, na actualidade está a sofrir tamén unha forte competencia de prezos a cargo de marcas de centros comercias como Día, Familia ou Lidl.

Entre estas bebidas tamén é chamativa unha empresa que comercializa un produto similar ao Red-Bull, unha bebida enerxética que se vende baixo diferentes nomes e que se fabrica no Polígono do Tambre (Santiago). Adoita dirixir a súa distribución cara discotecas e locais de copas en substitución da bebida televisiva anteriormente mencionada porque lle sae máis barata ao dono do local.

Somos limpos

A proliferación de produtos de limpeza elaborados en Galicia non deixa de sorprender. O deterxente co anuncio máis cutre do mundo fabrícase en Silleda: Disciclín. Non se trata de lograr o óscar pero tamén, para un produto galego que se anuncia, podería ter unha cor e sintonía que non evocasen a Laranxito e o Mundial 82. Ademais, o lema escollido tampouco é de todo afortunado: "fai feliz a teu nariz".

Entre estes artigos de limpeza destaca tamén unha marca viguesa chamada Zorka, que fabrica ademais para distintas marcas brancas (produtos coa etiqueta dunha cadea de supermercados, pero fabricados por un proveedor alleo). Zorka fornece de produtos a Froiz e nos estantes do Alcampo aparece referenciado o seu quitagraxas como "Producto Galego de Calidade".

Pero para aplicar estes produtos fai falta o que seguramente sexa o mellor invento patentado en España: a fregona. En Galicia destacan tres empresas dedicadas a súa fabricación e á de vasoiras e cepillos: Barbosa e Hijos de Ourense, La Ibérica de Ourense e Mariño de Vilagarcía.

Pero se falamos de limpeza non hai que esquecerse do hixiene e do seu produto insignia, os rolos de papel. En Pontecesures existe unha factoría de papel de cuarto de baño chamada Bopapel. A súa comercialización abrangue Galicia, norte de Portugal e Castela-León. O seu xerente, Ánxel Lorenzo, sinala que "entrei no negocio do papel porque estou tolo. A competencia é moi dura e hai que loitar contra as marcas e a televisión mediante o prezo". De feito, no Alcampo pódese observar a diferencia notábel que existe entre as grandes empresas e Eixo, que é o nome comercial que utiliza Bopapel. Doce rolos de Colhogar custan 2,40 euros, de Scottex 2,69 euros, de Auchan 2'25 euros, mentres que os de Eixo se venden por 1,89 euros.

Ánxel explica que xa empezara traballando no negocio do papel hai 18 anos nunha empresa que acabou pechando despois de 11 anos de andadura, "entón foi cando decidín montar unha nova fábrica, porque vin que tiña un sector de mercado que podía abastecer". A empresa conta con nove empregados pero "temos moitas dificultades para expandirnos porque as centrais das grandes superficies comerciais non galegas, agás a do Alcampo, non se atopan aquí".♦

En Toledo tamén presumen de *Galicia calidade*

Hai algúns anos moitas marcas non lle daban importancia á procedencia dos seus produtos pero tal e como destacan os expertos en marketing, Ries e Trout, "existe unha lei do mercado que está metida na mente dos consumidores que é a de que todo o mundo sabe...". Nesa lei inclúen que a localización dos produtos é primordial. Por exemplo que o mellor caviar é ruso, o mellor cava é francés e o mellor xamón é o ibérico. ¿É verdade?, ¿Importa? Definitivamente non, porque tal e como sinalan Trout e Ries "o marketing non é unha cuestión de produtos senón de percepcións".

Pois hoxe en día podémonos atopar con importantes paradoxos. Larsa hai uns anos estaba dominada por capital galego e a marca non tiña ningún sinal de identidade que o reflectise. Agora que os donos da empresa son foráneos identifícase como "o iogur galego", incluso tendo nun dos laterais da caixa do "pack" a inscrición no noso idioma.

Outro caso paradigmático atópase nun dos "produtos estrela" de aquí: a augardente. Existen infinidade de marcas que comercializan a bebida e as súas variantes, como o licor café ou o augardente de mel. Entre estas empresas podemos destacar os nomes de *Abadía, Pazo* ou *Lúa Branca,* que ten a súa etiqueta escrita tamén en galego. A identificación da bebida con Galicia é tal que incluso fixándose ben ao ler as etiquetas, un pode sorprenderse. Por exemplo, hai un augardente que se chama *Lágrimas de Santiago,* baixo o nome pon "Orujo gallego", e a imaxe de marca é un peregrino coa catedral de fondo. Pero na letra pequena sinalan que está fabricado en... Toledo.

A procedencia galega como factor de prestixio chega a outros ámbitos. A maior parte das marcas brancas de conservas que se comercializan en España, teñen tamén a súa orixe en Galicia, así como un coñecido leite condensado. Nestle, a empresa con fábricas en máis países do mundo, ten a súa principal planta de produción deste dóce en Pontecesures, comercializado co nome de La Lechera.

Máis identificación galega que antes nas estanterías

Cada vez son máis tamén os centros comerciais que organizan semanas especiais dedicadas á nosa comunidade. Iván Campo, dependente de Alcampo, sinala que "agora os produtos están distribuídos polos estantes cunha etiqueta que sinala que están elaborados en Galicia. Sen embargo, moi a miúdo organizamos campañas sobre os nosos produtos e montamos unha sección especial na entrada e a verdade é que funciona moi ben". A política das grandes superficies está variando de xeito notábel en canto á identificación cultural. "Agora constantemente estamos a sacar catálogos sobre produtos galegos, algo estrañísimo hai anos", engade Iván.

Para Xoán Fariña, responsábel de Froiz, "nós intentamos na medida do posíbel traballar con empresas de aquí porque aseguran unha boa calidade aínda que ás veces non é posíbel porque fóra non funcionan algúns dos nosos produtos". Conta como anécdota que "en Castela-León unha vez preguntáronme como se metía o lacón de Louriño no forno". Ademais, sinala que unha das trabas fundamentais á hora de contratar cunha empresa que fabrique no país consiste "en que teñen que asegurar un suministro continuo e en grandes cantidades, para poder satisfacer a demanda de todos os nosos centros. Cando se cumpre esta premisa, somos os máis interesados en defender os produtos de aquí e promovelos", engade o directivo de Froiz.♦

Hoxe, **estás ti.**

Dende, millares de galegos vironse obrigados a emigrar. Galegos que co seu esforzo fixeron crucer lo noso país, construíndo máis de 300 escolas, asilos, bibliotecas, hospitais, centros culturais... Hoxe, de novo están na adversidade pero agora... están ti

Fundación Galicia Emigración

Axúdalles.
Colabora coa Fundación Galicia Emigración a través das seguintes entidades, ou infórmate no **teléfono: 902 50 42 50**

CAIXAGALICIA · caixanova · Banco Etcheverría · Banco Pastor · XUNTA

No conta Solidariedade **Galicia Emigración**

Reportaxe Gráfica: PACO VILABARROS

As boas comunicacións fortalecen as relacións comerciais co norte de Portugal

De compras a ambos lados da fronteira

RUBÉN VALVERDE

As relacións comerciais co norte de Portugal son cada vez máis fluídas. Galiza supón un punto atractivo para os nosos veciños do sur e viceversa. Grandes superficies como *El Corte Inglés* ou os dous *Alcampo* de Vigo e incluso o *Carrefour* de Pontevedra, convertéronse nos últimos anos en lugares de referencia para os habitantes do norte de Portugal. Entre as compras máis frecuentes dos veciños do sur en Galiza salienta a roupa. A moda galega xa non é ningún segredo, traspasando fronteiras nos últimos anos, ata mesmo trunfar dentro dun paraíso da falsificación como é o norte luso.

Sen dúbida, a mellora das comunicacións facilitou moito os desprazamentos entre un e outro lugar. Dende a inauguración da autovía moitos habitantes do norte de Portugal optaron por Galiza como lugar de compras en lugar do sur, que ten como enlace autoestradas de peaxe. Pola súa banda, os galegos seguen tendo a Valença como lugar habitual de compras.

Galegos e turistas españois en Galiza acoden a comprar a Portugal maioritariamente polos prezos máis baixos, especialmente en roupa, téxtil de fogar e gasóleo. Pola súa banda, os portugueses da zona norte afirman ir a Galiza porque as comunicacións son mellores que co interior de Portugal, porque existe maior variedade de productos, porque a calidade da roupa é mellor e ademais porque non é falsificada. Comercios como *El Corte Inglés* ou *Zara* convertéronse en centros que confiren un status elevado a quen porta os seus productos.

Os que veñen…

João, empresario portugués e comprador na Galiza

¿Que buscan os portugueses na Galiza?

A xente dun e doutro lado da fronteira adoita facer compras recíprocas. Nós imos á Galiza e eles veñen aquí buscando o que non temos.

¿Por que habendo tanta roupa aquí, compran no Corte Inglés ou Zara, por exemplo?

Imos porque a oferta é máis variada que aquí.

Ademais podemos atopar cousas que aquí non hai. No se trata do prezo. Seguramente os galegos veñen aquí a comprar productos que teñen calidade por un prezo inferior, pero nós buscamos variedade, cousas novas.

¿Como é que sendo os coches máis caros en Portugal non os compran no Estado español?

Hai xente que ten coche con matrícula española, pero o goberno esixe uns requisitos que non creo que moita xente poida cumprir. Entre estes requerimentos figuran ter unha residencia en España ou unha empresa alí.

¿Que diferencia hai entre o prezo do seu Audi aquí e na Galiza?

Con respecto a España haberá unha diferencia entre millón e pico e os dous millóns, debido ao imposto de automóbiles.

Os que van…

Bea, pontevedresa que fai compras en Portugal

¿Que atopa aquí que non haxa na Galiza?

Pois que, por exemplo, a roupa é máis barata.

¿Pensa que a mellora das comunicacións favoreceu que veñan máis galegos a Portugal?

No meu caso non, veño igual que antes.

¿Que tipo de productos mercou hoxe?

Roupa, toallas, xa sabes, o típico.

Os que de paso que veño todos os anos…

Pili, madrileña que sempre veranea en Galiza

¿Cal é o motivo de que veñan a Portugal?

De paso que dou un paseíño fago algunhas compras, pero non veño especificamente a comprar.

¿Que opinión teñen dos productos portugueses?

Xa os coñecíamos, como non varían nunca... Penso que antes era máis choio que agora, pero a xente ven comprar igual, porque segue habendo roupa falsa, que non ten unha calidade demasiado mala. Por exemplo, esta chaqueta que en Madrid pode custar 45.000 pesetas, en Valença atópala por 11.000 pesetas. A roupa falsificada segue sendo un gran reclamo.

¿Notan subida nos prezos con respecto a outros anos?

Hai vinte anos a xente viña como tola a comprar. Hoxe a diferencia non é tan grande.

¿Por que pensan que os portugueses van á Galiza a mercar?

Porque alí hai establecementos importantes, como El Corte Inglés. Aquí calidade, o que se di calidade, non hai, é un pouco roupa de batalla. Se queres calidade tes que pagala, como en todos os sitios.

¿Pensan que as comunicacións fixeron aumentar o fluxo de visitas entre un e outro lado da fronteira?

Por suposto. Eu recordo colas de varias horas na ponte da alfándega. Os accesos eran desesperantes.

Os que están…

Ana, dependenta nunha tenda de téxtil da Fortaleza de Valença

¿Pensa que o número de visitantes aumentou ou descendeu?

Aquí veñen sempre. Agora non hai colas para vir e a xente aprovéitao.

¿De onde son a maioría dos compradores?

Sobre todo galegos e do resto de España. Tamén hai cada vez máis portugueses que van mercar a Galiza e paran aquí de paso.

¿Por que ven tanta xente a facer as súas compras a Valença?

Porque o téxtil de fogar e a roupa son máis baratas. Débese a que a porcentaxe de ganancia é menor que en moitas tendas de alá.

¿Por que pensa que cada vez van máis portugueses a cidades como Vigo, Pontevedra ou Ourense a facer as súas compras?

A circulación é mellor, hai mellores vías. Os galegos van máis para o interior de Portugal e os portugueses adéntranse máis na Galiza. Agora chegas a Porto nunha hora e antes era unha odisea.

Os que aproveitan…

Jaime e Elisa, turistas alacantinos en Galiza

¿Que ofrece de distinto Portugal con respecto a Galiza?

Variedade, tendas moi próximas e, sobre todo mellor prezo.

¿A calidade que lles parece?

Eu penso que ven sendo a mesma.

¿Non lles sorprende ver marcas de roupa coñecidas tan baratas?

Si, a verdade é que os prezos son pequenos. Pero tamén os modelos son de tempadas pasadas.

A gasolineira de ouro

José, empregado dunha gasolineira

Como no caso da fábula do Rei Midas, a gasolineira GALP situada á entrada de Valença semella converter en ouro cada litro de gasóleo que lle serven os distribuidores. ¿Por que? Pois porque o combustíbel diesel está sete céntimos máis barato que a menos dun quilómetro: 0´63 euros en Portugal e 0,7 euros en Tui.

¿Veñen moitos galegos a repostar aquí?

Agora acaba de baixar de novo o gasóleo e pode volver a ser un reclamo.

¿Existen momentos de máis afluencia?

Hai un tempo, cando o gasóleo estivo tan alto en España, viñan moitas persoas a propósito a encher os depósitos. Pero logo subiu tamén en Portugal e só os turistas e persoas que viñan ao mercado repostaban de paso porque seguía sendo máis barato pero sen as diferencias de antes.

¿Por que subiu o gasóleo tamén en Portugal?

Porque o goberno decidiuno así e ademais tamén aumentou o IVE, que antes era do 16% e agora e do 19%. Por iso xa non hai tanta diferencia como antes, cando incluso viñan aquí camións de A Coruña e doutros lugares afastados de Galiza. Pero a partir de hoxe mesmo as diferencias volven ser grandes e os prezos poden volver a ser un recla-

Cada ano visitan Galiza máis de catro millóns de portugueses do norte

Segundo cifras da Consellería de Turismo, o número de excursionistas -visitantes por un día que non pernoctan- procedentes do norte de Portugal ata Porto foi no 2001 de 4.041.833. Como dato comparativo pódese sinalar que das outras rexións limítrofes -Asturias, León e Zamora- visitaron Galiza sen pernoctar 542.421 persoas. Este apunte deixa claro que as comunicacións despois de séculos seguen a ser mellores co país veciño que co resto do Estado.

O número de turistas portugueses que pasou cando menos unha noite na nosa comunidade elevouse ata os 463.195. Só das persoas consideradas excursionistas das rexións limítrofes con Galiza, estímase que deixaron en Galiza uns 365,5 millóns de euros. O gasto medio estimado dos excursionistas portugueses foi de 84,52 euros, moi superior aos 31,96 euros que supoñen os asturianos e casteláns leoneses. Outro dato significativo é o que sinala que a maior parte dos cartos que os portugueses deixaron en Galiza no pasado exercicio destináronse a compras, por riba do lecer, a comida e a viaxe.♦

Nº 1.048 ● Do 19 ao 25 de setembro de 2002 ● Ano XXV

Bilbao

Cargas e querelas

Dani Álvarez

A carga da Ertzaina en Bilbao e as denuncias do Goberno vasco e a maioría parlamentaria contra Garzón marcan o tono de crispación da política vasca.

A velocidade á que pasan as cousas en Euskadi é tan vertixinosa que moitas veces é imposíbel facer unha análise minimamente reflexiva do que acontece. O sábado 14 en Bilbao estaba convocada unha manifestación co lema *Gora Euskal Herria!* que pretendía denunciar o recorte de liberdades individuais e públicas, sobre todo polos últimos autos de Garzón. Problema número 1: novo auto de Garzón no que asegura que esa marcha é delictiva e convocada por ETA. A argumentación é ben sinxela: se Batasuna é ETA, o entorno de Batasuna tamén é ETA, quen está contra a ilegalización é de ETA, o meu veciño é de ETA e eu debo de ser do entorno de Batasuna, qué é o mesmo que ser de ETA, aínda que non fun á manifestación nin fun convocante. Pero os convocantes eran membros de ETA, aínda que ninguén os detivo, e suponse que aos integrantes de ETA hai que detelos.

¿Que quero dicir? Se a organización da marcha corre a cargo de terroristas, haberá que detelos. Segundo problema: a potestade de autorizar manifestacións corre a cargo do Departamento de Interior, polo que Garzón, unha vez máis, extralimítase nas súas funcións; pero el lanza o anzol, Javier Balza pica e prodúcese unha desmesurada carga da Ertzaintza que indigna aos milleiros de abertzales que acudiran a Bilbao de boa fe. O Goberno vasco pediu perdón a posteriori, pero é xa tarde, porque agora estamos no punto que Aznar quería: os bascos enfrontándose entre eles. Aznar observa marabillado como a Ertzaintza malla neses que a ven como a súa policía, mentres os escritos de Garzón son cada vez máis inverosímiles.

Pero, ¿como se pode afirmar que Batasuna é parte integrante de ETA, acusándoa de crimes contra a Humanidade nada menos, e que os seus dirixentes anden libres polas rúas? ¿Que clase de aberración xurídica é esa? Ante a avalancha de críticas, o Goberno basco decide darlle a volta á tortilla, e querélase contra Garzón, pasando ao ataque. Pero os nacionalistas xa saben que xogan en campo contrario, porque recurrir ao Supremo ou ao Constitucional é como pedirlle a un árbitro comprado que sexa parcial.

E tampouco perdamos de vista outra cousa, ETA tamén está cómoda con esta situación: leva moito tempo tentando darlle lexitimidade aos atentados contra a Ertzaintza. O do sábado en Bilbao pódelle axudar. Eu pregunto: ¿se a furgoneta bomba de hai poucos días en Bilbao lograse o seu obxectivo e matase a varios axentes, tería pasado o do sábado?♦

ANTÓN GARCÍA

Un manifestante espido achégase á Ertzaina instantes antes de a policía vasca cargar en Bilbao o pasado 14 de setembro.

O Goberno tacha de provocadores a tres deputados portugueses

H.V.

En relación co incidente na fronteira hispano portuguesa o 22 de xuño e no que a policía española non permitiu o paso dun autobús portugués que se dirixía á cimeira de Sevilla, a Secretaría de Estado de Relacións coas Cortes indicou que "se buscou a provocación das Forzas da Orde españolas".

Para o deputado portugués do Bloco de Esquerda, Francisco Louça, a alusión por parte do Goberno español a unha provocación previa "é uma alegação caluniosa e sem fundamentação alguna".

Nos incidentes citados na fronteira de Rosal de la Frontera do 22 de xuño, os deputados Francisco Louça, João Miguel Teixeira Lopes e Isabel de Castro (os dous primeiros do Bloco de Esquerda e a terceira dos Verdes) acompañaban a un autobús que se dirixía á cimeira europea de Sevilla cando a policía española impediulles o paso e agrediu fisicamente a Francisco Louça, segundo destacou un voto de protesto aprobado unanimidade pola Assembleia da República de Portugal.

No pronunciamento unánime do Palacio de São Bento, a Assembleia nacional protestou "veementemente por tão lamentábeis incidentes", así como "pela agressão de que foi vítima [Francisco Louça] por parte de agentes da polícia espanhola".

A resposta que agora chega procedente do Goberno español ante unha pregunta formulada polo BNG sinala que "o señor Louça, antes de chegar á fronteira, xa dixera que 'a atravesaremos custe o que custe'". Unha resposta de Louça indicou que esta cita "é uma falsificação". O deputado tamén lembrou que "os actos de violência da polícia espanhola não são justificados pelo goberno, nem é indicado o resultado do inquérito a estes actos que foi prometido pelo governo espanhol ao governo português".

Na resposta do Goberno español, tamén se indica que "a pesar de que o primeiro ministro, señor Durão Barroso, deu por pechado o incidente, a Asemblea da República aprobou por unanimidade o pasado día 27 unha moción de protesta, sobre os incidentes en Rosal de la Frontera, que tería sido enviada ás Cortes Xerais". Esta resposta do Goberno español mereceu que Franciso Louça considerase que "é gravíssimo que o goberno espanhol comente a oportunidade de um voto aprovado por unanimidade no parlamento português".♦

Frutos chámalle servil a Aznar na Festa do PCE

O secretario xeral do Partido Comunista de España, Francesc Frutos, aproveitou o seu discurso na Festa do PCE para criticar a política norteamericana e ao presidente do Goberno español, José María Aznar, a quen calificou de "servil".

"Europa non se desmarca da política norteamericana de Bush", denunciou Frutos, que engadiu que "Bush, ademais de contar cunha Europa sumisa, ten os seus submarinos especiais en Berlusconi, Blair e o servil Aznar".

O discurso foi o principal acto político da Festa do PCE, que celebraba o seu vixésimo quinto aniversario, xa que en 1977 tivo lugar a súa primeira edición. Cunha asistencia de milleiros de persoas, esta festa celebrouse na Casa de Campo de Madrid os días 13, 14 e 15 de setembro.♦

Francesc Frutos.

Nº 1.048 ● Do 19 ao 25 de setembro de 2002 ● Ano XXV

O que vale unha morte

MONCHO LEAL

Na semana de paixón deste setembro os informativos bombardearon, vala a expresión, con imaxes desde diversos ángulos dos acontecementos de hai un ano. Era coma a repetición das xogadas. Insistían no concepto de atentado máis grave da historia. As comparacións son odiosas, pero ese sentimento ten moito que ver con esta historia. Se as tres mil persoas que morreron mereceron esa homenaxe por parte dos grandes medios de comunicación mundiais, ¿Como sería o que conmemorase os centenares de miles de vietnamitas mortos por defenderse da invasión do exército de EE.UU.?, ¿Que habería que cantar para rememorar Hiroxima e Nagasaki?, ¿Como explicar que pouco despois de setembro morreu moita máis xente en Afganistán? Se as autoridades e personaxes famosos que leron os nomes de cada vítima do 11-S tiveran a ben, ¿Canto tempo precisarían para ler como se chamaban os trinta mil que a embaixada de EE.UU. axudou a desaparecer na Arxentina? Habería que pór a foto de cada unha das persoas ás que torturaron en todo o continente seguindo a didáctica da Escola das Américas, que adestrou a profisionais da picana, da bañeira, dos electrodos aplicados en corpos subversivos. ¿Cantos minutos lle dedicarían a relatar como é que quedaron as familias, que consulta de prestixioso psiquiatra xamais tiveron en Kandahar ou Bagdad? ¿Como estaban construídos os edificios que caíron baixo as bombas en Iraq, Vietnam, Afganistán, Panamá, Grenada,...? ¿Cómo é que foi a agonía dos prisioneiros de guerra afganos, que deixaron abafar en contedores? Xa que isto non o fan, podemos concluír que hai mortos de diferentes categorías. Nós seguimos laiándonos de cada unha delas.♦

Alcanza do 40% dos votos e garante a súa continuidade no goberno

A victoria socialdemócrata sueca despexa o camiño da esquerda en Alemaña

A.N.T.

O Partido Socialdemócrata sueco conseguiu o 40% dos votos nas eleccións lexislativas celebradas o domingo 15 de setembro e probabelmente forme goberno con axuda do Partido da Esquerda, xa que a suma entre senllas forzas está a só un escano da maioría absoluta do parlamento. Dáse por seguro que os Verdes facilitarán, coa súa abstención, a reelección do goberno de esquerda no país escandinavo.

O éxito do primeiro ministro Göran Persson abre o camiño cara a adopción do euro en Suecia e significa botar polo chan as esperanzas dos chamados partidos burgueses. O bloque conservador rexistrou un descenso, sobre todo no caso do Partido Moderado, que caeu en beneficio do Partido Liberal, próximo á ultra dereita.

Por outra banda, o éxito socialdemócrata sueco racha coa tendencia do voto do electorado europeo á dereita e reforza a posición da coalición entre socialdemócratas e ecoloxistas en Alemaña, onde o domingo 22 van celebrarse eleccións lexislativas.

En Alemaña hai tan só uns meses o candidato conservador, Edmund Stoiber, perfilábase como novo primeiro ministro, pero o actual xefe do goberno, Gerhard Schröder, reaxiu con ocasión das riadas en centro Europa durante o mes de agosto e cun discurso anti belicista fronte ao aliñamento de Stoiber con George Bush no que atinxe ao ataque ao Iraq. A posición de Schröder permitiulle reforzar as súas posibilidades e agora a victoria de Persson en Suecia actúa como factor psicolóxico que podería rematar por inclinar definitivamente a balanza electoral a prol dos socialdemócratas alemáns.♦

O primeiro ministro sueco, o socialdemócrata Göran Persson, durante un mitin celebrado en Estocolmo o día anterior ás eleccións.

Cúmprense 20 anos da masacre

As víctimas de Shabra e Shatila o mesmo número que as das Torres Xemelas

GUILLERMO SANTOS

Hai vinte anos, entre 16 e o 18 de setembro de 1982, as tropas israelís, despois de invadir o Líbano en xuño na operación "Paz en Galilea", entran en contacto co sector musulmán de Beirut. Acompáñanos a milicia dos cristiáns maronitas libaneses, o Exército do Sur ou Falanxe Libanesa.

Unen a estes dous socios escuros intereses económicos -tráfico de drogas, ouro, armas e afíns- e odio aos palestinos. Na tarde do 16 de setembro, o exército israelí cobre posicións que rodean o campo de refuxiados de Shabra, na periferia Sur de Beirut. Toda a cidade martelada por continuos bombardeos da aviación xudía agora sufre a ocupación de tres exércitos estranxeiros: o israelí, o sirio e a forza multinacional de interposición.

Pero esta última está ausente: retirouse despois do compromiso asumido por Tel Aviv de non invadir Beirut Oeste. Son as catro en punto da tarde cando os primeiros "comandos" entran en Shatila pola parte meridional. Empeza a masacre. Voan os machetes cortando membros humanos, abrindo en canal o ventre das mulleres encinta, degolando vellos e nenos. As cabezas das víctimas van parar á punta das baionetas e portadas como trofeos de guerra. Non hai un só combatente de Al Fatah a defender a súa xente. Os 8.000 homes da OLP que custodiaban a zona foron evacuados pola forza de interposición en base á promesa israelí de respectar a zona musulmán. Por iso en Shabra e Shatila non hai máis que vellos, mulleres e nenos.

A masacre dos dous campos durará corenta horas. Máis de dous días nos que os falanxistas violan e asasinan con método e puntualidade. Calexa por calexa e casa por casa, a soldadesca penetra, extermina e segue adiante. Cae a noite, pero o traballo continúa baixo as bengalas do exército israelí, que iluminan o perímetro.

Ningunha criatura maior de cinco anos escapa ás violacións que os comandos practican como un ritual. Despois, os corpos vexados son descortizados e dispostos sobre as mesas nunha parodia de banquete. Ao asasinato e a violencia carnal súmase ademais a tortura: se algún ten un anel cortaranlle os dedos, se uns brincos, as orellas. Instrumentos empregados: coitelos e machadas.

Ninguén escapa. Se algún o fai encontra aos soldados israelís fóra do campo e cae acribilado. Así pasa a noite, pero no albor as cousas empeoran. Os periodistas occidentais agrúpanse nas aforas do campo. Os soldados impídenlles o paso, pero os berros alertan do horror que se desatou dentro.

Aos falanxistas concedéselles todo o día e outra noite, na que iluminan a escena os helicópteros israelís e os da Sexta Flota americana. Despois, entraran outros douscentos falanxistas. Operadores ecolóxicos, estes, que cos *bulldozers* tratarán de borrar as pegadas do ocorrido. Tiran abaixo as casas, abren fosas comúns, pero non abonda. Cando ás dez da mañá do 18 de setembro os periodistas entran por fin nos campos recíbeos a fetidez dos corpos putrefactos. Verán e fotografarán milleiros de víctimas.

Os mortos foron entre tres e catro mil, aos que hai que lles sumar os mil civís entregados vivos polos libaneses aos hebreos e fusilados nunha estrada. Cinco mil.

Os responsábeis

A operación "militar" foi dirixida polo xefe dos servicios de informacións da Forza Libanesa Elie Hobeika, inimigo da OLP desde o comezo da guerra no Líbano, en 1975. A orde de executala partiu directamente do ministro de Defensa israelí de entón, Ariel Sharon, quen por estes feitos, certificados por unha comisión do Parlamento israelí, debeu renunciar ao seu cargo en 1983. Hobeika en tanto, chegou a xefe de Estado Maior das forzas armadas libanesas. Logo asina un acordo de paz cos sirios, que lle costa o exilio en Francia no 86, sen que alí o arresten. Despois volve ao Líbano e fai fortuna. Pero ao fin, non hai aínda un ano, comete un erro fatal.

Citado en xuízo ante os tribunais belgas por crimes de guerra e contra a Humanidade, promete asumir as súas responsabilidades se Sharon fai o propio. Promete contar todo o que sabe. Entón un atentado cálao para sempre.

Hoxe, o aniversario de Shabra e Shatila pasa en silencio. Para os cinco mil mortos non haberá flores, nin discursos, nin bandas de música. Só o silencio da morte para aquelas víctimas inocentes, que foron cinco mil, como as das Torres Xemelas.♦

The Washington Post asegura que os EE UU oferecen cuotas de crudo a quen apoien a guerra

O reparto do petróleo iraquí importa máis que o armamento de Saddam

A.N.T.

A admisión do regreso dos inspectores da ONU a Iraq detén polo momento a máquina bélica. Pero Estados Unidos parece disposto a ir adiante, prometendo o reparto do petróleo como engado aos países que apoien a súa política.

A Armada estadounidense está en estado de alerta bélica.

"Se ao concepto de guerra preventiva unimos o dereito ao botín, é dicir, ao petróleo, non sei se estamos facendo unha orde internacional na que podamos mirarnos", asegurou no parlamento o deputado socialista Manuel Marín. Era o eco das informacións que surcaron os xornais de medio mundo falando do intercambio de petróleo por apoio á guerra proposto polos Estados Unidos.

A idea publicitouna o *The Washington Post*, asegurando que xunto á US Army chegarían a Bagdad os técnicos da Exxon Mobil e a Texaco, dispostos a facerse co negocio de reparación e modernización das instalacións petroleiras e co reparto das imensas reservas de crudo iraquí, as segundas do planeta despois de Arabia Saudí.

O documento do rotativo norteamericano baséase en declaracións da industria americana, de opositores iraquies en Londres e dun ex director da CIA. Segundo este último, James Woosley, "Francia e Rusia teñen compañías petroleiras e intereses en Iraq. Deberíamos pedirlles que empuxen na procura dun goberno decente e asegurarlles que o novo gabinete de posguerra e as compañías norteamericanas colaborarían con eles. Se se alinean con Saddam será imposíbel entenderse con eles".

As contas do negocio

Cando rematou a guerra de 1991 asináronse moitos acordos que non chegaron a materializarse debido ás sancións da ONU. De feito o goberno iraquí reclamou que as inspeccións tiveron unha data límite para así poder sacudirse o bloqueo e facer efectivo o negocio. O pacto "petróleo por alimentos", foi unha pequena fenda, e aínda quer resulte paradóxico atá primeiros deste 2002 os Estados Unidos recibían 1.000.000 de barrís diarios desde as terminais iraquíes.

Empresas francesas como Total Fina e Elf, a angloholandesa Royal Dutch Shell e o consorcio hispano-italiano de Repsol-Agip, e compañías de Rusia, China e India teñen proxectos nunha chea de xacementos, pero a situación permanece bloqueada pola ameaza da guerra. Serve de exemplo que en 1997 a empresa rusa Lukoil comprometérase a desenvolver o xacemento de Qurna occidental, pero o asunto permanece parado, igual que un contrato de 40.000 millóns de dólares que se ía asinar entre Moscú e Bagdad xusto cando estoupou a actual crise, só nos últimos días vinculada aos atentados das Torres Xemelgas. Pola súa banda o consorcio francés Totalfina/Elf ía explotar un xacemento de 30.000 millóns de barrís ubicado en Majnoon. Como é coñecido tanto Rusia como Francia, membros ambos do Consello de Seguridade, só apoian a presión diplomática e a actuación baixo mandato exclusivo da ONU, unha decisión que non comparten Estados Unidos e Gran Bretaña, descoñecéndose cal pode ser a postura final de China se o conflito se enquista e a presión da guerra obriga a unha votación na ONU.

Debate en Madrid

A posición de Aznar, logo da admisión da entrada de inspectores variou unha miga. Rajoy declarou nas Cortes, o mércores 18, que "foi un paso na boa dirección e un anuncio esperanzador. Agora é o momento da diplomacia, o momento do secretario xeral e do consello de seguridade para evitar unha confrontación que ninguén quer".

Pola súa banda o deputado do BNG, Guillerme Vázquez, considerou "moi preocupante que Aznar avale os plans belicistas dos falcóns de Washington. O goberno apoia o obxectivo de control do petróleo de Bush desde un servilismo que resulta incompatíbel coa defensa dos intereses xeoestratéxicos do Estado español que, desde logo, están moi lonxe de seren os da enemistade co mundo árabe".♦

Paro xeral contra a política de Uribe

A.N.T.

Envoltos nun ambiente de tensión, 700.000 funcionarios e miles de campesiños de Colombia iniciaron un paro xeral en protesta pola política social e económica do presidente Álvaro Uribe, tan só corenta días despois da toma de posesión.

A ministra de Defensa, Martha Lucía Ramírez, denuncia que tras o paro, autorizado á última hora, despois de que fose prohibida o sábado anterior, atopa a guerrilla. Estas declaracións desataron a polémica e foron negadas polos lideres sindicais. Héctor Ríos, director da Escola Nacional Sindical, ve nesta afirmación "o pretexto para prohibir demandas democráticas. Parece ser o inicio da xeralización de recortes ás liberdades no país."

A protesta que se iniciou cun paro de doce horas, ten a súa orixe hai tres semanas nun decreto do goberno que conxela e suprime o pago das primas extra aos empregados oficiais. Miles de agricultores uníronse, con marchas cara as capitais provinciais, á protesta dos funcionarios. O paro campesiño manterase ata que o Goberno cambie a política, que na opinión das organización agrarias, arruína ao campo.♦

Aquí fóra

Das cen flores ás tres representacións

Xulio Ríos

A escasas semanas de reunirse o Congreso do Partido Comunista da China, arrecia o debate sobre a proposta de Jiang Zemin de incluir na filosofía e na política do comunismo chinés, a súa teoría das "tres representacións". Son os seus últimos cartuchos pois nas últimas décadas, na política chinesa, ninguén pode repetir máis de dous mandatos. Especúlase, non obstante, con que manterá por un tempo a presidencia da Comisión Militar Central, se ben, para sorpresa de moitos, podería non ser así.

A iniciativa de Jiang lembra a *campaña das cen flores* (1956-57) que tiña por obxecto incorporar aos intelectuais e científicos ao proceso revolucionario. Despois de dous anos de debate, o gran salto produciuse no discurso pronunciado o 31 de maio pasado na Escola central do Partido, presentando a súa teoría como unha nova reforma política, a de máis calado en tempos da *gaige* e a *kaifang*, iniciadas a finais dos anos setenta do século pasado. O obxectivo sería a modernización do Partido e por engadido, dada a posición clave que ocupa no sistema político chinés, de todas as estruturas estatais e sociais. Esto é coerente cunha das grandes liñas do proceso reformista, a modernización, pero ¿tamén coa inalterabilidade política? A evolución presenta a seguinte faciana: en 1978 falábase de tomar a economía planificada como factor preponderante e a función reguladora do mercado como auxilio; en 1984, de construír unha economía mercantil planificada socialista; en 1992, de instaurar un sistema de economía de mercado socialista; unha emenda constitucional en 1999 recoñecía que China permanecería no estado inicial do socialismo durante un longo período... o cal demora *ad infinitum* a chegada da sociedade prometida e permite seguir experimentado sen límites no presente.

> 'Arrecia o debate sobre a proposta de Jiang Zemin de incluir na filosofía e na política do comunismo chinés, a súa teoría das "tres representacións"»

Jiang, moi distanciado daquela etiqueta, errada, de conservador que emerxe das ruinas dos sucesos de Tiananmen (1989), fala da necesidade de acompañar os procesos de cambio en China e no mundo, de estimular novas formas de pensar, de integrar ás novas clases sociais emerxentes para conseguir que o Partido Comunista se transforme nun partido de todo o pobo. As tres representacións pretenden servir de argumento ideolóxico para facilitar o achegamento do mundo da empresa, da cultura, da ciencia, dos sectores máis dinámicos da sociedade contemporánea, evitando a fosilización do Partido. Moi atrás queda o discurso do combate aos inimigos do proletariado, en pleno auxe en 1989.

Os cambios que pretende Jiang e que sancionará o XVI Congreso con escasa oposición, provocarán unha recomposición ideolóxica do Partido e, sobre todo, porán en tela de xuizo os tabús da reforma que Deng enunciou para evitar a deriva capitalista do proceso: a ditadura do proletariado, o papel dominante do Partido, a perseverancia na vía socialista e o pensamento marxista-leninista e de Mao. Diluindo a rixidez destes enunciados, probablemente Jiang aspira a fagocitar os novos sectores sociais emerxentes evitándolles as tentacións de propiciar fórmulas alternativas de organización dos seus intereses que poderían a medio prazo cuestionar o papel do Partido.

Da consideración de vangarda ao interclasismo, sen medo á socialdemocratización, hai quen propón xa un cambio de nome, a introdución de cambios na organización dos Congresos para facelos máis participativos, a extensión da experiencia das eleccións dos comités de aldeanos ao ámbito urbán... Promete ser este un outono novidoso en China, aínda que nada se sabe a encia certa do parecer de Hu Jintao, o sucesor de Jiang Zemin, que debería xestionar a fondo o novo discurso sen medo á reestruturación do sistema. Unha razón a máis que xustificaría a presencia entre bambolinas por un tempo do propio Jiang. Podemos estar ante a reinvención da reforma.♦

Xulio Ríos é director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, www.igadi.org

Nº 1.048 ● Do 19 ao 25 de setembro de 2002 ● Ano XXV

Os equipos de fútbol están obrigados a xogar millor para subsistir

¡Viva o fútbol, abaixo os resultados!

PUCHEIRO

O espectáculo futbolístico está nunha crise tan profunda que pode morrer de éxito. Este paradóxico enunciado pecha unha verdade evidente, por máis que se tente tapar cos panos das primeiras paxinas xornalísticas: o fútbol de alta competición ten que cambiar para subsistir.

Xogar ben será fundamental para gañar espectadores na televisión. PACO VILABARROS

Ao implantarse as televisións de pago, estas usaron o espectáculo futbolístico como grande reclamo para conseguir abonados. As televisións xeneralistas tiveron que entrar tamén na poxa, triplicándose, en dez anos, a maioría dos orzamentos dos clubes e, en tan só cinco, as fichas dos principais xogadores. Ata Álvarez Cascos decidiu declarar parte do espectáculo de "interese xeral".

Os equipos entraron nunha carreira de can que lle ladre, para conseguir os millores contratos coas televisións. As televisións unicamente demandaban partidos que retransmitir. Os oficiais pagábanse máis. Así se forxou á idea de que o importante era gañar, meterse nas competicións europeas para poder cobrar das televisións. Os futbolistas de elite foron os grandes beneficiados e as canteiras as grandes prexudicadas. O mercado de xogadores toleou e non era preciso mercar xa para xogar millor, nin para gañar, senón para que a televisión entrase no mercado de tal ou cal país.

A inflación futbolística non só descapitalizou monetariamente á maioría dos clubes, senón que prescindiu do capital humano de recambio, ollándose na obriga de recurrir continuamente a un mercado máis competitivo. As leis europeas acentuaron a mobilidade dos profesionais, empobrecendo aínda máis a canteira.

Isto é a ruina

En Portugal a maioría dos clubes atópanse arruinados e o Goberno nin sequer sabe se dará rematado os estadios para celebrar a Eurocopa dentro de dous anos. Se non declaran a quebra é polos efectos sociais. No Estado español, o PP salvou o Real Madrid, recalificándolle os terreos da Cidade Deportiva. Pero os outros clubes tamén caerían como un castelo de cartas se Facenda se decidise dunha vez a cobrarlles as débedas. Case douscentos millóns de euros. O plano de salvamento que realizou o PSOE hai dez anos e a conversión en sociedades anónimas non serviu para nada. Os clubes están aínda en pior situación.

En Escocia tivo que intervir tamén o Goberno para salvar a súa liga, pois só quedaban dous clubes: o Celtic e o Glasgow Rangers. En Italia a liga retrasou dúas semanas o comezo porque os clubes pequenos non podían participar se os catro grandes equipos non lles daban parte dos seus ingresos televisivos. Nos últimos anos descenderon a Segunda seis dos grandes clubes italianos por bancarrota, entre eles o Nápoles e a Fiorentina. O Lazio leva un camiño semellante.

Pero as primeiras en caír foron as televisións de pago. Unhas en quebra, como en Alemania, Escocia e Inglaterra. Outras decidiron aliarse ás súas competidoras, como en Italia, Francia e España. Con elas caiu o mercado, as poxas por facerse cos dereitos dos clubes. As rebaixas do que se está a negociar agora en toda Europa, incluído o Estado español, está na mitade de que pagaban hai catro anos. Pero o problema é que algúns clubes, como o Barcelona, xa teñen gastado o diñeiro que recibirán das televisións nos próximos dous anos.

Os socios non manteñen os clubes

Un equipo que encha un campo cada quince días, non lle dá pagado á plantilla, como lle ocurre ao Celta. O diñeiro ten que vir das televisións e as televisión van pagar (agás cafarnuxadas políticas) segundo os televidentes reclamen ollar o partido.

O mercado, instrumento do que a maioría dos directivos afirman que debe ser o principal ente regulador, está a impor a súa lei. A lei da oferta e da demanda. Os equipos mídense agora por dúas variábeis para cotizar no mercado: unha a súa imaxe, a outra o seu bó fútbol.

Ambas marcan a afección que realmente sigue a ese equipo. A afección que paga. Uns espectadores que van comportarse de xeito semellante aos do cinema: só ollará o que lles interesa. Pero, un fútbol que é dixeríbel no campo, entre a masa, vóltase imposíbel na soedade da casa. O espectador, na vez de pagar as 2.000 pesetas recurrirá aos bares.

A imaxe dos equipos é un suxeito complicado, no que inflúe a historia, tanto recente como máis lonxana, pero tamén as filias, fobias e os intereses entrelazados con diversos medios de comunicación. Agora xa non é posíbel manter un equipo unicamente co apoio incondicional dunha cidade. Os seus siareiros e amadores teñen que atoparse nun espacio máis amplo. Os clubes de longa historia que sempre xogaron á centralidade ou contra esta centralidade no imaxinario colectivo están moito millor posicionados pola masa de seguidores que arrastran. O Real Madrid e o F.C. Barcelona serían os dous claros exemplos. Existe outra centralidade, a nacional, que ten que ir apoiada nunha clara identificación a todos os niveis como é o caso do Bilbao.

Aos demais clubes unicamente lles vale unha aposta: a do bó fútbol. Xogar ben é o único xeito de facer a estes equipos "simpáticos" ou queridos por outras afeccións. E a única maneira de que decidan ollar o partido as persoas que, verdadeiramente, gustan do espectáculo futbolístico máis alá dunha identificación histórico/infantil ou de necesidade de autoidentificación persoal.

Xogar ben, así de sinxelo, será o principal valor. Máis alá mesmo de gañar. O de gañar unicamente lle interesa aos siareiros. Pero se un equipo xoga mal, se aburre, ninguén máis vai pagar por velos. E os siareiros, por sí sós, non dan mantido o clube nos niveis actuais de gastos.

En Italia xa existe un debate nacional sobre o seu fútbol teimudo nos últimos anos en apostar unicamente polos resultados. Aquí, algún clube, cando queira darse conta, estará na Terceira batizado de novo. Cando esto comece a pasar, voltará o fútbol espectáculo. Voltarase a xogar.♦

Eugénio de Andrade premio PEN Clube

Por *Os Sulcos da Sede*, Eugénio de Andrade recibiu, o pasado 16 de setembro, o premio PEN Clube de Portugal na categoría de poesía. Patrocinados polo Instituto do Libro e da Biblioteca dende a súa creación, hai 23 anos, os premios literarios do PEN escolleron a este poeta pola súa calidade e por ser o único da súa xeración ao que non se lle outorgara este premio. En ficción escolleuse *Lillias Fraser*, de Hélia Correia, e en ensaio galardoouse a María Alzira Seixo e João Barrento.♦

O tradicional, de portas abertas

A tradición dáse cita o vindeiro 21 e 22 de setembro en Vigo, nas II Xornadas de Portas Abertas, da man da Asociación Cultural Folclórica O Fiadeiro. Cursiños de técnica de pandeireta, canto tradicional, danza, percusión, iniciación a gaita e xogos tradicionais son algunhas das actividades que ofrece a agrupación, seguindo co propósito que a viu nacer no 95, a conservación e transmisión da tradición galega.♦

Patricia Ferreira.

As Murallas do Cine de Autor

A partir do domingo comeza a vixésimo cuarta edición da Semana Internacional do Cine de Autor de Lugo, organizada polo colectivo Fonmiñá. Cun presuposto de 36.000 euros, presenta cinco apartados, entre eles o ciclo a Billy Wilder e Mulleres detrás da cámara. Este último espacio abrirá as xornadas, cos pases gratuítos de *Entre Roxas*, *¿Ola estás soa?*, *Chuvia nos zapatos* e *O Alquimista Impaciente*.♦



AN NOSA TERRA
Nº 1.048
Do 19 ao 25 de setembro de 2002
Ano XXV

Cultura

A lectura, 1990, de Mercedes Ruibal.

Cinco escritores falan dos seus irmáns artistas

Inaugurouse en Madrid a ampla exposición-homenaxe *El exilio* coa chamativa ausencia da historia dos galegos, vascos e cataláns que fuxiron. En Compostela prepárase a segunda parte do proxecto *Corpos de producción* que o pasado ano encheu a cidade dunha proposta artística alternativa e crítica co discurso dominante, mentres en Vigo Mónica Alonso mostra os seus *Productos placer* na galería VGO. Tamén a pares veñen as noticias para o ensaio, mentres se coñece o fallo da segunda convocatoria do premio Ramón Piñeiro, o concello de Pontevedra abre o prazo de presentación de traballos para o *Sempre en Galiza,* o mellor dotado economicamente da súa categoría. En Portugal, o mozambicano Mía Couto presenta a súa nova novela *Um Río Chamado Tempo, Uma Casa Chamada Terra* o día 28 no inicio no Porto do II Encontro de Culturas *PorÁfricas*.♦

Cultura

Os escritores falan dos seus irmáns artistas

Freixanes, Cáccamo, Murado, Ruibal, Baixeras, apelidos de creadores literarios e plásticos

CARME VIDAL

Non é difícil que nos seus catálogos de exposicións aparezan textos escritos polos seus irmáns. Víctor e Xosé Freixanes, Xosé María e Berta Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo e Antonio Murado, Xavier e Rafael Baixeras e Mercedes e Ánxeles Ruibal son pares de nomes nos que o primeiro corresponde a un escritor e o segundo a un pintor. Ás veces na propia casa atoparon o xermolo da súa vocación creativa, noutros casos nada facía indicar que a mesma familia fía dar dous creadores. Cos escritores falamos da obra dos seus irmáns artistas e eles descubriron proxectos comúns e puntos de coincidencia nos seus traballos.

No caso dos Álvarez Cáccamo a vocación artística non só se reduce aos dous irmáns citados senón que se multiplica en distintas xeracións. Xosé María e Berta, pero tamén Celso e Alfonso, escritores, ou Darío Álvarez Basso, pintor na última xeira dos Álvarez. Cando se lle pregunta a Xosé María pola obra de Berta os comentarios sáenlle de corrido, deixando á vista que coñece á perfección o seu traballo: "Intento ser obxectivo pero coincido coa valoración que moitos críticos fan da súa obra, é un traballo riguroso, pensado, nada improvisado, cun lirismo sutil, polisémico e aberto a suxerencias. Trátase dunha obra ascéptica en medios expresivos, que usa voluntariamente poucas cores, con grande esforzo de contención e síntese". Pero fora dos comentarios artísticos, a Xosé María non lle costa lembrar os inicios creativos de Berta, cando de cativa comezaba a facer os seus primeiros trazos e el a animaba a que continuase debuxando. Garda, de feito, aqueles primeiros garabatos de Berta. Da artista é a ilustración da portada do libro *Escolma de familia* que recolle unha antoloxía da producción poética dos Álvarez pero Berta ten colaborado tamén con Xosé María na elaboración dunha carpeta con gravados e poemas, ilustrando o poema "Prego de cargos" ou poñendo a capa dunha obra de teatro do seu irmán. "Na casa había moitos libros pero tamén cadros, a meu pai gustáballe moito a pintura e tiña Lugrís, Laxeiro ou Maside e seguro que o ambiente familiar influíu en que fose artista" comenta Xosé María, anotando tamén que cando o pai morreu aínda Berta estaba a comezar a súa carreira e nin Celso nin Alfonso se tiñan estreado como escritores.

"Foi un investigador da pintura que buscou a verdade á marxe de anécdotas, intentou ser el mesmo e ao mesmo tempo inspirouse nas tendencias pictóricas que considerou máis válidas. Pasou por moitas épocas, desde o tempo de estudiante no que se aprecia a presencia de Bacon ate influenciarse polas vangardas ou o expresionismo abstracto americano pero na última época creou un estilo persoal a través dunha transformación interior pero non pudo desenvolvela de maneira cabal debido ao seu falecimento". Deste xeito explica o poeta Xavier Rodríguez Baixeras a obra do seu irmán Rafael, de quen destaca en especial a súa "forza interior, sinceridade e fe na pintura". Os pais eran músicos e ademais dun poeta e un artista terían como fillos a Antonio, narrador e autor da novela *O rei dos ameneiros,* e a Enrique, un dos pioneiros do cine nos anos setenta. "O feito artístico vivíase con interés na casa pero tamén con esixencia. Gustáballe que fosemos escritores e artistas pero querían que o fixesemos con seriedade, o que é indubidábel é que aquel ambiente influíu en nós" comenta Xavier. "É difícil atopar coincidencias estéticas entre a obra de Rafael e a miña aínda que si temperamentais como a fe no que se fai e a autenticidade" engade. A Rafael dedicoulle Xavier uns sonetos de caracter elexíaco e un cadro do irmán ilustra a capa do seu último libro *Eclipse*. Rafael tomou da obra do poeta algúns dos títulos para os seus cadros e, cando recibía a súa visita en Segovia, pedíalle opinión sobre a súa obra. "O cadro de Rafael recollido no libro gústame especialmente. Significa a beleza e a pureza da pintura e escollino para colocar sobre un fondo negro como simboloxía do eclipse", afirma Xavier Rodríguez Baixeras.

A mesma mirada

O pai dos Fernández Freixanes, en cambio, levou un susto ao saber que aos seus fillos Víctor e Xosé déralles por ser artistas. Víctor lembra con gracia como entrou un día e contoulle que quería dedicarse a escribir. "De seguido chegou Xosé e comunicoulle que quería ser pintor e el tardou en reaccionar do susto", comenta daquel proxenitor que esperaba ter na familia un arquitecto e un profesor. Víctor Freixanes confesa unha relación moi próxima co seu irmán e, no creativo, identifícase con el "pola súa mirada sobre a realidade, pola maneira de tratar os problemas a través da arte como vía e reflexión sobre o coñecemento e mesmo compartimos as teimas da memoria, o tempo e a relectura da identidade con mirada de futuro". Non se atreve Víctor a valorar a obra de Xosé pero si apunta que o seu irmá posúe unha traxectoria "que parte da honestidade e dun concepto de universalidade que non deixa nunca á marxe as súas raíces". A complicidade humana entre os dous irmáns –"estamos moi unidos na crónica persoal, sentimental e biográfica" afirma- tomou corpo artístico no diálogo que estableceron na serie *Dende as varandas,* publicada en *La Voz de Galicia,* na que Víctor Freixanes era autor dos textos e Xosé das ilustracións.

De arriba abaixo e de esquerda a dereita: Antonio e Miguel Anxo Murado; Mercedes e Ánxeles Ruibal; Xosé e Víctor Freixanes; Berta e Xosé Mª Álvarez Cáccamo; e Rafael e Xavier Baixeras.

Se Xosé María Álvarez Cáccamo "incitou" a Berta a pintar, gracias á artista Mercedes Ruibal pudo a súa irmán Ánxeles adicarse á música. Poeta, compositora e cantante, Ánxeles considera que a pintura de Mercedes é "comprometida cos homes, non fuxe dos problemas, pinta as miserias e iso é o que máis me impresiona dela. Os cadros poden ser molestos, doer, pero son realidade. Igual que un poeta escribe, ela plásmao nuns lenzos cargados de mensaxes", afirma. Tal vez por esa razón o cadro que máis lle impresiona de Mercedes é aquel no que a pintora elabora unha homenaxe ao cantautor Víctor Jara. "É unha época conmovedora, a que máis me estremece porque a dor e a traxedia estaban naquelas obras". Mercedes Ruibal non se esquece na conversa de mentar ao seu outro irmán escritor, o finado Xosé, autor dramático. "Meu pai estudiara para cura e deixara a sotana despois de oficiar misa e para aquela época tiña unha grande cultura. Era unha biblioteca andante e todos crecemos coa literatura, el recitaba versos e obras de teatro e inventaba contos para nós" explica, da casa que compartiron na parroquia pontevedresa de Xeve onde Ánxeles compaxinaba os seus inicios na canción cos labores do campo.

Un en Nova York, outro en Oriente Medio

Miles de quilómetros separan ao Murado pintor do escritor. Miguel Anxo está en Oriente Medio e Antonio leva seis anos vivindo en Nova York. "Creo que é un pintor dunha habilidade técnica que xa non se ve frecuentemente e, sobre todo, dunha honestidade artística que aínda é máis rara. Toda a súa obra ten un discurso coherente, comprensíbel; sen caprichos nin estridencias" destaca Miguel-Anxo. A nai dos Murado é artista plástica e o pai pintou na mocidade e logo pasou a dirixir curtametraxes, foi o primeiro en facer unha película en galego, e nos últimos meses da súa vida atopou a súa vocación de escritor, cóntanos Miguel-Anxo para xustificar a súa idea de que o ambiente da casa influíu en que os dous irmáns se dedicasen á arte, Antonio desde a infancia e Miguel-Anxo "como un neno soñador que chega de maneira inesperada á literatura". A distancia impide que as colaboracións entre os Murado sexan máis asiduas pero non lle costa a Miguel-Anxo valorar "os bos resultados" que acadaron en 1986 co proxecto conxunto *Bestiario dos Descontentos,* o seu libro ilustrado por Antonio, para quen tamén el elaboraría textos para algúns catálogos de exposicións. "O *Bestiario* ten para min un significado especial porque é unha obra que fixemos xuntos pero gústanme a maior parte das series que fixo nos últimos anos, quizais especialmente a última serie sobre paisaxes xeados coa que teño unha conexión especial" explica Miguel-Anxo cando se lle pide que escolla algunha obra significada persoalmente da traxectoria do seu irmán. As razóns de preferir as paisaxes xeadas explícaas no texto do catálogo da recen exposición de Antonio no Centro Galego de Arte Contemporánea, un artigo que, fronte o frío que evocan as imaxes está cheo de calor e de memoria dunha infancia compartida.♦

¿Galego? ¿Portugués? ¿Galego-portugués?

VÍTOR VAQUEIRO

Paseo cun amigo –a quen, para entendermo-nos, nomearei como N dende agora– por un lugar situado nun concello sulino da Galiza que non definirei. Nun carreiro que transcorre ao pé dun pequeno conxunto de carballos, atopamo-nos cun home de mediana idade, viciño do meu acompañante, descoñecido para min até aquela data e a quen chamarei S, con quen comezamos unha breve conversa sobre a eterna temática do tempo e as colleitas, que dixo Celso Emilio, a cal nos leva, inexorabelmente, ao problema dos incéndios forestais, ao teimudo estrago da natureza, á mudanza climática que o noso interlocutor identifica co buraco (inda que el di "agujero") de ozono e tamén á festas gatronómicas. Despois de despedirmo-nos continuamos o noso percurso finalizando a parolaxe que, debo salienta-lo, transcorreu integramente en galego, língua que o noso interlocutor manexaba cunha fonética impecábel e un acerto sintáctico tallante.

Duas semanas máis tarde N e máis eu vemo-nos outravolta. Pon-me ao corrente de que, uns dias despois do noso encontro, falando co seu viciño, este referira-se a min como "o seu amigo portugués". Abraiado, N nega tal hipótese, perguntando, a seguir, cales son os motivos que conducen a S a tal conclusión. A resposta deste é instantánea: o seu amigo di, entre outras palabras, *pobo*, *branco*, *prato*, *avó* ou *illa*, palabras todas elas portuguesas, xa que, como se sabe, eses termos en galego acollen, respectivamente, as formas de *pueblo*, *blanco*, *plato*, *abuelo* e *isla*.

Reflicto no que N me conta, comparando-o coa miña própria experiéncia de viaxe polo país dende hai máis de trinta anos. Esa experiéncia empata, ponto por ponto, co que S afirma, porque para amplos sectores do noso pobo –consecuéncia dunha pedagoxia sinistra e dirixida– portugués e galego son línguas diferentes. Reflicto nos vocábulos que, día a día, con traballo e esforzo, imos reintegrando ao noso idioma, devolvendo-os ás palabras da tribo e así podemos hoxe, coa normativa oficial na man, escrebermos arrastar mais non resgatar, demolir mais non reitoral, gosto mais non dicer, liberdade mais non faculdade, inteiro mais non escarñio, revogar mais non vogal, ruminar mais non sul. Dira-se-me que misturo todo e que cada termo é un caso de seu. Eu, embora, fico na seguranza que resgatar, reitoral, dicer, faculdade e moitas máis serán formas oficiais coa pasaxe do tempo, como o foron outras ás que, teimudamente, se lles tentou fechar o avanzo.

Quousque tandem?♦

Primeira homenaxe a Xoán Xesús González, 66 anos despois do seu fusilamento

A.N.T.

No cemiterio de Cequeril (Cuntis) celebrouse o pasado xoves 12 de setembro a primeira homenaxe ao escritor, xornalista e político Xoán Xesús González, fusilado hai 66 anos cando loitaba por defender a legalidade republicana diante do golpe de estado militar. O acto estivo organizado pola Asociación O Meigallo de Cuntis, a mesma que levaba anos reivindicando a figura de Roberto Blanco Torres, a quen se lle adicou o Día das Letras Galegas no ano 2000.

O acto celebrouse no cemiterio de Cequeril, organizado pola A.C. *O Meigallo* de Cuntis.

Unha ofrenda floral na tumba de Xoán Xesús González rubricou o acto organizado pola Asociación Cultural O Meigallo que contou coa participación da Fundación Castelao, a Alexandre Bóveda, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e o Colexio de Xornalista e o apoio de distintas entidades e asociacións culturais. É a primeira vez que se homenaxea a este escritor nacido na parroquia cuntiense de Sebil pero, por parte da Asociación O Meigallo, o acto serve de pórtico para poñer o inicio a unha campaña que busca o recoñecemento e a divulgación da súa figura. "Foi unha débeda que contraemos xa cando estabamos promovendo a figura de Roberto Blanco Torres. Neste caso estamos diante dun home dun activismo máis acentuado aínda, cunha militancia política combativa", sinala Marcos Seixo, promotor da homenaxe e autor do estudio introductorio e a edición da novela de Xoán Xesús González *A modelo de Paco Asorei* recen reeditada (Xerais).

Do escritor destaca Seixo o seu compromiso "coa literatura e co proxecto defendido por Leandro Carré de facer unha escrita divulgativa, nos seus libros prima a vontade de activismo cultural partindo da marxinación da literatura galega". O silencio sobre Xoán Xesús González explícao Seixo pola súa "forte implicación política, era roxo e definiuse como independentista en determinados momentos como se pode ver na escrita patriótica dos seus ensaios". No estudio introductorio da súa novela, Marcos Seixo afonda tamén na biografía deste personaxe que traballou arreo para compaxinar os estudios polos que devecía e o traballo no campo e de canteiro que precisaba para sobrevivir. "Esa ansia por formarse trasládaa tamén á vontade de que o ensino chegue tamén ás clases populares e exemplo desa idea está, por exemplo, na conferencia que el pronunciou sobre a cultura como forma de liberación galega, tamén el se sentiu liberado cando accedeu á cultura". En canto á calidade literaria da súa escrita, Seixo apunta que, fora desa primacía na idea de crear unha literatura de divulgación, na súa novela apréciase a aplicación de novas técnicas literarias que o converten nun modernizador da literatura galega.

Xoán Xesús González colaborou como xornalista en *A Nosa Terra, El Compostelano, La Carpa, El Pueblo Gallego, Raza Celta, Galicia* ou *El Emigrado*. En narrativa asinou obras como as tituladas *Ana María, A filla da Patrona* ou *A Modelo de Paco Asorey* e visitou tamén o ensaio no que creou textos de marcado carácter marxista e nacionalista. Fundou en 1932 a Unión Socialista Unificada e despois do golpe militar púxose á fronte do Tercio de Calo coa vontade de defender ate o fin a legalidade republicana. O 12 de setembro de 1936 foi fusilado no cemiterio de Boisaca.♦

Memoria da represión e a resistencia

Marcos Seixo pronunciará unha conferencia o luns día 23 na Galería Sargadelos de Pontevedra sobre Xoán Xesús González e Roberto Blanco Torres. O acto marcará o inicio do ciclo de conferencias "A adversa reconquista da palabra", organizado pola Asociación Cultural Maio Longo, coa colaboración da delegación de cultura do Concello de Pontevedra no que se inclúen tamén a conferecia de Xoán Carlos Garrido sobre Manuel García Barros, de Bieito Alonso arredor do labor dos exilados e de Camilo Gómez Torres sobre Manuel María e o activismo cultural desenvolvido desde os anos corenta ate a actualidade. O ciclo quere conmemorar o 50 aniversario da denuncia dos intelectuais galegos, vascos e cataláns pola situación de represión que vivían as súas linguas e culturas diante do ingreso do Estado Español na UNESCO. As xornadas comezarán o venres 20 cun concerto do grupo *Quinta Feira* que terá lugar no Teatro Principal ás 22 horas.♦

ALTERNATIVAS

Horizontes poéticos
de Luciano Rodríguez

Unha viaxe pola poesía ibérica actual

Cinco voces poéticas e cinco linguas en diálogo con Luciano Rodríguez.

Àlex Susanna, catalana; Felipe Juaristi, enxeñeiro; Pilar Pallarés, galega; Luis García Montero, española e Fernando Pinto do Amaral, portuguesa.

XERAIS
xerais@xerais.es · http://www.xerais.es

Cultura

NARRATIVA

Sentimentos arredor do mar

Catorce relatos de Rosa Aneiros

Título: Corazóns amolecidos en salitre.
Autora: Rosa Aneiros Díaz.
Edita: Laiovento.

Por *Corazóns amolecidos en salitre* a Rosa Aneiros foille concedido no 2000 o premio de Narración Curta Carvalho Calero. Antes xa fora distinguida co Lueiro Rey (1996), o Modesto R. Figueiredo (Pedrón de Ouro, no 1998) e no 2001 sería agraciada co Manuel Murguía. Sen embargo os premios de narrativa curta non acadaron aínda unha proxección mediática acorde coa súa calidade -cancro de toda a literatura galega que sofren en especial xéneros como este- polo que, no panorama da narrativa é sobre todo coñecida por *Eu de maior quero ser* (Sotelo Blanco, 1999; novela de ambiente xuvenil, estudiantil e compostelán, centrada nas relacións humanas cando chegan a ese punto de inflexión que demarca o futuro) ademais dos contributos a *Relatos* (Librería Cartabón, 1999), e ao volume *Narradoras* (Xerais, 2000).

Os catorce relatos que forman *Corazóns amolecidos en salitre* van precedidos dun "Limiar" no que se anuncia ao mar como a obsesiva presencia que, como un pesadelo recorrente e teimudo, porfía en non dar tregua. Mar calificado como "absurdo", "neno rabioso" ou "maldito infame, dono de mil tristuras", que o avalo prácido, romántico e vivificador agacha debaixo o devalo tráxico, traízoeiro, tiránico. Ademais, cada un dos catorce relatos vai encabezado por unha cita que recolle palabras de xentes vencelladas ao mar, nas que se manifesta máis unha vez esa dupla condición que por un lado induce ao amor e por outra ao odio; algunhas veces recoñéceselle importancia como medio de vida, símbolo da liberdade, da forza, pero case sempre pode a visión como condena que un non sabe ben (mentres non chegue o caso) se maldicir ou agradecer.

O primeiro dos relatos, "Trixoloxía das mareas", é unha perfecta mostra do que dicimos (conta as vidas de Balbina, Andrea e Aroa, ás dúas primeiras roúballes aos maridos) e como se vai metendo nos adentros (pero a Aroa lévaa a ela), fundindo vida e lenda, a vida de fóra e a de dentro. Tres dos relatos ("A dona das galletas de nata", "A estraña muller de ollada morta" e "A ría de cons vermellos") viaxan a un mundo entre o pesadelo, a lenda e a propia imaxinación creativa, mais tampouco este se ve fóra do fatuum que percorre o libro, tamén aquí hai cons, penas, que o mar con todo pode.

Rosa Aneiros.

Non se pense, sen embargo, que en todos o mar ten presencia tan dominante. Tamén hai relatos de terra adentro, o ancarés "Deixando sitio", por exemplo, pero aínda así sempre estará aí como referencia que nunca poderá esquecerse porque segundo progresamos na leitura percibimos como as personaxes dos diferentes contos se interrelacionan entre si (os nomes non teñen porque ser iguais, as situacións tamén serven para identificalos) formando un universo humano plurimórfico pero á vez unitario, moito máis rico que o que resultaría da simple adición de relatos, e que lle dan certo aire novelesco.

> Rosa Aneiros demostra ser narradora hábil neste libro preñado de lirismo

"Primavera de Praga" é outro dos que teñen o mar como esa certeza indelébel, pero onde a procura do ideal é o tema trascendente. O mesmo acontece en "Soños de carozo", agora é o abandono que sofre unha muller o que tira do relato. Ou en "O do cabalo", relato de cómo se vai renunciando aos ideais e vai medrando o pragmatismo político. Pero tamén poden estar perfectamente conxugados no mesmo relato o mar e a terra adentro, como en "Furtivos" que comeza no interior pero remata resolvéndose na costa. Por outro lado, aínda que os hai onde o protagonismo masculino é evidente, a presencia da muller é constante, sempre muller que sofre porque tamén hai outro mar dentro, co sal das bágoas, do sufrimento.

Que aquí non se van achar fábulas compracentes sinálao xa o segundo relato, "De laranxas e outros zumes salgados". É durísima esta historia do republicano "insurrecto" (sic), as consecuencias do levantamento franquista e o cerco de odio que espallou, crueldade dificilmente imaxinábel en seres humanos. Que nin sequera a fantasía e a arte serán quen de traer sosego, paz de espírito, vese en "A dona das galletas de nata" e certifícase nos outros dous da mesma serie arriba mencionados.

O romanticismo de "Na Habana, amor, agardareite na Habana" e de "Primavera de Praga" temperan un chisco o ton, pero sen deixar ese amargor, ese pouso de tristura, a salmoira inmensa do oceano íntimo que inunda os sentidos e a razón. Sentidos e razón, pero sobre todo sentidos, os contos exploran as sensacións, búscanas aínda que logo só representen outro estigma (como en "Rei, Rei, cantos anos durarei") do interminábel tráxico drama, espello no que se miran todose cada un dos relatos e no que o protagonista de "De mares" ve reflectido o canón da arma coa que pretende suicidarse. Tentativa inútil, por suposto, xa que non hai posibilidade de evitar as dores das caídas contínuas que nos fai o camiño. Nin fuxir cara adiante aceptando o reto ("Primavera de Praga" ou "Na Habana, amor, agardareite na Habana") nin procurar refuxio na melancolía, no pasado, como en De Lisboa", de conclusión análoga a Ira (Xabier Manteiga): cando máis te boto de menos é cando estás comigo, o paso do tempo produce soídades imposíbeis de reempraza.

Corazóns amolecidos en salitre está preñado de lirismo, un lirismo que empapa cada páxina de sentimento e paixón. Pero que non entorpece o fluír propio da narración e faina máis rica, máis densa e tamén intensa. Porque Rosa Aneiros demostra ser narradora hábil, dotada dunha destreza que lle permite resumir brevemente (aínda que os relatos teñen extensións varábeis) unha vida arredor do feito que a maracará, atendendo tanto a vida interna das personaxes como a externa; habilidade que lle permite ensarillar, a través do sentir, os relatos un con outro para que non se perciban como entidades propias alleas ao demais. Son historias para leitura demorada. Tocan nos rexistros emotivos e ese mesmo tanxer provoca e induce á reflexión, aspecto fundamental dunha narrativa que procura así a participación activa do leitor.♦

XOSÉ M. EYRÉ

IN MEMORIAM

ROBERTO VIDAL BOLANHO

As compañeiras e compañeiros da Artábria, en agradecimento pola tua xenerosa colaboración na nosa actividade e en recoñecimento pelo teu inmenso labor en prol do teatro e a cultura da Galiza

Fundación Artábria

Terra de Trasancos, Setembro de 2002

CONTA DE LIBROS

Novela sobre unha noticia

Millo verde (Xerais) o escritor Xosé Fernández Ferreiro constrúe unha novela arredor das repercusións creadas por unha noticia aparecida nos xornais. Un profesor do instituto de Vilagrande do Sur é acusado de violar a unha alumna menor de idade. Un calvario comeza entón para profesor e alumna ata que un desenlace inesperado vai dar volta aos acontecementos: a noticia era falsa. Xa nada será o mesmo para os personaxes nesta trama na que o autor visita dous campos para el moi coñecidos, a literatura e o xornalismo.♦

Contos nudistas

O nome de Xerardo Vidal Rivas (Friol, 1979) coñecíamolo por ter aparecido asinando relatos en volumes colectivos ou gañando algún certame literario. A editorial Sotelo Blanco ofrécenos en ***A balada do nudista caviloso*** o primeiro libro individual deste novo narrador, composto por doce relatos nos que o autor afonda na psicoloxía dos seus personaxes atopando medo, violencia, dominación ou culpabilidade. Sen embargo, os contos de Vidal Rivas non están exentos de mordacidade e ironía.♦

Esperar a resurrección

Poñer os coñecementos filosóficos ao servicio da fe na resurrección "mediante o *repensamento* dos conceptos teolóxicos en que se expresa" é o obxectivo que o teólogo Andrés Torres Queiruga se propuxo no libro ***Repensar a resurrección. Á diferencia cristiá na continuidade das relixións e da cultura*** (Editorial SEPT) no que, tenta tamén axudar a que "a fe na resurrección resulte hoxe algo máis culturalmente significativa e máis relixiosamente vivenciable". Rigor filosófico para afrontar que, "se a morte é a certeza, a inmortalidade é a esperanza", frase coa que o teólogo comeza o seu profundo estudio.♦

ENSAIO

O cura de Fruíme e a defensa da Galiza ilustrada

Rescate dos escritos galegos de Zernadas y Castro

Título: O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro.
Autor: Xulio Pardo de Neyra.
Edita: Laiovento. 375 pp.

Don Francisco Fernández del Riego ten razón na valoración que fai do libro, nunha oración danos un cumprido resumo da obra "Xulio Pardo de Neyra dános a coñecer neste libro a totalidade da obra en galego do Cura de Fruíme, e o papel que desempeñou o autor na súa época". Evidentemente o libro é moito máis ambicioso, cousa que Don Paco tamén soubo ver. É unha valoración non só da obra literaria de Zernadas y Castro senón da época que lle tocou vivir, retratando polo miúdo a vida de Diego Antonio Zernadas y Castro o que significou para as letras galegas, o panorama cultural no que estaba mergullada Galiza, cun férreo centralismo que capaba todo atisbo de cultura propia, convertendo a ricaz expresión dun pobo nun simple acto decorativo, deixando ao país sumido na escuridade durante tres séculos con algúns fachos que foron alumeando (Feijoo, Sarmiento,...). E tén razón o autor cando na Introdución di "A dedicación do cura de Fruíme, por tanto, non pode ser extrapolada dun contexto histórico e cultural que se correspondeu co *século das luces,* unha época ilustrada que necesitou determinar con exactitude o nivel de desleixo ao que a Galiza daquela época estaba a ser sometida." *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme* é un libro ideolóxico onde o lector non pode ficar indiferente perante o que lle están contando en capítulos como: *A situación dun territorio culturalmente colonizado. O movemento da ilustración galega* con apartados específicos sobre "as inxurias ás que o territorio galego estaba a ser sometido" e a resposta que lle deu Zernadas y Castro

Continuamente ladrando,
y quando podéis, mordiendo,
estáis contra una Provincia,
que os merece mas respeto.
de vuestras lenguas mordaces
es preciso defendernos,
echándoos quatro pedradas
para haber de conteneros

O amor por Galiza, considerar a esta unha nación, e tentar destruír a súa mala imaxe, procurar respeto pola súa identidade cultural é unha constante na súa obra non só en galego, tanto na lírica como na prosa como o exemplo seguinte de 1778

> "veis aquí el poco tiento con que algunos de otras Naciones proceden en las materias que tocan á Galicia, que en hallando especie (aunque sea tan remota como esta) que le sea indecorosa á mi Nación, pasan desenfadadamente por ella, sin detenerse en barras, y sin examinar con madurez lo que escriben"

Pero a verdadeira razón de ser do libro é a obra en galego do primeiro cura da parroquia coruñesa de Fruíme, Diego Antonio de Zernadas "máximo cultivador do idioma dentro da literatura galega dos séculos escuros" e someter esta á erudición de Pardo de Neyra nos capítulos cinco e seis, *Criterios de edición e Análise Crítica* os máis longos do libro, afectando ao contido, forma e estrutura. A obra complétase cunha extensa e minuciosa bibliografía, as referencias documentais con portadas e reproducións das páxinas orixinais deste ilustrado galego do século XVIII que fan deste extenso estudio un volume imprescindíbel, mérito do autor que alonxa ao lector do sopor e abafamento para coñecer, afondar e descubrir o pulso cultural dunha nación e como este crego descataca no medio do ermo cultural a que nos quería someter o centralismo entendido como integral e totalitario dende Castela.

O aspecto reivindicativo de Zernadas y Castro agroma na súa poesía culta e rica e ten un papel destacado como nestas decimas,

Co ó desexo de acordarvos,
Que en Galicia ó seu fonduxe
Ten á vosa nobre fruxe,
Vou en galego á falarvos:
De esto non hay que estrañarvos;
Antes ben, facendo gala
De esta nación, estimála,
É si porque moyto dista,
Non á coñecés de vista,
Conocedéa pola fala.♦

XOSÉ FREIRE3

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. AS CHAMADAS PERDIDAS.
Manuel Rivas.
Xerais.

2. O SABRE DO FRANCÉS.
Miguel Anxo Fernández.
Galaxia.

3. O SOL DO VERÁN.
Carlos Casares.
Galaxia.

4. MILLO VERDE
F. Fernández Ferreiro.
Xerais.

5. MATERIA PRIMA. RELATOS CONTEMPORÁNEOS.
Varios Autores.
Xerais.

NON FICCIÓN

1. GUÍA DAS LINGUAS DE EUROPA.
Xosé Henrique Costas.
Edicións Positivas.

2. CONVERSAS CON XOSÉ CHAO REGO
Daniel López Muñoz.
Xerais.

3. TRES TEMPOS E A ESPERANZA.
Mariví Villaverde.
A Nosa Terra.

4. TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN.
Domingo Docampo.
Xerais.

5. AS LAVANDEIRAS
Mari Vega.
A Nosa Terra.

Librarias consultadas:
***Cartabón* (Vigo). *Couceiro* (A Coruña). *Michelena* (Pontevedra). *Pedreira* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense).**

Cultura

CINEMA

Actores en estado de gracia

O outro lado da cama, unha comedia de humor e infidelidades

Título: O outro lado da cama.
Dirección: Emilio Martínez Lázaro.
Intérpretes: Ernesto Alterio, Paz Vega, Guillermo Toledo, Natalia Verbeke, Alberto San Juan e María Esteve.

De esquerda a dereita, Guillermo Toledo, Natalia Verbeke, Ernesto Alterio e Paz Vega.

É certo que o ter sido vista en moi poucos meses por dous millóns de espectadores non o quere dicir todo, pero cando menos quere dicir algo. Despois de que aquel escangallado e sen embargo espontáneo e sorprendente *Air-Bag* se fixera por sorpresa coas taquillas, esta que comentamos agora, *O outro lado da cama*, leva camiño de converterse nun deses éxitos que non agardaban nin os produtores, nin a crítica, nin os medios cinematográficos en xeral.

Non hai máis comparacións que facer con *Air-Bag*, porque se trata de filmes completamente distintos, salvo o xa dito, que posúen en común a chave do éxito. ¿Cal é esta? Pois a comodidade e alegría coa que actores, director e guionistas levaron adiante o filme. Dito noutras palabras: houbo conexión entre o equipo e iso é algo que moi poucas veces se consigue e que o espectador recibe directamente. Máis alá dos fallos, que abundan en ambas películas, non podemos menos de deixarnos atrapar por esa química que destilan os actores.

A maiores, o filme de Emilio Martínez Lázaro reúne dúas cualidades esenciais. A primeira, a calidade das interpretacións, algo que non se pode dar por suposto, tratándose dun filme español. Claro que, todo hai que decilo, o peso da película recae sobre dous arxentinos: Ernesto Alterio e Natalia Verbeke. Pero tamén están aí Paz Vega e Guillermo Toledo e, nun segundo plano, Alberto San Juan e María Esteve (tan cuspida da súa nai, a noutrora célebre Marisol). Todos desenvolven o seu papel con acerto.

> Hai sorpresas, humor e situacións de comicidade propias da mellor comedia cinematográfica

A segunda clave da película radica no xénero escollido: o musical, un xénero pouco habitual, do que a cinematografía ten con todo algunhas xoias (abondaría con citar o Gades de *Los Tarantos* e da triloxía *Bodas de sangre*, *Carmen* e *El amor brujo*, por exemplo) pero case sempre arredor do flamenco. Neste caso trátase de música popular española contemporánea. Tequila, Quico Veneno, Los Rodríguez e Coque Malla son algúns dos grupos que contribúen coas súas cancións ao filme. A parte musical funciona de principio a fin, os actores desenvólvense con dignidade e frescura que é o que se lle pide (a un actor hai que esixirlle que saiba cantar e bailar, pero non que señe un virtuoso) e ademais cada inserción musical ofrece matices ou enfatiza algún aspecto da trama, o que evita algo que ocorre nos malos musicais, isto é: que cada peza melódica provoque un parón do argumento.

O outro lado da cama transcurre velozmente. Hai sorpresas, humor e situacións de comicidade propias da mellor comedia cinematográfica, aínda que a partir da metade da metraxe o guión se enlee un chisco e o final non resulte o nidio que cabe esperar (un final pode ser aberto: pénsese en *O apartamento* de Willy Wilder, pero unha cousa é un final ambíguo por decisión dos directores e guionistas e outra un final confuso por falta de claridade narrativa).

Sobre o argumento hai que dicir que trata a infidelidade a través de dúas parellas de xóvenes, cun fondo sempre presente, pero indirecto e secundario, que é o da homosexualidade. A mestura de comportamentos machistas (en clave de crítica ou parodia, pero tamén deixando ver o que moitas veces se aproxima á realidade), así como unha visión desenvolta do sexo, compoñen polo demais unha comedia socialmente avanzada que supera en bastante á mentalidade social maioritaria.♦

ANXO TABOADA

Campaña para bautizar o *Salón Teatro* co nome de Roberto Vidal Bolaño

A.N.T.

Cando o cadaleito de Roberto Vidal Bolaño estaba a ser velado no Salón Teatro de Santiago os compañeiros de escena do autor, director e actor puñan a andar unha campaña para demandar que ese espacio escénico compostelán levase o seu nome. A solicitude, asinada por máis de quince compañías e numerosas personalidades do teatro, foi entregada á Consellería de Cultura e ao Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicas, de quen depende o Salón Teatro.



Actores, directores, autores, técnicos e unha inmensa maioría da xente do teatro apoiou a iniciativa para que o coñecido como Salón Teatro, sito na rúa Nova de Compostela, leve o nome de Roberto Vidal Bolaño. A unanimidade do mundo do teatro fai confiar aos seus promotores en que a iniciativa sexa resolta positivamente pola Consellería de Cultura e o IGAEM e en breve o edificio luza o nome do director teatral compostelán.

A consternación que a morte de Vidal produciu no mundo do teatro deixouse ver de inmediato en distintas homenaxes, unha delas esta campaña de recollida de sinaturas. Unanimidade conseguiuse tamén por todos os sectores da escena en valorar a grande perda que supuxo a morte do dramaturgo, a primeira persoa velada nun teatro en Galiza.

Un dos promotores da iniciativa é o actor Lino Braxe que xustifica a petición por ser Vidal Bolaño un "dos autores máis prolíficos do pasado século, unha sorte de Shakespeare que visitou todos os xéneros e os temas". Antonio Simón, outro dos que recollía sinaturas para a petición, sinala que dada a pequena historia do noso teatro, esta é a morte que máis conmocionou á profesión. "Desde a familia teatral galega todo o mundo coincide en que é o dramaturgo máis importante dos últimos tempos que renovou a nosa escrita teatral". Unha semana despois da morte, a obra de Roberto Vidal Alonso *Animaliños* volveu ao teatro Principal de Compostela. Aínda que a compañía *Teatro do Aquí* quixo destacar que a representación estaba prevista na xira da obra, a sesión teatral rematou coa lectura dun texto de Roberto Vidal Bolaño coa súa fotografía proxectada no escenario.♦

O CORDEL

Man esquerda

Nº 9. Verán de 2002. Prezo 1,50 euros.
Coordena: Jonathan Alonso.
Edita: Esquerda Nacionalista-Mocedade.

Nova entrega desta revista de Esquerda Nacionalista que trata como tema central a Reforma de Ordenación Universitaria levada a cabo polo Goberno. O movemento de protestas contra a LOU e a importancia dunha educación pública en galego e de calidade compón un dossier central desta revista. A VIII asemblea de Galiza Nova na que se levaron a cabo cambios importantes no seo da organización e a reforma do desemprego son outros dos temas destacados que se tratan neste número.♦

E-negociogalicia

Nº 3. Ano 2002..
Coordena: Sergio Pazos.
Edita: Centro de Supercomputación de Galicia.

A revista do comercio electrónico galego dedica este número as transaccións feitas a través da rede nas lonxas. Un grupo de cofrarías galegas creou unha páxina web coa que intenta darlle publicidade e promover as vendas do peixe galego especialmente en Madrid. Ademais, a revista tamén contén unha reportaxe sobre a planificación necesaria para levar a cabo unha tenda virtual. A importancia das webs como producto corporativo é outro dos contidos máis destacábeis desta publicación.♦

O Bugallo

Nº 23. Agosto de 2002. Prezo 1,20 euros.
Edita: Colectivo Ecoloxista do Salnés.

Esta revista ecoloxista centra este número nos espacios protexidos de Galicia. Nun percorrido por distintos lugares da nosa comunidade, faise unha minuciosa análise sobre a lexislación vixente e sobre os réximes de protección. Ademais, un capítulo enteiro está dedicado ao Complexo Ons-Grove como exemplo de espacio natural protexido. Destácanse os valores paixasísticos, florísticos e faunísticos deste enclave e analízase a súa xestión ambiental polo miúdo.♦

A. N. T.

Alberto Augusto Miranda

'En Portugal comézase a ler a poesía galega'

CARME VIDAL

O escritor e editor Alberto Augusto Miranda detense en Pontevedra de camiño á presentación en Vilagarcía dos últimos libros de Edições Tema, un dos proxectos culturais que el promove e no que leva publicados máis de vinte libros de poetas galegos. Con el vai o caboverdiano Paulino Vieira e á conversa súmase o galego Xosé Mª Álvarez Cáccamo, os dous forman parte do que el chama a "incomunidade", a maneira alternativa que el ve de vencer á globalización no mundo da cultura.

Contra o que poda parecer, Alberto Augusto Miranda non é un romántico senón un activista cultural que confía na posibilidade de "emitir" nun mundo condenado á recepción e, nesa busca, é cando atopa a literatura galega. Cáccamo di que Miranda é un nómada. El acredita mentres fala con paixón daquilo que a el tanto lle gusta, a literatura e a a cultura que non pasan polos mostradores dos grandes almacéns.

¿Como comezou o seu interese pola literatura galega?

Por unha cuestión de proximidade, primeiro persoal e logo do punto de vista cultural e literario. Nacín en Tras os Montes e na miña adolescencia pasei moito por Galiza. No inicio dos anos oitenta coñecín algunhas producións poéticas galegas que me levaron a profundizar no coñecemento da literatura contemporánea, xa que, daquela só lera a clásica. A partir dos setenta dáse o grande impulso de renovación da lingua galega, a recuperación dunha lingua só se pode dar cando desde a literatura se crea unha grande obra nela.

Vostede publica en Portugal pero conserva o galego dos autores.

A min, portugués, o galego axúdame a recuperar palabras da miña lingua que por falta de uso foron substituídas por outras de orixe francesa ou inglesa. Por exemplo, nós dicimos flocos de neve cando temos folerpas. É a penas un dos moitos casos que permiten recuperar unha serie de afectos que deixaron de ser practicados. Constitúen parte dun vocabulario común que acabou por ser separado. Se na Galiza non se impedira falar a súa lingua hoxe sería a mesma que en Portugal. O proxecto de Edições Tema, que agora continua con Fluviais, significa entrar en contacto directo con Galiza. Publicáronse xa máis de vinte autores galegos –entre eles Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Luísa Villalta, Carlos Bernárdez ou Anxo Pastor– e agora quero editar unha antoloxía de poesía galega do século XX. Contra o que acontece en Portugal, en Galiza hai unha grande cantidade de mozos de alta calidade poética que non ten paralelo en parte algunha. Sorprende tamén o seu forte erotismo, que é unha bandeira fortísima da poesía feminina.

Ese coñecemento que mostra tamén é singular no mundo cultural portugués.

Cando nos anos oitenta facía crítica literaria para algúns xornais topeime coa literatura galega e pensei que había que establecer doutra maneira unha relación entre nós. Desde o punto de vista da información literaria preciso da colaboración das persoas que participan no que chamo a "incomunidade" porque o efecto da globalización leva a encontrar o mesmo en toda a parte e a única maneira segura e contemporánea de facer chegar o que vale no ámbito poético e teatral é desta maneira. A maior parte da xente está en condición de receptor e pouca se pon a emitir. Se alguén crea, escribe, está a existir e, nese aspecto está a ser un pouco "incomún", e a incomunidade é iso, ser independente das casas editoriais.

¿Quen forma parte desa "incomunidade"?

Aqueles que son capaces de emitir. Para existir un pensamento propio ten que haber emisión, un traballo de crítica, e non recibir as noticias que veñen completamente manipuladas. Durante seis anos escribín na revista *Letras&Letras* e puiden facer recensións de libros que non estaban nas librarías, especialmente galegos. Vin entón que había outra literatura que non pasaba polos mostradores do FNAC ou El Corte Inglés, pero cada vez máis iso é o que domina. Vas ao aeroporto de Londres e ves os mesmos libros que no de Nova Iorque ou Lisboa, globalízase a literatura e os gustos. En Portugal o que ten éxito é terribelmente mau. Paulo Coelho, poño por caso, os peores son os que máis venden. A maioría da xente sofre o efecto da recepción, porque non vai á procura.

¿Trátase dunha defensa contra a globalización?

É. Compre crear fortes lazos de emisión, espacios alternativos pero propios e iso faise coa incomunidade que é unha defensa contra o pensamento único.

¿Nace desa idea a promoción de autores galegos en Portugal?

En Portugal ninguén lía nada de poesía galega e esa é unha situación que agora mudou un pouco. Xa hai, por exemplo, un ensaísta que estudia ese tema que é Fernando Martinho e vive nas Açores. Estase a criar a conciencia de que na Galiza hai unha cultura diferente á española. Cando sae un libro que me gusta en Portugal son capaz de comprar trinta e enviarllos aos membros da incomunidade.

O sublime Artaud

A poesía ten un peso moi importante na súa vida. Editor, escritor e tradutor, por certo, de poetas desgarrados e, boa parte deles, suicidas.

Hai un momento decisivo da poesía europea do século XX que é o de Artaud, quen vai conferir un momento sublime á literatura. A maior parte da xente aínda non chegou a Artaud, son fillos de Rimbaud, nen tampouco, por exemplo, a Alejandra Pizarnik, outra grande que influiu en boa parte das mulleres galegas que escriben nos noventa, unha presencia importante xunto con Olga Orozco, outra arxentina. Traducín tamén a Sylvia Plath, Virginia Wolf pero non por ser excesivas senón polo seu material poético extraordinario. Non se trata de buscar biografías de suicidas senón a riqueza da súa poesía. Nós temos un magnífico suicida que é Mário de Sá-Carneiro e, curiosamente, a súa grande poesía está na prosa.

Non preguntaba polos poetas suicidas no sentido biográfico senón en canto unha obra máis arrebatada.

Novalis dicía que a poesía é verdade, ten que conter unha verdade e iso é fundamental. De non ser así estarías no plano máis elaborado da poesía que pode chegar a momentos moi bonitos pero é diferente a poesía como acontecemento. Eu, por exemplo, escribín demasiados libros pero só rescataría catro deles *Dá-me com a Noite* de poesía, *Portografias* de narrativa, *Nojo* de teatro e *Vento (historias para a Inocência)*. Trátase de ler a obra con distancia e se non di nada non presta.

¿Como se dá esa eliminación da propia obra?

Se recoñeces que non presentaches nada novo, que xa todo estaba noutras escritas anteriores, non vale a pena. Non ten sentido escribir o mesmo eternamente. Os temas repítense pero a capacidade de enxendrar formas de dicir as cousas, ou é nova ou simplemente non é. Andamos sempre co eu e co ego, na poesía o eu é aquilo co que naciches, a tribo toda, o ego é o que se adquire. A tribo non debe ser dominada, debe existir.

Para vostede, entón, a poesía non é comunicación.

Non. Valente di que a poesía é precomunicación, quere dicir que non é discursiva. Non pretendo pasar mensaxes a ninguén a través da poesía. Hai xente que escribe para comunicar que está angustiado, que está namorado... para min é outra cousa. Non se trata dun trance senón de deixar que saia. A poesía non é necesaria a non ser para quen escrebe, fai parte da inutilidade, como dicía Oscar Wilde, como o amor. Non podo pensar que vou escribir para alguén, nin para min. Non hai unha verdade común senón propia de cada quen. Non me podo sentar a escribir, ten que haber algo que me faga sentar. Se me acontece, ben. Estiven moitos anos sen publicar poesía porque non estaba acontecendo. O pasado ano tirei por volta de dous mil poemas porque eu non estaba alí. Se tes unha certa esixencia dáste conta de se aquilo que acontece é poético ou é algo artificial. Teño formación literaria e podería cortar aquí e dicir alí, crear artificialmente pero non é iso o que me interesa.

Quédanme gañas de pedirlle que recomende aos seus autores da literatura portuguesa, eses que, como vostede di, non entran nos centros comerciais.

Se tivese que recomendar catro ou cinco libros falaría de Raul Brandão, Luíza Neto Jorge, Herberto Helder ou Mário Cesariny como expoñentes dunha poesía que tivo momentos fulgurantes no século XX con Camilo Pessanha, Mário de Sá-Carneiro ou Anjo de Lima. Todo o mundo coñece a Pessoa ou Saramago pero aqueles que mesmo en vida non foron comercializados ou asimilados polo sistema continúan por descubrir. ♦

Cultura

Alberto Paz Mateos: Valle, Lorca e O'Neill chegan a Venezuela

Cúmprense trinta e cinco anos da morte no exilio do dramaturgo galego

X.E.A

Morreu exiliado hai trinta e cinco anos. O 29 de setembro de 1967 falecía en Venezuela un dos homes que máis axudou a renovar a escena venezolana. O premio a súa traxectoria chegou aos poucos días do seu pasamento cando o espacio teatral da Florida foi baptizado co seu nome. Desde esas datas quedou convertido, como homenaxe e recoñecemento, no hoxe mítico "Alberto Paz y Mateos".

A súa biografía é un mosaico roto e esquecido como a de tantos outros exiliados galegos. Roto e mesmo desdebuxado na cativa presencia que se lle depara no recente e tardio repertorio académico da diáspora. Mestúrase a súa traxectoria coa do seu pai –tamén exiliado– ata convertelos na mesma persoa.

Fillo dun xurisconsulto liberal e republicano que chegara a ser Fiscal da República e gobernador, Alberto é un galego de Ponferrada nado en 1915 que chega ben mozo á Coruña acompañando o destino profisional do seu proxenitor.

Compartindo unha licenciatura de Dereito en Madrid ensaia cercanías ás vanguardas literarias que lle deparan o descubrimento coruñés e capitalino de García Lorca e os teatriños ambulantes de La Barraca. Cando para a súa cidade de adopción gardaba os seus primeiros proxectos personais de teatro, vese obrigatoriamente inmerso e reclutado no exército leal á República e con el percorreu frentes entre Madrid, Valencia e Catalunya onde cae ferido en acción de guerra antes da derrota e o exilio.

O seu primeiro destino americano lévao onde Fernández Granell na República Dominicana para por xuntos a andar un teatro de monicreques en torno ao Instituto Escuela da capital Santo Domingo. Granell, a súa compañeira Amparo Segarra e o pintor Vela Zanetti serán os habituais manipuladores e decoradores duns monecos que protagonizaban obras de Paz Mateos de título "Tristan e Isolda" ou "El Marinero", publicitada por Granell debuxando un cartel en 1943.

Tempos tamén –historiados por Vicente Llorens, compañeiro de exilio– dun Paz Mateos poeta deslumbrado pola cercanía e amistade con Jorge Guillén e Juan Ramón Jimenez e polo impacto da visita á illa caribeña de Pedro Salinas. Publica unha entrega poética na por el inventada Editorial Saudade baixo o título de "Canto en cinco variaciones" que foi reseñada por Granell crítico nas páxinas de *La Nación* en 1944. Un ano no que os dous exilados galegos situábanse ben cercanos á revista-movemento *La poesía sorprendida* que Granell cofundara xunto a Lebrón Saviñón e o poeta chileno Baeza Flores. O grupo permaneceu activo ata 1947 mentres que Alberto Paz comezaba outra rolda de exilio que o leva ata os Estados Unidos en labores cinematográficas e, unha terceira, para asentalo definitivamente en Venezuela.

En 1945 chega á república bolivariana e ao pouco penetra nos circuitos escénicos para converterse, xunto a outros dramaturgos transterrados coma el, no renovador do teatro venezolano. Son os casos do chileno Horacio Peterson, dos arxentinos Juana Sujo e Francisco Petrone e do mexicano Gómez Obregón. Entre todos marcan escolas diferenciadas e aportan estilos a un teatro circunscrito a Caracas e ensimismado coa comedia, o drama crioll o e o realismo decimonónico.

A súa biografía é un mosaico roto e esquecido como a de tantos outros exiliados galegos.

Alberto Paz aventúrase polo teatro experimental no Liceo Fermín Toro onde ten como alumno a Román Chalbaud. Revoluciona as taboas cando prepara montaxes de García Lorca, Valle Inclán e O' Neill. Tamén de Miguel de Cervantes e a "Electra" de Sófocles en 1955.

A emerxente televisión, a radio e o mundo académico serviron igualmente para deixar pegada do seu maxisterio antes de ser contratado por unha universidade de Wyoming como profesor de literatura. De volta a Caracas vive a súa etapa máis creativa e exitosa levando a escena obras de Uslar Pietri e Abigail de Andrés. O monólogo "El acordeón" foi unha peza da súa autoria que estrenou en 1962 e, cinco anos máis tarde, pon en marcha a agrupación teatral "El Nuevo Grupo".

Con Paz Mateos, Peterson, Obregón e compañía, Caracas non tardou en coñecer a Camus, Ionesco, Sartre ou Brecht. O suceso viría co seu Valle e, sobre todo, con *La casa de Bernarda Alba*. A peza do seu mestre Lorca presentouna en 1955 enchendo o Teatro del Este, escribía a crítica, dun "mar de loito". O seu vello alumno Román Chalbaud, –covertido a súa vez nunha grande figura do teatro venezolano– lembraba hai pouco ao galego que trouxera ao Eugene O´Neill a Caracas: "Alberto gritou ¡Rumbo a Cardiff!" e os mozos do grupo de teatro sentiron a O'Neill encarnado nuns rapaces liceistas. "Alberto –escribiu en 1988 Chalbaud– era quen puxo o coitelo para as papas e o revolver para a insurreción. Unha bambalina non era unha tea pendurada que estaba alí que sabe posta por quen. Coseramola e cravamos as paredes de cartón e tea, baixo os ollos inquedos e nervosos do español exilado".

Para Román Chalbaud, Alberto Paz Mateos "berraba, agachábase, e logo aparecía de súpeto e voltaba a gritar". Nos descansos líalles o "Llanto" e faláballes de Federico, embruxabaos con Cocteau e prometíalles unha viaxe imaxinaria á "cova de Salamanca".

Chalbaud, –alumno aventaxado– aínda lle pide o seu mestre galego: "Alberto, ven aco, imos sair, imos pasear. Ensíname as maquetas. Fálame de Cervantes, de O'Neill, de Lorca, de Quevedo. Fala".

Outra volta... ¡Rumbo a Cardiff!♦

Granell, Amparo, Espinosa, Alberto Paz, Guillermina Supervía, A. Matilla e Rosario Durán en Santo Domingo no ano 1942.

Amparo Segarra, Alberto Paz e Granell retratados por Vela Zanetti en 1942 en Santo Domingo. Á dereita, Alberto Paz cunha das protagonistas de "La Casa de Bernarda Alba" cando a súa estrea en Caracas.

Os tres soles que viñeron do Paraguai

CARME VIDAL

Do seu repertorio non pode faltar *Alfonsina y el mar, El pájaro Campana, India* ou *La galopera*. Saíron de Paraguai, pasaron por Brasil e o destino quixo que fosen parar a Pontevedra, onde viven as súas familias. Agora Darío Duarte, Wilfrido Aquino e Gabriel Meza están nas Canarias cantando aqueles temas que son a historia de *Los tres soles de Paraguai.*

Os *Tres Soles* con Pucho Boedo, Amália Rodrigues e, abaixo, Machín.

Con Amália Rodrigues, Tom Jones, Gilbert Becaud, Machín e, en especial, con Pucho Boedo. O álbum de fotografías de *Los tres soles* dá conta da propia historia do grupo musical que en 1978 se instalou definitivamente en Pontevedra, á volta da súa estadía no Brasil. *Los tres soles* gravaron máis de dez vinilos, entre eles, o histórico en galego con temas como *Unha noite na eira do trigo* que aprenderon do propio Pucho Boedo. Desde Pontevedra a súa música soou por toda Galiza, cos de Paraguai tocando boleros, folclore andino ou cancións mexicanas.

A historia comeza coa saída do Paraguai cara ao Brasil de Darío Duarte. Poucos saben que o sol primeiro fuxía entón da ditadura paraguaia que, coma el di non lle daba "chance" para continuar nun país cun goberno do que el e toda a súa familia eran opositores. O Brasil de Roberto Carlos, Altemar Dutra, Badem Powell e António Carlos Jobim antollábase como un paraíso musical onde chegar coa súa guitarra e todas as gañas de cantar do mundo. E foi no Brasil onde comeza a historia galega dos de Paraguai. En São Paulo coñece a Teresa, filla de emigrantes de Pontevedra, con quen casa e con quen decide regresar tempo despois a Galiza. Pero non virá só. Desde 1966 Darío Duarte tiña xa outra familia inseparábel, eran Wilfrido Aquino e Gabriel Meza que van tamén parar a Pontevedra coas súas familias e traen os sons do Paraguai e de toda Latinoamérica.

"O dos soles viña pola nota musical. Xa sei que aquí ten outro sentido, pero non é o que nós lle queriamos dar", comenta divertido Darío Duarte desde Canarias, onde levan dúas temporadas tocando nun establecemento frecuentado por ingleses e alemáns. Cada agosto volven a Lérez, en Pontevedra, como tantos emigrantes galegos para reunirse coas súas familias.

Tempo de boleros

"Fomos pioneiros da música sudamericana na Galiza, os primeiros que tocamos arpa en directo en verbenas, pubs ou salas de festa. Foi un impacto" afirma Darío Duarte. Na memoria bátelle especialmente aquel memorábel concerto no *Teatro Malvar* de Pontevedra organizado por Xan das Canizas a beneficio do asilo de anciáns no que "a xente rebentaba o teatro".

Como antecesores e con agradecimento cita a *Los Paraguaios,* aquel trío que veu a Europa nos anos cincuenta con *Mi noche sin ti, La galopera* ou *Pájaro chogüi* e a eles lle deben que "abriran o camiño para os nosos sons". Cando chegaron viñan cunha maleta chea de boleros e con *La pretendida* conseguiron un Disco de Ouro. Amália Rodrigues choraba en Estoril cando escoitaba as cancións paraguaias cantadas polos *tres soles,* e Pucho Boedo cantaba con eles nos encontros "boemios" ao rematar ás actuacións públicas.

'Non hai artista galego que viaxase tanto coma nós"

Máis de douscentos temas teñen gravado e coa súa música recorreron o mundo enteiro, de México ao Xapón. "Non hai artista galego que viaxase tanto coma nós", comenta Darío Duarte. A súa idea era instalarse en Pontevedra despois de anos "residindo en ningunha parte" pero chegou un momento no que o traballo mermou –o grupo rexentou tamén un pub con actuacións en directo– e a xira comezou de novo e viron a necesidade de emigrar a Canarias.

A semana pasada no Molino Blanco, o establecimento no que traballan, desde unha mesa reclamáronlle que cantasen en galego e así o fixeron, como lles ensinou o amigo Pucho, o dos *Tamara*. Continúan co seu repertorio de boleros, música folclórica e sons dos Andes e actúan tamén en festas particulares, en casas que os solicitan para unha sesión privada. Coidan que a súa música non pasa de tempo. "A todos nos chega a hora dos boleros", di Duarte.♦

NIN de SEMANA
Nº 1.048 ● Do 19 ao 25 de setembro de 2002 ● Ano XXV

O día que me encontrei con GROUCHO en Cacheiras

CARLOS BLANCO

Este ano cúmprense 25 da desaparición de Groucho Marx. Din que está morto, pero eu ás veces atópome con el ao dobrar unha esquina ou ao entrar nunha consellería.

Din que Groucho está morto, pero eu pídovos que fagades unha comprobación. Saíde da casa pola mañán un dezaseis de setembro. Ide ata o Claudio de Cacheiras con intención da facela compra. Comprobade a densidade do trafico que vai e ven cara Santiago. Tentade cruzar nunha zona estreita pola que apenas caben dous coches. Observade que nesa zona se atopa un coñecido restaurante. Nalgún momento chamaravos a atención que alguen tenta abrir unha ventá (de PVC, por suposto), xusto nese lugar. Advertide que a folla desa ventá, unha vez aberta, prácticamente roza cos coches que pasan. Preguntádevos a razón desa sinrazón. E concluide que, sen dúbida, a ventá pertence á casa do alcalde que, por outra parte, é tamén o dono do coñecido restaurante. Definitivamente, Groucho Marx segue vivo. É a única deducción que podes obter.

Fai a compra no Claudio. Comproba que o Don Simón ten un 5 por cento máis de zume que o Sunny Delight como ben afirma a publicidade. Mira a etiqueta e pásmate cando vexas que ali di que o glorioso zume Don Simón ten ¡un dez por cento de zume en total!. Ao lado do expositor verás a un tipo con bigote pintado, fumando un puro á beira dun cartel de prohibido fumar, e morto da risa. Probablemente é Groucho Marx e segue vivo.

Si, vale, quizáis non sexa o propio Julius Marx, máis coñecido por Groucho, o que ali estea. Probabelmente non se trate daquel xudeo fillo de inmigrantes e nacido en Nova Iorque nunha familia extremadamente numerosa e pobre. Quizais non sexa o do expositor, aquel neto de cómicos que probóu fortuna cos seus hirmáns no musical de Broadway, na radio e posteriormente no cine onde compuxo unha figura inesquecíbel, uns diálogos imborrábeis, un humor corrosivo onde ningunha institución quedaba a salvo. Quizais o que alí ves non sexa o Groucho Marx que está soterrado baixo unha lousa na que reza (é un dicir) : "Perdoen que non me levante".

Pode que non sexa él, pero tamén pode que si o sexa. Hai indicios que o demostran. De feito, hai quen afirma que segue vivo. Eu son un deles. Mais aínda. Eu penso que vive en Galicia. Ou polo menos eu vino ultimamente por aquí. Estaba, ou iso me pareceu, no Monte do Gozo a semana pasada, escoitando a Aznar afirmar, cheo de razón, que hai que bombardear Bagdad se o reximen de Sadam Hussein insiste en incumprir as resolucións da ONU. Toda a razón, desde logo. E xa de paso bombardeemos Tel Aviv, e Rabat, que carallo, que tamén incumpren as resolucions da ONU. Bombardeemos en xeral, a granel, a discreción.

Xa o dixo Groucho Marx no seu día: "Eu atopo a televisión bastante educativa. Cando alguén a prende na casa, marcho a outra habitación e leo un bo libro".¡Qué razón tiña!.

Eu sigo vendo a Groucho cada día, nos titulares da prensa que leo mentres tomo o primeiro café. Véxoo polos corredores de San Caetano, meténdose con conselleiras as que lles di aquelo de ¿quere casar comigo? ¿E vostede rica? Conteste primeiro á segunda pregunta.

Groucho sale muito pola tele. Traballa a miudo alí. Disque ultimamente fixo de director de *casting* do programa de Alberto Comesaña, na Galega. De dialoguista en *Pratos Combinados*. De figurante en *Luar*.

Groucho adoita aparecer a miúdo polas festas gastronómicas do país. Alí, séntese coma na casa. E tamén en plenos de concellos. Vai muito polo de Vigo. Se cadra algún día podedes velo por alí, dicindo aquello de "partindo da nada demos chegado ás mais altas cotas da miseria".

Definitivamente Groucho Marx segue vivo. Nas letras de *Siniestro Total*, bailando sobre a tumba de Hitler, por exemplo. E seica para muito nun bar que hai camiño da miña casa e que se chama "O rei do cubata. Desayunos". Non me extraña.

Se cadra vai de morto a San Andrés de Teixido. Pode ser. Ou simplemente veu facendo o camiño, que el era de andar moi amplo. Para min que está reencarnado na figura de Mariano Raxoy, por moitas razóns entre as que se atopa o seu amor común polos bos cigarros. Fixádevos que falan parecido. E os dous coinciden nunha das máis inesquecíbeis frases do mestre Groucho: "¡E a guerra! ¡Máis madeira!". E meu dito, meu feito: 20.000 policías novos. Porque o mal non acouga, ¿non si, Mr Bush?

Groucho, botámoste de menos.♦

CARLOS BLANCO é xornalista, actor e guionista.

GONZALO

55, St. Mark's Road

¿British or English?

CÉSAR VARELA

Velaí un dilema que era inconcebíbel que se presentase hai un par de anos, e hoxe está de actualidade. Cando se produce un acontecemento deportivo internacional, nas casas das clases medias e operarias xa non ondea a coñecida bandeira británica (a Union Jack) e surpréndenos ollar nas súas xanelas a antiga bandeira do San Xorxe (branca e cunha cruz vermella). Esta bandeira, que ata hai pouco tempo só era flameada por minoritarios grupos ultradireitistas, está sendo asumida por unha enorme camada das clases populares inglesas. E é que o "británico" xa non é sinónimo de "inglés". Agora que escoceses e galeses dispoñen do seu proprio parlamento, e que os irlandeses tomaron (con moi bo resultado) o camiño do euro, os ingleses síntense sós. ¿E por que non habemos ter o noso propio parlamento? ¿E se non somos británicos, que cousa somos? pregúntase algún columnista destes últimos días.

O mito do Imperio esborrállase e leva consigo unha escisión na sociedade inglesa: Dunha banda os "británicos" nostálxicos, amantes de todo o norteamericano e antieuropeus, e doutro lado os "ingleses" que pasan do Imperio, son anti ianquies e proeuropeus. Norman Davis, un historiador dun college de Oxford, escrebe "a *inglesidade* que coincidía coa *britanicidade* era un produto cultural da clase dominante do século XIX; esta elite desapareceu co Imperio e coa flota".

Unha xoven estudante dunha importante familia comenta: "A cultura na que me eduquei está baixo suspeita. Todo o que ten a ver coa britanicidade é hoxe politicamente incorrecto, lembra a colonización. Ata a British Airways borrou da súa coda a bandeira da Union Jack. A miña crise de identidade coincide coa dunha sociedade basada na diferencia de clases. Agora está aparecendo unha ampla clase media que asume outros valores como o multiculturalismo e ainda o europeismo".

O citado Norman Davis ainda engade "No 66, cando gañamos a copa do mundo, só flameaba a bandeira da Union Jack, porque Inglaterra e Gran Bretaña eran aínda sentidas como unha única entidade, a monarquía ainda era forte e Europa estaba lonxana. Hoxe os escoceses e os galeses xa non asumen esa posición e os nosos xóvenes, e non só eles, toman nota e precisan un símbolo, unha nova identidade nacional".

Velaí pois por unha banda o proceso esmagador da mundialización e polo outra a vontade pacífica de salvar a propria identidade histórica, lingüística e nacional asumida polas clases máis populares dos países.♦

Xulio Fuentes ‘A arte axuda a disimular os desastres’

A.N.T.
Vostede pintou 45 postes da luz en Quintela de Leirado. ¿Como se lle ocorreu a idea?

Tiña ganas de facer algo impactante na miña terra. Eu son un admirador da natureza e, en vez de derramar as árbores como Ibarrola, intentei darlle algo de beleza ao que non a tiña, como era o caso dos postes de cemento. Fixen un estudio previo de corido, algo que mellorase o entorno e que non producise moito contraste. Tamén quería darlle algo de vida a Leirado. Na miña idea está facer un pequeno museo alí, donando a obra.

Quintela de Leirado, como outros lugares, está cheo de cables eléctricos, baldes de lixo e mesmo farolas fernandinas. ¿Como ve a súa obra en medio de todo iso?

Tiven que pelexar con distintos elementos, moi rompedores, postes de madeira, desastres arquitectónicos como casas pintadas, casas de tixolo sen recebar, fachadas recubertas de azulexo, outras dc pizarra. É un laberinto de elementos contraditorios, Pero eu coñezo ben a miña terra e iso é unha vantaxe.

¿A obra como foi recebida polos veciños?

A recepción foi moi boa, aínda que algúns queixáronse porque non pintara este poste ou aquel outro que estaba perto da súa casa. Pensaban que o concello pintaba a capricho o que quería. Eu fixen un estudio de conxunto e busquei un sentido. A idea e os criterios son meus, aínda que teño que dicir que o alcalde foi o primeiro entusiasta para que se levase a cabo.

¿Ten algún proxecto na cabeza?

Teño a idea de pintar as canteiras do Porriño, o que queda a vista despois de extraer a pedra, e tamén gardo outro proxecto moi ambizoso que aínda non se pode dicir. Nos dous casos xogaría coa imaxe dos petroglifos. En agosto espoñerei no mosteiro de San Rosendo de Celanova e para as Letras participarei na festa etnográfica de Vilanova dos Infantes cunha mostra de pedras pintadas.♦

MÚSICA CANÍBAL PARA UN PAÍS PORCINO

DANIEL SALGADO

Os *Resentidos* instituíron o seu imperio sobre a música pop galega durante a vendima de 1982.

“a maiorías silenciosas, minorías máis ruidosas / bring the noise”. Mentaron fachendosos a Public Enemy –poder preto, rap de combate– nun país que viña de sufrir a aterraxe inagardada de Fraga Iribarne. De Iaser Arafat aseguraron que era “o máis feo do telediario” pero que, aínda e todo, “Palestina vencerá”. Se o piano de Tom Waits estaba bébedo no seu elepé de 1976 *Small Change*, a gaita dos Resentidos “has been drinking” tamén. Entre desafíos a destra e sinistra, cunha impertinencia propia de ex *punkis* resabiados, chantouse a maquinaria resentida no primeiro ano da pasada década. *Jei* nomearon o elepé, que axuntaba sintaxe afroamericana con gaitas, se cadra a tecnopandeirada que eles mesmos definiran unha vez, música popular de vangarda, sen pegada de Waits pero si do automatismo melódico duns XTC ou do tropicalismo postindustrial de certos *Talking Heads* –a banda de David Byrne–. Os críticos da revista catalana *Rock de Lux* elexiron *Jei* como mellor disco estatal daquela colleita e puxéronlle o número 37 entre todos os dos noventa. Corrían outros tempos. Mesmo os *Def Con Dos* rimaban con inxenio contra o mundo sobre alicerces roubados ao *hip hop* máis primitivo, sen as guitarras afiadas no *heavy* túzaro dos seus últimos discos.

Vinte outonos cumpre esta vendima da fundación dos *Resentidos,* a única verdadeira institución da *pop music* galega. Sen embargo o ouvinte inquedo só pode gozar en disco compacto dunha celmosa e escasa escolma do grupo vigués, *Made in Galicia 1982-1994*. Os sete longa duración que publicaron en pouco máis de dez anos de verbenas dormen en vinilo igual de irreverentes –as letras das cancións, de Antón Reixa, si saíron en libro nas nunca ben ponderadas *Edicións Positivas*– en rastros de mobles ou en tendas de segunda man. Ningunha discográfica ousou a reedición da ópera omnia dos de Vigo.

A idiosincracia musical resentida sempre se presentou moi súa. Se os *Sex Pistols* tocaron *punk* ou Bob Marley *reggae*, o dos Resentidos non resultaba nin de lonxe tan doado de definir. Nas notas do primeiro elepé, *Vigo capital Lisboa*, de 1985, tentaban achegarse a si propios con ansia case psicoanalítica e perpetraban a autodenominación: “guaracha blues, pop fado, funkie depresivo, rock esquimal, psico foliada, tecno pandeiro Billy”. Dende a empresa resentida meteron e normalizaron por vez primeira a gaita, agochada nos seus concertos dentro dunha funda para guitarras, nun grupo máis ou menos rock na Galicia pop, quizais agás a gravación de os *Rastreros* de Chantada en 1994, espírito inglés 77 no corazón do país, non se volveu utilizar a cornamusa con tanta prestancia e saber estar.

Antón Reixa. XURXO LOBATO

Pero fóra das formas, por veces afectadas do terrible “síndrome oitentas” nos elepés iniciais –guitarras naufragadas nun mar de baterías electrónicas e de teclados de saldo e pouca ceba– *Resentidos* confirmaron nas letras un imaxinario no que probablemente Antón Reixa acadou o cimo da súa arte literaria. A obra en letra dos de Vigo partía xunto ao grupo de ocorrencias poéticas *Rompente,* do que tamén participaba Reixa, dende a penúltima vangarda galega, o Manuel Antonio e só o Manuel Antonio, para sintetizar, mal que ben, a posmodernidade versión noroeste. Citas irónicas ou non a Indiana Jones e a Fassbinder, a Janis Joplin e a Vinicious de Moraes, a Robert Wyatt e aos *Ramones,* ás feiras e a Rosalía, todo entraba no revoltallo resentido. Letrista agudo coma un allo, o Reixa axudou a debuxar e revelar iso tan esvaído que resultaba a identidade dun país, deste país, nos días da inauguración autonómica: “no noso liliput / cabréanse os ananos pero nunca crecerán”. E vinte anos non son nada: “sómo-los indios, tribu rumorosa / non usamos plumas, xa nos desplumaron”.

Os, en moitas ocasións, gloriosos *Negu Gorriak* –se o *Jei* dos *Resentidos* foi mellor disco de 1990, o *Borreroak baditu milaka aurpegi* dos vascos conta, segundo críticos de sona internacional, entre o mellorciño da época posClash– semellaron pousar os ollos na banda galega cando Muguruza evoluiu da paráfrase de James Brown –“somos vascos e estamos orgullosos”– á actitude mestiza do célebre “non esquezamos que todos somos afrovascos”. Os *Resentidos* xa cantaran tempo atrás ás “mulatas de Ponteceso”. Logo Reixa sumaría forzas co guitarrista de *Negu Gorriak,* Kaki Arkarazo, no proxecto Nación Reixa. A parella desembocou nun producto menos saboroso do que facían imaxinar as andainas anteriores dos seus integrantes.

DELMI ÁLVAREZ

Resentidos encetaron a luz discográfica en 1984, nun daqueles vellos *maxi singles*, partillado cos *Siniestro Total*. *Surfin’ CCCP*, nome seguramente inspirado nas historias do tema *beatle Back in the USSR*, agochaba dúas cancións, *Cando Breznev taba palmando* e *Yuri, Yuri, Yuri-cantar de xesta,* que abondaron para bocexar a actitude da banda viguesa perante o estado de cousas: “o clima de petrogrado non o controla / o pcus / todos cantan only you”. A burla posmoderna ou así teimou, aínda hoxe teima, nos restoballos soviéticos. Resentidos adiantáronse. “Pacto de Varsovia si, Otan tampouco”.

Con todo, a chanza xeralizada do cancioneiro de Reixa paraba a miúdo en seco cando topaba causas que non creban. A consigna indubidable ocupaba a palabra. E en plena ofensiva da contra financiada por Ronald Reagan berraron “Nicaragua Nicaragua Nicaragua Nicaragua / ¿que pasa con Nicaragua? / Nicaragua Nicaragua Nicaragua ¡vencerá!”. O calendario indicaba 1986 e os *Resentidos* explicaban ao mundo o malfado da comida transxénica: “arroz microprocesado, non”.

Durante os oitenta, a movida madrileña, coa que de cote se asocia os *Resentidos*, comezaba a inserirse na solaina do poder. Joaquín Leguina e Javier Solana retratábanse con Almodóvar e contrataban grupos *afterpunk* para as festas patronais da capital española. Mentres, a nau de Reixa chacoteábase da decepcionante socialdemocracia do reinado gonzalián e chamaban unha canción Pensionismo ou barbarie. A enxoita cultura do subsidio avanzaba mesmo por entre as xentes de imperdibles na chupa e cresta de cores.

O xogo literario dos *Resentidos* raramente topaba fronteiras. Autoparódico ou cabrón, riso de leite callado ou reivindicación do sexo libre, o humor de Reixa abrazou o rap porque dese xeito podía dicir máis cousas nunha canción. Preguntouse se o barrio chino de Vigo era maoísta ou de Chang Kai Chek. Apuntou con lingua aguzada ao Fondo Monetario Internacional cando ninguén sabía que o mecanismo mundializador prendera o motor. Pero, se cadra, Antón Reixa e os seus *Resentidos,* os *Resentidos* e o seu Antón Reixa, apalparon a lucidez estrema no máis semellante a un *hit single* que pariron: Galicia caníbal.

Os fundamentos do odio

XURXO LEDO

O odio é unha emoción que xurde de sensacións a traverso de sentidos como a vista ou o tacto, polo tanto o odio non pode ser racional. Racional é que as persoas ou os animais cando son golpeados e feridos reaccionen con violencia para defenderse, algo que ven acontecendo ao longo da historia, a cal é cíclica e repítese pesadamente, pero que en moitas ocasións non interesa analizar ou lembrar.

Unhas persoas tratan de dominar a outras e fano por medio da forza ou da intelixencia, pero sempre co mesmo obxectivo: apoderarse da razón para conquistar o que consideran fonte de riqueza e capacidade para tomar decisións. Nun primeiro momento a dominación foi dunhas tribus sobre outras, posteriormente foron uns pobos por riba doutros e agora son imperios multinacionais con gobernos vasallos.

Perante a investigación desenrolouse armamento para intimidar e advertir a comenencia de respetar a orde establecida e a democracia da maioría intelixente que non é máis que unha minoría esmagadora.

Os científicos, supostamente óao servizo do coñecemento, son pagados con dñeiro de todos e contribúen a desenrolar mecanismos de sumisión con apariencia de sucesos naturais e lóxicos. Facilitan armas aos débiles para loitar entre eles e conseguir que pensen que son ceibes.

O odio non se aprende, síntese e manipúlase para utilizar alí onde interesa. Así, intelectuais convertidos en portavoces de sistemas altamente desenrolados, ensínannos quen é fanático e quen defensor do racionalismo e da liberdade. Créanse escolas con exámenes e categorías onde, ou ben pasamos a formar parte da comunidade ou engrosamos a lista de repudiados ou renegados tolos con tendencias asesinas.

O odio, como escribiu algún personaxe ilustre, non se crea nin se destrúe, sinxelamente transfórmase. Quizáis sexa oportuno revisar que leva un dentro e de onde procede para entender cara onde camiña e quen dirixe as súas cordas.♦

SITIOS

Ana Mosquera

A festa do Cristal e a Torre dos Infantes

Vilanova dos Infantes, no concello de Celanova, resulta coñecida para moitos pola Virxe do Cristal figura de vidro milagreira da que Curros nos conta a súa historia nunha das máis populares poesías galegas. Desta lenda queda unha festa que se celebra o segundo fin de semana de setembro que leva o nome desta virxe e que para a xente da comarca se converteu nunha especie de despedida dos últimos veraneantes, antigos veciños agora emigrados.

Pero Vilanova é máis que Curros e Ferrín, atopámola na estrada que une Ourense e Celanova pouco antes de alcanzar a capital do Concello se partimos de Ourense. Cando nos achegamos nun vehículo alto (autobús ou todoterreo) xa desde a estrada podemos descubrir no cumio a torre de homenaxe da que, como logo veremos, parten varias rúas de casas baixas de pedra que se perden nunha carballeira que rodea a vila polo sur.

A proximidade de Celanova sempre produciu entre os habitantes das dúas vilas unha forte rivalidade. Os de Vilanova consideran con certa razón que a súa ten máis avoengo e os de Celanova que eles son máis capital e aínda hoxe chaman aos seus veciños ceboleiros.

O campo da festa encóntrase no pé do monte a certa distancia da torre. Quedou dividido pola estrada que deixou a un lado a capela e a outro o palco de música. Preto deste palco topamos un camiño que aos poucos metros deixa o asfalto e recupera un lousado tradicional. Esta corredoira sóbenos a praza da vila rodeada de casas de cantería, perfectamente restauradas, con corredor típico da zona e soportais. Magoa que estea convertida en estacionamento. De seguir subindo ata a fonte xa vemos a torre, para os veciños *o castelo*. Antes de ser arranxada pola mancomunidade de Celanova como centro comarcal era utilizada para os seus ensaios pola banda de música de Vilanova, unha das máis antigas da provincia. Nisto tamén manteñen as dúas vilas a súa rivalidade con dúas bandas de música, ambas de referencia en todo o país.

Temos que pedirlle á funcionaria que nos veña abrir e non se sorprende de que os meus acompañantes señan venezolanos. A emigración a ese país resulta frecuente na comarca. Explícanos que a torre actual foi construída no século XV e que a anterior do século XII derribárona os irmandiños. Tamén nos fala dunhas escavacións realizadas no soto da torre que dan fe da existencia dunhas adegas ou quizá pasadizos.

No primeiro andar móstranse varios mapas das Terras de Celanova cos lugares máis interesantes para visitar e un panel onde se expoñen fotos da industria –escasa– da zona. Unhas escaleiras conducen a un salón de actos onde se proxecta un vídeo sobre a comarca, alí oímos falar dos poetas de Celanova. Si subimos atopamos outra planta con paneis con vistas aéreas dos concellos que conforman a zona. Unha familia que chega máis tarde identifica a súa casa no concello de Cartelle. Vemos réplicas de pezas atopadas nas escavacións de Castromao, a máis interesante é unha Tesseira de Hospitalidade, descuberta por Ferro Couselo. En apariencia non parece máis que unha pedra cunha inscrición pero representa un tratado polo cal un grupo tribal se compromete a recibir a outro en condicións de igualdade, ou o que é o mesmo a non escravizalo. Para garantir a autenticidade do pacto a xeracións futuras cada parte quedábase cunha pedra e ambas debían encaixar.

Unha vez recorrido o interior da torre agárdanos o mellor, enxergar o val do Arnoia dende o alto. As vistas non decepcionan, queda ao descuberto a vila medieval que intuíamos no camiño empedrado de subida, con rúas estreitas, serpeantes e casas en xeral ben restauradas. No fondo vese a carballeira na finca da casa grande de Rivas. Non moi lonxe albiscamos Celanova e o monte do Furriolo, tumba de moitos republicanos durante a guerra. Preto de onde estamos descubrimos outra igrexa. Ao preguntar contéstannos que se trata da parroquia de Vilanova, a carón da cal aínda se poden ver restos do mosteiro que mandou construír a nai de San Rosendo, Santa Ilduara, *para retirarse cando quedase viúva*.

Este descoñecido mosteiro ten certa importancia toponímica porque aínda que a lenda di que o nome de Vilanova dos Infantes lle ven do nacemento de sete xemelgos, o que parece máis críbel é que o nome *dos infantes* teña a súa orixe na frecuente estancia de infantes neste convento, entre eles Santa Ilduara que finalmente conseguiu ser viúva e a propia irmá de San Rosendo, Dosinda que é unha das poucas persoas desta familia que non ten titulo de santidade.

Tamén en certa medida Celanova debe a este pequeno mosteiro de Santa María de Vilanova o seu nome. Ao construírse en datas posteriores o Convento de San Salvador converterase no mosteiro novo, e as súas celas, nas *Celas Novas*.♦

Meu Santo, Miña Santiña

francisco a. Vidal

San Xoán Crisóstomo, boca de ouro

Non tiña pelos na lingua este experimentado avogado a quen lle puxeron de alcume Crisóstomo ou boca de ouro polo ben que falaba. Pero un día, enfermo de epilepsia e cansado de gañar preitos, decidiu retirarse a unha cova onde poder reflexionar sobre o que lle deparaba o futuro.

o seu retiro, Xoán le as Sa-

Ngradas Escrituras e decide bautizarse e profundar nestas lecturas para opositar a un posto na próspera comunidade cristiá do século IV.

Non contaba el coa enfermidade, que se agravou por mor da austeridade e o estudio desmedido, ata facerlle abandonar a súa reclusión para vivir entre a xente, dedicado a predicar a doutrina do cristianismo. Sen embargo, esa boca lixeira que tiña non lle vai permitir unha vida cómoda.

Nos seus sermóns ataca os vicios da sociedade e o relaxamento do clero, ao tempo que loa a caridade e exalta aos pobres pola fe que poñen na redención social, acadando tal éxito entre as clases populares, que o Papa decidiu ascendelo a bispo de Constantinopla, non se sabe se como premio pola súa actitude ou para sacarllo de diante aos todopoderosos señores da súa cidade natal, Antioquía, que o acusaban de exaltar os paisanos e promover a revolución do populacho.

Instalado en Constantinopla, o novo bispo ten que soportar o insulto e o rexeitamento dos cregos que coñecían a fama de lingua rota que lle precede, e estenden as queixas polas dióceses veciñas.

ntre os que manifestamen-

Ete se poñen contra el está o bispo de Alexandría, Teófilo, quen despois de expulsar da súa Sé a dous piadosos paisanos por motivos pouco claros, enterouse de que Xoán lles deu acollida.

Con ánimo de vinganza, Teófilo procura a alianza do bispo de Chipre, Epifanio, para convocar un sínodo onde tratar de unificar criterios e expulsar do seo da Igrexa a aqueles que non acaten as decisións da maioría; e buscan como motivo da discordia a publicación das obras de Oríxenes.

Os tiras e afrouxas saldáronse cun claro triunfo do grupo liderado por Xoán e o bispo de Sicea, que vían en Oríxenes a un dos grandes pensadores cristiáns de todos os tempos, e en quen se baseaban as teses defendidas en Nicea contra o arrianismo. Negar a obra de Oríxenes será negar as teses que condenaron a Arriano.

Pero será entón, cando aínda non comezara a celebrar o triunfo do seu grupo, que o Crisóstomo se entera de que todo fora urdido pola emperatriz Eudoxia, cansada de oílo predicar contra o poder civil e contra os luxos do pazo real, co único propósito de comprometelo e poder así destituílo. E daquela el, que non tiña pelos na lingua, sube ao púlpito e arremete contra ela, e ela quéixase e inflúe no esposo para que o expulse por encirrar ás masas.

oán marchou, pero o po-

Xbo, partidario do bispo solidario, organizou manifestacións e protestas públicas, e provocou disturbios e tumultos contra o emperador e o seu goberno, ata que este mandou chamar de novo ao Crisóstomo para que volvese a ocupar a Sé e calmase os seus fieis seguidores.

Xoán entrou en Constantinopla cunha multitude recibíndoo con velas acesas e aclamacións de benvida, pero unha vez na súa diócese, volveuse perder pola boca, ao arremeter de novo contra a emperatriz, a quen lle erixiran unha estatua preto da basílica de santa Sofía, e onde se celebraban festas no seu honor, contra as que el predicou duramente.

udoxia sente unha rabia

Etremenda cada vez que o bispo sube ao púlpito, e Xoán sufre atentados, por sorte para el, sen maior consecuencia que algunha irrespectuosa labazada, ata que o mesmo emperador lle comunica que, mentres non rectifique a súa actitude, romperá todo tipo de relacións con el.

Por segunda vez, Xoán foi expulsado da súa sé, pero nesta ocasión, o Papa decide tomar partido e escríbelle ao clero de Constantinopla, advertindo de que se absteñan de nomear un novo bispo mentres non se tratara o caso de Xoán nun concilio que el vai convocar. Sen embargo, os anos, a debilidade e a enfermidade que viña padecendo, acabaron coa vida de Xoán antes de que se puidese facer nada.♦

A cimeira de Johannesburgo

FRANCISCO CARBALLO

Pasaron días do cumio de Johannesburgo, mais non as inquedanzas de tal acontecemento. A comparación das emisións da TVE e da BBC sobre tal cimeira evidencian demasiado a cerrazón da emisora hispana e a sensibilidade da BBC. Esta deu constantes, amplas informacións todo o período antes, durante e despois da cimeira. A TVE mirouno de esguello como algo ameazante.

Paréceme dunha importancia única a actividade do FSM (Foro Social Mundial) nas súas convocatorias, concretamente nas últimas de Porto Alegre. Esta "Cimeira Mundial" é diferente, segue a de Kioto e reduce a súa actividade aos torneos multitudinarios de representantes mundiais.

Non tomou decisión algunha de valor profundo. Pero sensibilizou a gran parte do mundo ante a realidade global da humanidade. Antes tiñamos testemuños de organismos v.g. do Club de Roma. Circulaban os seus informes nos "media" en páxinas para intelectuais. Agora é a sociedade mundial a receptora de información e de constatación dos intereses cruzados dos poderosos das finanzas, do militarismo e das clases populares, dos países centrais e dos periféricos. poucas veces os cidadáns de todo o mundo tiveron nas pantallas unha secuencia das contradicción humanas como na Cimeira de Johannesburgo.

Deduzo: cómpre día a día manifestar estas contradicción, contrastar en todo lugar e tempo os intereses ocultos e as necesidades inmediatas dos humanos. Só espidos, son os poderosos vencíbeis. Só nus, son os disfrazados espoliadores derrotados.

A cimeira foi só un torneo, mais o veo que oculta os antros dos poderes rachou. O disfrazo caeu. A mente manipulada de tantos escravos ollou os farrapos cos que as súas neuronas están impedidas de entender. Interesante cimeira. Como na España, seguro que en moitos países os mass media calaron, agacharon, roubaron a información destinada a todos. Mais a lingua franca tivo unha campá de toque universal que oíron milleiros de humanos.♦

Anacos de Borobó

O exemplo de Germán Antúnez Oliver

Sen perder o fío do relato, neste ensarillado de exemplos humanos que estou poñendo, coma se fora o do *novelo dos anacos*, liado noutros xornais, hai de explicar quen era "meu finado amigo, Germán Antúnez Oliver, xuíz comarcal de Teo", que certificou que os catro compañeiros do *Foucellas*, inmolados en Luou, morreran "a consecuencia de hemorragia interna", o 19 de maio de 1948.

Teño na man aínda a pregadeira de prata en forma da cruz/veneira dos cabaleiros de Santiago, que me regalara Antúnez coma galano de voda, uns días antes. E digo dos cabaleiros de Santiago, porque como me ten dito algunha vez don Xesús Carro, o crego galeguista que foi o máis sabio arqueólogo de Compostela, a verdadeira cruz de Santiago é a grega, de brazos iguais, que tanto se repite no vía crucis inserto nos muros románicos da Catedral compostelán. Ata o barroco non aparece a cruz da Orde de Santiago no grande templo xacobeo; paréceme que ata que o Arzobispo Monroy erixiu a capela do Pilar.

A radio comezou a se implantar nos anos 30. Germán Antúñez foi dun dos primeiros directores de *Radio Galicia* en Compostela.

■ **AS HEMORRAXIAS INTERNAS.** Pero o certo e que a arxentea pregadeira, ou abrecartas, venme servindo dende que casei, para abrir canto prego de cargos me fixeron pola miña mala escritura e demais correspondencia. O seu donante non asistiu ao casorio porque supoño que non tería moito humor para iso, ao día seguinte de ter que firmar no xulgado de Teo, o 20 de maio, aqueles catro habituais certificados, que rubricou tamén o secretario D. Fernando González Díaz.

Así evitaríase, ademais, o afábel Germán Antúnez narrar as circunstancias da tráxica acción do monte Loureiro (que el coñecería polo seu cargo perfectamente) aos protagonistas e os invitados da voda, que nos íamos enterando na Escravitude da súa sanguiñenta conclusión. Sen ter que explicar que a "hemorraxia interna" era, dende doce anos antes, a habitual, a acostumada, forma oficial de morrer os *paseados* nas cunetas e noutros lugares máis recónditos. Ben o sabían cantos se libraran de tal sorte de milagre, pero que tiveran que purgar a súa ventura uns anos no Lazareto de San Simón, aínda que saíndo a tempo para acudir ao meu casorio.

■ **A DITADURA DO ESTUDANTADO.** Germán Antúnez gañara, había pouco, as oposicións ao novo corpo de xuíces comarcais e municipais. Obtivera a praza de xuíz comarcal de Teo, denantes de ser o xuíz municipal de Santiago. Eu coñecérao persoalmente en Madrid uns anos antes, cando Antúnez era un dos membros máis conspícuos da pena literaria galega, voante dun café a outro; constituída principalmente por xóvenes escritores e xornalistas ourensáns: Cerezales (aínda que nado no Bierzo), Prego, Trabazo, e máis dun antigo estudante santiagués, coma o propio Germán.

Foi ora un estudante de Dereito que se fixera famoso no anecdotario da Universidade prebélica, dende que pronunciou, na alborotada aula de Dereito Canónico, ante a imposibilidade de que puxera orde nela o infeliz profesor D. Lino González del Blanco (axudante e sustituto do venerábel decano D. Salvador Cabeza de León), aquela frase que tanto se repetiría: "¡Señor Mandingas, señor Mandingas!, ¡O que hai que implantar aquí é a ditadura do estudiantado!".

■ **OS ALFÉRECES PROVISIONAIS.** Non se implantou na Universidade de Santiago, aínda que se pola teima de se habería de se establecer, ou non, en España a ditadura do proletariado, armouse a de *Deus es Cristo*. Entón a maioría dos bachilleres e licenciados universitarios que pola súa edade foran chamados a filas no Exército faccioso, ou adiantáranse indo voluntarios á nosa Guerra Pluscuancivil, optaron por matricularse nas escolas profesadas por militares alemáns, para facerse alféreces provisionais. Así, moitos deles, coa primeira paga comprarían o uniforme, e coa segunda mercarían a mortalla. Entre eles, máis dun rapaz galeguista, ou republicano, ou socialista, que non tivera outro medio millor de sortear as persecucións da retaguardia.

Se ben houbo aínda máis que sobreviviron, coma algún dos meus grandes e ilustres amigos, que foron alféreces provisionais sen ser falanxistas de mal corazón, e nin sequera de dereitas. Algúns diles mutilados, coma aquí xa dixen de Manuel Pesqueira, o excepcional pintor do Salnés. Máis dereitoso, cecais por ser licenciado en Dereito, era Antúnez Oliver, quen entre as oportunidades que lle diron os alféreces provisionais, ao acabar a contenda, escolleu a de policía segreda. Dise xeito alternaba o seu traballo nunha brigada de investigación criminal (non política nin social) coa presencia nas tertulias literarias dos seus paisáns. Nestas teño falado con Antúnez, antes de se converter, por oposición, en xuíz comarcal.

O seu maior compañeiro daqueles días era outro alférez provisional, xa licenciado: Luís Trabazo. A figura máis sorprendente e orixinal daquela pléiade intelectual galega que a penas acabara de deixar as armas de Franco. Proseguindo este *exemplario* coido que valerá a pena adicarlle a Trabazo o *exemplo* que ven; pero adianto agora o dato de que compartía con Antúnez un cuarto nunha pensión madrileña. Onde, ao levantarse pola mañá, o crítico ourensán, soia ensaiar, ante o espello do armario de lúa, os pases de tango, ou de chotis, que pola noitiña danzaría con algunha funcionaria (xa non había modistillas) nos bailes da Bombilla. Tal mo ten contado entón seu cohospede policía.

■ **A DIRECCIÓN DE RADIO GALICIA.** Dase a casualidade que nesta semana en que escribo ven un mozo colaborador de Radio Galicia, que leva o glorioso apelido de Curros, a recurrir en Trevonzos a meu *consultorio sentimental*, para que lle contara o que sabía da emisora inaugurada co gallo da propaganda do primeiro Estatuto de Galicia. Pois están compoñendo a súa historia, agora que se aproxima non sei que cabodano. Lembreille ao novo Curros que o terceiro director que tivo Radio Galicia, na época de Franco, despois de selo un González Carreró e un Labarta, foi precisamente Germán Antúnez; quen acumulou os postos de xuíz municipal de Santiago e de director da emisora galega da SER, durante varios anos daquel tempo de pluriemprego.

Foi ora nomeado a proposta do seu bo amigo Ramón Varela Pol, director xeral da SER, que concurría en Santiago as mesmas aulas que el, e en Madrid as mesmas *peñas*. Varela Pol era letrado do bufete dos Garrigues, fillo de D. Vicente Varela Radío, primeiro gobernador de Pontevedra, na República, e pai do malogrado catedrático de Dereito Político e subsecretario de Interior, no goberno de Felipe González. Acordámonos de todos eles, falando onte na casa grande de Lens, co seu curmán, o meu emérito amigo, D. Gustavo Varela Hidalgo de Caviedes. Tamén recordamos ao xuíz municipal que tan doadamente conciliaba os seus deberes cos de director de Radio Galicia.

■ **O CONSELLO DO PENITENCIARIO.** Finou en plena maturidade do seu talento conciliador. E quedoume gravada na memoria a última vez que o recordo; na que volvimos xuntos dun enterro no camposanto de San Domingos. Viñamos acompañando a D. Benito Espiño, coengo penitenciario do Cabildo, e o chegar á plaza do Campo, ou de Cervantes, Antúnez pediullo ao máximo confesor da Arquidiócese consello sobre o que debería sentenciar nos moitísimos casos da xente que roubaban a luz. Ao que don Benito respondeulle, co maior senso común que eu admirei na miña vida, que coma as empresas eléctricas xa cobraban de máis a enerxía, non era pecado que a xente humilde enganchara fraudulentamente na mesma proporción, a luz que necesitaban os seus probes fogares. E o xuíz D. Germán Antúnez asentiu o consello do Moi Ilustre profesor de Teoloxía Moral no Seminario.♦

O Trinque

Romaría da Saínza

O 20, 21 e 22 de setembro celébrase a Romaría da Saínza en Rairíz de Veiga. O venres 20 Mercedes Peón participará no festival de música, o sábado hai concurso de doces e verbena e o domingo 22, á mañá, terá lugar o combate entre mouros e cristiáns. Esa mesma xornada, ás 16:30, actuará o contacontos Carlos Blanco. Tamén hai boas orquestas, comida para matar a fame de cen anos e líquido a esgalla.♦

LECER

Coordinación: Eva Montenegro Piñeiro

GUIEIRO DE CULTURA E

O Centro Galego de Artes da Imaxe, na CORUÑA, adícalle un ciclo ao director de cinema xaponés Shohei Imamura.

Arteixo

■ **TEATRO**

RUZZANTE
O *Auditorio Municipal* vai ser o lugar onde a compañía **Teatro Galileo** represente esta obra este xoves 19.

Betanzos

■ **EXPOSICIÓNS**

RAFAEL CANOGAR
Mostra da súa obra gráfica na *Fundación Internacional da Estampa Contemporánea* durante o mes de setembro. Información en ciec@fundacionciec.com.

Burela

■ **EXPOSICIÓNS**

AS IMAXES DE CASTELAO
Mostra sobre a vida e obra do esgrevio nacionalista galego ata o 29 de setembro, na *Sala de Arte* do Concello.

Cambados

■ **EXPOSICIÓNS**

ESEPUNTO
Ata o 15 de outubro mostrará a súa pintura na viñoteca *Ribeira de Fefiñáns*.

Cariño

■ **TEATRO**

JIÑOL
Títeres Trompicallo representará o seu espectáculo o domingo 29 no *Auditorio Municipal*.

Cedeira

■ **TEATRO**

CAPRICHOS DE CERVANTES
O sábado 21 na *Casa da Cultura* da vila **Teatro Galileo** escenificará a obra.

Cee

■ **TEATRO**

ATRA BILIS
(Cuando estemos más tranquilas) é o título da obra que **Producciones Micomicón** vai representar o domingo 29 na *Casa da Cultura*.

A Coruña

■ **CINEMA**

CGAI
O Centro Galego de Artes da Imaxe (Durán Loriga 10) continúa co ciclo adicado a **John Ford** coa proxección, este xoves 19, da fita ***O xuiz Priest*** (1984) con subtítulos en castelán. Noutro ciclo que veñen mantendo, o adicado a **Shohei Imamura,** o venres 20 proxectarán ***Zegen, o señor dos burdeis*** (1987); o luns 23, ***A chuvia negra*** (1989); o martes 24, ***A anguía*** (1997); e o mércores 25, ***Doutor Akagi*** (1998). Todas as películas con subtítulos en castelán e ás 20:15 h.

■ **EXPOSICIÓNS**

IMAXES MAIORES
Sete xoves fotógrafos, nados entre o ano 67 e 78, como son **Andrea Costas, Fran Herbello, Cristina Rodríguez, Zoraida Marqués, Quique Lista, Jorge Meis** e **Óscar Cela** tentan mostrar a súa visión do mundo dos maiores. Na sala de exposicións *Caixa Galicia* ata o 30 de setembro.

ATLÁNTICA
Ata o 30 de setembro, o *Museo de Arte Contemporánea de Unión Fenosa* albergará unha mostra do ***Grupo Atlántica.***

XERVASIO SAR
Na cafetaría *La Compañía* podemos ollar as súas pinturas ata o 8 de outubro. As teas de **Jesús Montero** estarán no hotel *Mª Pita* ata o 27 de setembro. E as pinturas naif de **José L. Barral** están expostas, ata o 30 de setembro, en *Portas Ártabras*.

AS CORES DO MAR DE GALIZA
Ata o 31 de decembro, a *Casa das Ciencias* vai acoller esta mostra fotográfica submariña, que forma parte dunha unidade didáctica isobre o ecosistema mariño do noso pa;is, que a través de 50 imaxes pretende amosar a beleza e a diversidade zooló×ica que encerra o noso mar, buscando o equilíbrio entre as especies popularmente coñecidas e as descoñecidas, pero sempre desde un punto de vista artístico, que á vez sirva como fío conductor para axudar a divulgar e coñecer mellor as nosas especies. Este traballo é o resultado de 25 anos de experiencia mergullándose e fotografiando o mundo submariño.

ANATOMÍA DO CORPO HUMANO
Este mes fecha esta mostra que está sendo exposta pola *Domus*.

■ **MÚSICA**

TRASHNOS
O venres 20 ás 22 h. van dar un concerto, de balde, na sala *Mardi Gras* no que despedirán a Manuel, un dos seus compoñentes.

FESTIVAL DE ÓPERA
O xoves 19 e sábado 21 ás 20 h. no *Palacio da Ópera*, o **Cor de Cambra del Palau** e a **Orquestra Sinfónica de Galiza** interpretarán *O amor bruxo,* de Manuel de Falla; e *A Vida Breve,* drama lírico en dous actos producido polo *Teatro Lírico de Cagliari*.

DJ FEEDBACK
Estará nos platos do *Playa Club* o sábado 21 con entrada libre.

RUDESINDO SOUTELO
Autor de **"Como a noite é longa (Homenagem a Fernando Pessoa)"** que será estreada polo **Grupo Instrumental do S. XX** (membros da Orquestra Sinfónica de Galiza) o domingo 22 ás 12 h. no *Museu de Belas Artes*.

O REI BABAR + CARLOS SANTOS
Presentación dos participantes coruñeses no *Festival de Novas Bandas*, o próximo xoves 26 ás 22 h. na sala *Mardi Gras*.

CUBE
Grupo nado no Porriño que mistura rock e metal, e que actuará o próximo venres 27 no *Mardi Gras*, ás 22:30. A entrada custa 3 euros.

TRAVOLTAS + THE HELLS
Os primeros, coñecidos polo seu son power-punk-pop, e os segundos polos seus sons guitarreiros, tocarán o vindeiro sábado 28 ás 22 h. na sala *Mardi Gras*. O prezo da entrada é de 8 euros por anticipado e de 10 na billeteira.

■ **TEATRO**

ALTA COMEDIA
Da man de **Teatro do Noroeste** poderemos vela este venres 20 e o sábado 21 no teatro *Rosalía de Castro*.

A Estrada

■ **TEATRO**

ATRA BILIS
(Cuando estemos más tranquilas) vai ser representada por **Producciones Micomicón** o próximo venres 27 no teatro *Principal*.

Fene

■ **EXPOSICIÓNS**

MANUEL BELLÓN
Mostra de mosaicos, deste home nado en Fene en 1948, realizados con pedra machacada de cores puras, virxes, recén saídas da terra., na *Casa da Cultura*.

Ferrol

■ **ACTOS**

IV ANIVERSARIO DA *FUNDAÇOM ARTÁBRIA*
Con este motivo e durante o mes de setembro realizarán diversas actividades. O venres 20 ás 20 h. **Festa *Quatro anos da Artábria,*** con bolo de aniversário, proxección de diapositivas sobre a fundación e música con **A quadrilha da Marola**. O sábado 21 ás 19 h. o grupo de teatro infantil da fundación interpretará ***A música de Sabela,*** e a continuación actuará o grupo infantil **Cantareiras de Carranza.** O seguinte venres 27 ás 22:30 espectáculo de samba e reggae ***De Brasil a Jamaica,*** a cargo dun grupo local. O sábado 28 ás 22:30 ***Festa zombie,*** con maquillaxe e efectos especiais. Tamén está programado un ciclo de cinema galego no que colaboran o CGAI e a CIG, e no que se proxectarán curtametraxes das máis famosas dos últimos anos e dúas longametraxes: ***A lei da fronteira*** e ***Urxa,*** ata o xoves 26.

■ **EXPOSICIÓNS**

ELPIDIO E LUÍS VILLAVERDE
A galería *Sargadelos* acolle unha mostra sobre a vida destes dous irmáns. O primeiro (1887-1956) foi un político galeguista, militante das *Irmandades da Fala* e da ORGA; alcalde de Vilagarcia entre o 31 e o 36, non sendo no *Bienio Negro*, no que foi perseguido e encarcerado; deputado polo F. Popular; tamén foi o fundador das *Milicias Gallegas* no frente de Madrid; continuou a súa infatigábel militancia no exilio bonaerense onde morreu. O seu irmán, Luís (1891-1967), dirixiu en Buenos Aires a editorial *Atlántica* na década dos 50 e publicou, postumamente, o libro *Mariscos de Galicia,* do que poderemos ollar os seus debuxos orixinais. Ata o 30 de setembro

E. GRANELL. A ARTE DA CONVERSA
Mostra sobre o último surrealista español –galego– no *Centro Torrente Ballester* ata o 29 de setembro.

JULIO GALÁN CARVAJAL
A exposición do *V Premio de Arquitectura* que leva o seu nome estará no *Colexio de Arquitectos* ata este venres 20.

■ **MÚSICA**

RUDESINDO SOUTELO
Autor de **"Como a noite é longa (Homenagem a Fernando Pessoa)"** que será estreada polo **Grupo Instrumental do S. XX** (membros da Orquestra Sinfónica de Galiza) o venres 20 ás 20,30 h. no CC *Torrente Ballester.*

■ **TEATRO**

MIGUEL HERNÁNDEZ
Teatro Meridional vai por en escena o xoves 26 esta obra no Auditorio Mu-

Andrea Costas, da que ollamos unha fotografía, participa na mostra *Imaxes Maiores* que se pode ollar na Sala de *Caixa Galicia* da CORUÑA.

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

Carteleira

CAMIÑO DA PERDICIÓN. Despois do éxito de *American Beauty*, o británico Sam Mendes entréganos unha película correcta, pero tópica. Tom Hanks, Paul Newman e Jude Law interpretan a un grupo de sicarios irlandeses no Chicago dos anos trinta.

OS HOMES DE NEGRO II. Uns extraterrestres chega á Terra coa intención de conseguir un tesouro galáctico agachado no planeta. Para acadar o tesouro están dispostos a desintegrar a Terra e os homes de negro terán que evitalo.

A VODA DO MONZÓN. Mira Nair conseguíu o León de Ouro de Venecia con esta magnífica mostra do conflito cultural que vive a India. Mesturando comedia e drama a director de *Mississippi Masala,* amósanos as relacións entrecruzadas dentro dunha familia cando casa en Bombay a primoxénita e chegan familiares desde os Estados Unidos e Australia. Música e cór para embebedarse.

TODA A VERDADE. Unha avogada ve como deteñen e acusan o seu home de ter cometido crimes cando estaba no exercito. El négao e ela cre que se trata dunha conspiración dos militares. Previsíbel.

WINDTALKERS. Durante a Segunda Guerra Mundial, un indio *navajo*, cifrador de mensaxes na súa lingua, participa en cruentas batallas no Pacífico, mentres un sarxento ten que protexer a clave, aínda que sexa matándoo. Drama belicista.

O OUTRO LADO DA CAMA. Cunha temporada longa en carteleira, esta comedia española está a emular o éxito de *Air-Bag*. Ligues e infidelidades de dúas parellas mozas. Boas interpretacións, humor abundante e dous ou tres momentos de tirarse polo chan.

PÁNICO NUCLEAR. O cambio de presidente en Rusia coincide cun ataque nuclear contra unha cidade americana. O mundo á beira dunha guerra atómica, un analista da CIA terá que demostrar que non hai relación entre o ataque e Rusia.

O MESMO AMOR, A MESMA CHOIVA. Un escritor de contos frustrado vive a transición arxentina desde a redacción dunha revista, ao tempo que ve como a súa relación amorosa se deteriora. Final, con todo, esperanzador neste filme realizado polo mesmo equipo de *O fillo da noiva*.

O CRENTE. Un xudeu profesa a ideoloxía nazi e practica o antisemitismo, pero os seus ataques ao seu pobo fano entrar en contradicción. Película un chisco sionista.

O HOME QUE NUNCA ESTIVO ALÍ. Un empregado de peitearía ve a oportunidade dun negocio e, para se financiar, chantaxea ao querido da súa muller, pero este decátase de quen é. Outra vez a América profunda dos irmáns Cohen.

SMOKING ROOM. Ramírez, oficinista na sucursal dunha compañía norteamericana, recolle sinaturas para habilitar un espacio no que os traballadores podan fumar. O que parece unha inocente iniciativa destapa miserias, medos e mesquindades.

UN NENO GRANDE. Hugh Grant, que novamente está para comer con queixo, protagoniza esta comedia amábel con neno. Outra versión da historia do solteiro maduro que se resiste a sentar cabeza, pero acaba engaiolado polo sentido común dun infante de doce anos (unha especie de Descartes caseiro e con pantalón curto). A película é visíbel pola pericia do director que non a deixa cair en ningún momento e polo acerto do guión que actualiza o xénero e evita a cursilería. ¿Hugh Grant? Ben, gracias.

RESIDENT EVIL. Para pescudar o qué sucedeu, un grupo de operacións especiais entra nunha cidade secreta situada baixo chan onde se produciu unha catástrofe resultado dunha investigación. Milla Jovovich moi *sexy* e rodeada de *zombies*.

SPIDERMAN. Unha araña modificada con xenética morde a un estudiante, que a partir desas é quen de subir polas paredes e tecer mallas, algo que aproveita para facer o ben, aínda que o Trasno Verde cruzarase no seu camiño. Non apta para diabéticos.

O CUARTO ANXO. Durante un secuestro aéreo uns terroristas matan á muller e ás dúas fillas dun xornalista, que posteriormente dedícase a perseguilos axudado por un axente da CIA.♦

Sendeirismo por Fene

Está aberto o prazo de inscrición para participar no programa desenvolto polo Concello durante o outono polas súa parroquias. En cada unha destas marchas convidarase a xantar a todos os participantes no lugar de remate. A primeira vai desenvolverse na parroquia de Sillobre este domingo 22. O lugar de saída será Agarimo de Sillobre (O Souto) ás 10 h. A duración será dunhas catro horas, e poderá verse a fervenza e as súas abas e o xacemento arqueolóxico de Marraxón.♦

Cándido Fdez. Mazas é obxeto dunha mostra homenaxe na Sala de *Caixa Galicia* de LUGO.

CÁNDIDO FERNÁNDEZ MAZAS
Co título de ***Vanguardia, militancia e esquecemento*** pode verse esta mostra, ata o 31 de outubro, na sala de exposicións *Caixa Galicia*.

L'ORÉAL DE ARTE CONTEMPORÁNEA
A sala de exposicións da *Deputación* acolle a selección de obras que reuniu ao longo das 17 edicións do seu premio de pintura. Entre os artistas atopanse algúns nomes galegos tales como **Salvador Cidrás, Almudena Fernández Fariña, Vicente Blanco, José Manuel Calzada** e **Antonio Murado.**

POÉTICAS MODERNAS
Ata finais do mes de setembro podemos visitar, no *Museo Provincial*, a colección de setenta obras feita en papel por grandes nomes da vanguardia, desde autores que reaccionaron ao academicismo francés como **Matisse** ou **Derain,** o cubista **Gris,** os colectivos **El Paso** e **Cobra,** ou os chamados ***novos salvaxes alemáns.*** As obras, que forman parte da colección Serra, é unha leición do século XX, con diferentes técnicas e temáticas.

■ **MÚSICA**

A CAPELLA
Só voces en directo da man de **Fernando Jácome** este xoves 19 no *Clavicémbalo.* O venres 20 o grupo pop rock **Islabikini** actuará nesta mesma sala. O sábado 21 será a quenda de **Comestibles,** que farán versións dos 70 e 80. O luns 23 canción de autor con **Josito** e **Iván.** O martes 24 chegará ao *Clavicémbalo* o hardcore all school de **Disappointment.** Jazz para a noite do mércores 25 con **Clavijazz.** E o xoves 26 actuación heavy con **Latem.**

nicipal *Torrente Ballester*.

A Gudiña

■ **EXPOSICIÓNS**

HOMENAXE A LAUREANO PRIETO R.
Organizada pola A.C. *Os Torgueiros*, poderemos visitala no colexio que leva o nome deste mestre (A Gudiña 1907, Ourense 1977), colaborador do *Museo Provincial de Ourense,* que publicou numerosos traballos etnográficos sobre xogos infantís, animais salvaxes e domésticos, poesía popular, adiviñas, astroloxía e meteoroloxía popular, meigas, falas dialectais e, en xeral, sobre tradicións e costumes.

Lalín

■ **TEATRO**

MIGUEL HERNÁNDEZ
Esta obra vai ser representada o próximo venres 27 no *Auditorio Municipal* pola compañía **Teatro Meridional.**

Lugo

■ **CINEMA**

SEMANA INTERNACIONAL DE AUTOR
O grupo cinematográfico *Fonmiña* organiza este encontro no que se proxectarán as seguintes fitas: o luns 23 ***Sabrina*****;** o martes 24 ***O apartamento*****;** o mércores 25 ***Un, dous, tres*****;** o xoves 26 ***Irma a Doce;*** e o venres 27 ***En bandexa de prata.*** Todas as proxeccións na Aula Socio-cultural de *Caixa Galicia* ás 20 h.

■ **EXPOSICIÓNS**

A TRAMA E O OURO
É unha exposición sobre traxes do século XVII que se pode ollar na capela de Sta. María.

Malpica

■ **EXPOSICIÓNS**

GRAVADOS DO CGAC
Mostra de gravados do *Centro Galego de Arte Contemporánea* na que destacan obras de **Jorge Castillo, Eduardo Chillida, Antonio Saura, Antoni Tápies, Christo, Enzo Cucchi, Appel Karel, Njaume Plensa** e **Perejaume,** entre outros. Ata o 30 de setembro en Buño, no *Centro Comarcal de Bergantiños.*

Monforte

■ **EXPOSICIÓNS**

LOURDES GARCÍA
A súa obra fotográfica, que amosa diferentes utensilios dos que se empregan na elaboración artesá como teares, ripos, mazas, espadelas... pode ser ollada no *Centro Comarcal de Lemos* ata o 30 de setembro.

MARINA PINTOS FONSECA
Unha mostra da súa pintura pode ser ollada no *Centro Comarcal de Lemos*.

Ourense

■ **EXPOSICIÓNS**

ELIGIO IGLESIAS
Na galería de arte *Visol*, (rúa de San Domingos) poderemos coñecer unha mostra do pintor ata o 1 de outubro. Nas súas obras os racimos de figuras humanas que teñen reminiscencias da fría mirada dos anos vinte, contrastatan coa calidez da súa luz, o contacto dos corpos, a precisión das súas liñas definidas.

■ **MÚSICA**

4 TEEN KILLERS
A banda punk-rock, formada en 2001, cunha gran creatividade que lle permite un amplo repertorio –contundente–, e onde as guitarras afiadas comparten melodias cunha voz feminina que pode ser tan agresiva coma doce. Este sábado 21 ás 21 h. no *Rock Club*. Entrada de balde con invitación que se pode solicitar no telf. 639 753 238 e recoller en Peggy Records, Serie B, Supercool, Far, BarCelona, Castelao e bar Montecarlo en Ourense; A Reixa, BarTolo, A Calexa e Lixo Urbano en Santiago; A Caverna en Vigo; O Beato e Crápula na Coruña; e Elektra Comics de León.

■ **TEATRO**

A CONXURA DOS NECIOS
Da man de **Sarabela Teatro** vai ser representa o luns 30 no teatro *Principal*.

Poio

■ **EXPOSICIÓNS**

ANTONIO FEIJÓO
O pintor colga as súas obras no *Casal de Ferreiros* ata o 29 deste mes. A mostra está composta por unha serie de cadros realizados á acuarela, e a temática que predomina nas súas obras lembran o mar e os ambientes marítimos, así como as paisaxes das Rías Baixas, que o inspiran desde a súa nenez.

Pontevedra

■ **CINEMA**

OS NENOS DE RUSIA
Produción catalana dirixida por **Jaime Camino** no ano 2001, que vai ser proxectada o mércores 25 polo *Cineclube*, no Espazo para a Arte de *Caja Madrid*, ás 20:15 e 22:15.

EN LA PUTA VIDA
Sesión de cine latinoamericano que terá lugar o luns 23 no teatro *Principal*.

■ **EXPOSICIÓNS**

MÓNICA TRASTOY
A súa mostra de pintura, *Discontinuo,* vai estar no Espazo para a Arte de *Caja Madrid* ata o luns 29 deste mes. Esta vilalbesa, unha das figuras emerxentes do moi activo panorma plástico galego, re-encontrase coa cidade na que se formou e oferece a oportunidade para achegarse ao seu particular universo creativo, significado nestes momentos pola reflexión sobre o branco e as súas posibilidades.

***O bico de lolanda*, cadro do vigués Eligio, que ten unha mostra na galería *Visol* de OURENSE.**

TODOS POLOS DEREITOS HUMANOS
Mostra na sala de exposicións *Caixa Galicia* que estará aberta ata o 15 de outubro.

BG WILDLIFE. PHOTOGRAPHER OF YEAR
As obras da edición do ano 2001 do prestixioso premio de fotografía da natureza, organizado pola *BBC Wildlife Magazine* e o *Museo de Historia Natural* de London, nas que non só se valora a beleza formal, senón tamén a crueldade e os problemas de consevación da natureza, son expostas na sala de exposicións de *Caixanova* da Praza de San Xosé, ata o 22 de setembro.

BIENAL INTERNACIONAL
Mostra de arte contemporánea na *antiga Facultade de Ciencias Sociais* e no *Pazo da Cultura*, baixo o título de *Narrando espacios, tempos, historias...* que será clausurada o 30 de setembro. De Dinamarca veñen Stine Berge & Johan Holte, Mads Gamdrup, Michael Elmgreen & Ingar Dragset e Olafur Eliasson; de Islandia, Hrafnkell Sigurdsson; de Suecia, Miriam Bäckström, Jonas Dahlberg, Gunilla Klimgberg e Jacob Dahlgre; de Finlandia, Ilkka Halso, Aino Kannisto, Liisa Lounila e Pertti Kekarainen; de Noruega, Lene Berg, Iselin Lonn, Tor-Magnus Lundeby e Knut Åsdam; de Portugal, Filipa César, João Tabarra, Nuno Cera e Miguel Leal; e do Estado, Vicente Blanco, Salvador Cidrás Este-Partegás, Miguel Ángel Rebollo, Manuel Vázquez, Juande Jarillo, Grupo El Perro e Juan Carlos Robles.

SANDRA VECINO
Mostra a súa produción artística na *Petite Galerie de Teo*.

GUILLERMO PEDROSA
Expón na sala de arte *Teucro* a súa obra.

Porto do Son

■ **TEATRO**

MALABARANDA
Este grupo que se adica ao teatro de rúa e ao novo circo, estará este xoves 19 a partir das 23 h. no *AproA* (Praia do Fonforrón) con entrada de balde.

Ribadavia

■ **EXPOSICIÓNS**

AS CORES DO MAR DE GALIZA
Ata outubro, a Capela da Magdalena vai acoller esta mostra fotográfica submariña, que forma parte dunha unidade didáctica isobre o ecosistema mariño do noso pa;is, que a través de 50 imaxes pretende amosar a beleza e a diversidade zooléxica que encerra o noso mar, buscando o equilíbrio entre as especies popularmente coñecidas e as descoñecidas, pero sempre desde un punto de vista artístico, que á vez sirva como fío conductor para axudar a divulgar e coñecer mellor as nosas especies. O resultado de 25 anos de experiencia mergullándose e fotografiando o mundo submariño.

Ribeira

■ **EXPOSICIÓNS**

TAMÉN FOMOS EMIGRANTES
Mostra fotográfica que acollerá a sala de exposicións do *Auditorio Municipal* ata o 15 de outubro.

A Rúa

■ **TEATRO**

CHEIRO DE ESTRELAS II
Segunda parte da obra que presenta a compañía **Fulano, mengano e citano** o venres 20 no *C.C. Avenida*.

Santiago

■ **ACTOS**

PREMIOS RÚANOVA
Presentaranse as obras gañadoras do XIV premio de narracións xuvenís *Ría Nova*. Celebrarase na facultade de Ciencias da Educación este xoves 19 ás 20 h.

■ **EXPOSICIÓNS**

HAIKUS
Mostra colectiva de 25 artistas de todo o Estado que presentan obras de pequeno formato inspirándose nos haikus, poemas xaponeses, cada un no estilo propio: óleo, pastel, gravado, fotografía... e que poderemos visitar na galería *José Lorenzo*.

GENERACIÓN 2002
Vén é o título da mostra que se encontra no *Auditorio de Galicia* e, que recolle os premios e becas de arte de *Caja Madrid*. Ata o 20 de outubro.

RAMÓN CAAMAÑO
Ata o 6 de outubro, o *Colexio Fonseca* acollerá esta mostra composta por fotografías tomadas nos anos 20 e 30. Unha completa descripción da vida do pobo nesa época, quedando reflectidas todo tipo de actividades laborais, desde o traballo manual, ata o comercial, no banco ou na notaría; desde a escola ata as mulleres aprendendo a coser nas máquinas *Singer*; desde os gaiteiros, festas, bandas, comparsas, teatro, equipos de futbol... ata os velorios e rituais que acompañan á morte na cultura rural.

JEAN DIEUZAIDE
La Galice é o título da mostra fotográfica que acollerá a *Igrexa da Universidade* ata o 12 de outubro. Trátase dun achegamento á obra realizada polo fotógrafo francés nas súas viaxes polo noso país nos anos 50-60.

Festival da Xuventude

Este sábado 21 a partir das 22:30 as bandas de rock galegas **Zënzar** e **Sensacha** van tocar neste festival**,** que se vai realizar na Zona Recreativa de **ACEVEDO (CERCEDA).**♦

LEANDRO LAMAS ERMIDA
Ata o 31 de setembro *A Mouga* (rúa Caldereria) é o lugar onde mostra os seus óleos sobre lenzo.

PEREGRINACIÓN Á XERUSALÉN NEGRA
Mostra de fotografías de **Fernando Moleres,** que vai estar aberta ata o 29 de setembro no *Museo das Peregrinacións*.

IMAXES DA MEMORIA
A fundación *Granell* acolle, ata o 2 de decembro, esta mostra que ten como obxectivo recuperar a relacion que o artista mantivo coa Galiza. Un achegamento á súa traxectoria a través das obras para comprobar como xurde, unha e outra vez, a evocación e os lazos que o unen á terra. Imaxes, títulos nas pinturas ou nas gravuras, esculturas e obxectos son presentados como escenarios reconocíbeis e tráxicas circunstancias históricas nas súas criacións. A mostra divídese en tres partes, cada

Festa das Colheitas

Celebrarase en **VILA VERDE,** a poucos quilómetros de Braga (para quen ven pola autovía Valença-Porto debe sair na portaxe de Anais), entre o xoves 10 e o domingo 13 de outubro. A XI Feira-Mostra dos Produtos Regionais inclue concursos de borbados, rendas e peza antigas en liño, do mel, de doces típicos, de frango caseiro, e de pan de broa. O certame contará con algunhas atracións sorpresas.♦

***Mentiras profilácticas* (2001), obra de Javier Muro que forma parte da mostra *Generación 02* dos premios e becas de arte de *Caja Madrid* e que se encontra no Auditorio de Galicia en SANTIAGO.**

Nº 1.048 ● Ano XXV ●
Do 19 ao 25 de setembro de 2002

unha relacionada coas etapas da vida do artista: 1912-28, a infancia e a adolescencia; 1930-85, o exilio e a evocación da terra a través das obras; a partir de 1985, o regreso de América e o reencontro. Fotografías, vellas películas e cartas dirixidas a Dieste, xunto con libros e obxectos persoais complementan a mostra.

Richard Tuttle

Nado en 1941 en Rahway (New Jersey), o seu traballo é dunha grande espiritualidade e serenidade. Segue intuitivamente o seu camiño de investigación, emprega materias pouco convencionais e escalas reducidas nas súas pezas, sendo difícil de clasificar a súa obra –a miúdo a medio camiño entre a escultura, o debuxo e a pintura–. É obxecto de dúas mostras simultáneas: *Memento* (ata o 29 de setembro) no *Museu Serralves* do Porto; e *CENTER* (ata o 22 de setembro) no CGAC, que aínda que concebidas independentemente, Tuttle imaxínaas como partes complementares dun todo máis grande. O fío condutor de *CENTER* son vinte vitrinas en espiral que albergan unha escolma das publicacións deseñadas por el. Arredor das vitrinas están instaladas *Blue/Red Alphabet*, de 26 pezas, e *Replace IV* de 40, dúas series de pequenos cadros.

Antonio Murado

Un millón de acres pretende ser a cartografía dunha viaxe imaxinaria polas dúas últimas décadas de produción deste lugués do ano 64., utilizando marañas, nubes, pétalos, paisaxes xeadas, redes, lousas ou ramas... Desde New York afronta os problemas de percepción con sensibilidade estética e gran refinamento. A pesar de que o seu dominio técnico lle permite un control riguroso do comportamento do material, este coexiste con voluntarios procesos fortuítos. Reune pinturas de gran formato, tremendamente suxestivas. Paisaxes de frío que se complementan con óxidos ou cuarteados. No CGAC ata o 22 de setembro.

■ MÚSICA

III Ciclo de Lied

A canción británica é o título baixo o que este ano se presenta o encontro. O venres 20 ás 21 h. o teatro *Principal* vai ser o escenario do concerto que ofrecerán **Mark Padmore,** tenor acompañado ao piano por **Roger Vignoles.** O venres 27 ás 21 h. no mesmo lugar, **Lisa Milne,** soprano e **Roger Vignoles,** piano, ofrecerán o último concerto deste mes.

Convocatorias

II Premio de Poesía U. Novoneyra

Convocado polo Concello das Pontes co fin de honrar a súa figura e interesado polo fomento da cultura literaria en xeral. Poderán optar a el todas as persoas maiores de idade de calquera nacionalidade, sempre que o traballo se presente escrito en galego, cunha colección de poemas dunha extensión mínima de 400 versos, orixinal, inédita e non premiada noutros concursos no momento das deliberacións do xurado (se os traballos presentados fosen premiados noutros concursos deberase comunicalo de xeito inmediato á organización). Presentaranse tres copias numeradas, mecanografadas a dobre espacio por unha soa cara, e debidamente grampadas ou encadernadas. Coas copias, achegarase un sobre pecho que levará no seu exterior o título da obra e o lema ou alcume do autor, e no interior o seu nome e apelidos, fotocopia do DNI, enderezo e teléfono de contacto. O prazo de presentación remata o 30 de setembro de 2002 e as obras presentaranse no rexistro do Concello das Pontes ou enviaranse por correo certificado ao Concello das Pontes - Parque Municipal, s/n - 15320 - As Pontes - A Coruña, facendo constar no exterior: II Premio de Poesía Uxío Novoneyra. O premio estará dotado con 3.000 euros e a publicación da obra, reservándose os dereitos de publicación durante un ano. O xurado emitirá o seu fallo en decembro de 2002 e darase a coñecer mediante comunicación persoal (telegrama ou chamada telefónica) e nos principais medios de comunicación. O premio poderá ser declarado deserto. As obras non premiadas poderán ser retiradas no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao fallo do xurado, quedando unha copia no arquivo ou biblioteca municipal. As obras que non sexan retiradas destruiranse.

Curso de formación de actores

O centro de teatro e danza *A Artística* inauguraron o pasado 16 de setembro as súas actividades lectivas. Entre os cursos que ofertan este ano destaca un de formación de actores de dous anos de duración que inclúe materias como interpretación, técnica vocal e traballo corporal. Outras das actividades que se van realizar son as de teatro e danza para nenos e adultos, expresión oral e streching. Máis información no telf. 986 425 392.

Centro de Formación de Teatro e Danza

O centro *Espacio Aberto,* na Rúa de San Pedro 48 de Santiago, iniciou o curso deste ano. A formación regular actoral ademais de incluir as materias de duración anual, Interpretación, Técnica vocal, Improvisación, Preparación física, Teoría e Historia, estará complementa por unha serie de cursos intensivos: Acrobacia, impartido por Osvaldo Bermúdez, en novembro; Técnica e Danza, por Elena Córdoba, en decembro; Contact-Improvisación, por Afrika Navarro, en marzo 03; O actor ante o obxectivo, por Félix Sabroso, en maio 03; acción Contemporánea, por Carlos Neira, en xuño 03. Para máis información pódese chamar ao telf. 981 588 290.

Cursos Máximo Gorki

Esta asociación de solidaridade entre os pobos organiza a partir do 1 de outubro os cursos seguintes en Vigo: Idioma ruso, con 5 níveis de aprendizaxe; Castelán para rusos; e Xadréz. A asociación tamén ten unha Coral Polifónica na que se pode participar, ademais dispoñen de biblioteca para todos os asociados e alumnado. Para máis información poden dirixirse á r/ República Arxentina 17 2º Esq. Entre as 17:00 e as 19:00 h. Tamén se pode contactar a través do telf. 986 224 457 polas tardes e do 986 366 381 polas mañás.

Estornela de teatro para nenos

A fundación *Xosé Neira Vilas* convoca a II edición deste premio coa finalidade de estimular a creación teatral dirixida ao público infantil. Pódese participar con textos en galego formados por unha ou varias pezas teatrais. Deberán entregarse antes do 30 deste mes na sede da fundación (apdo. 36587, Gres, Vila de Cruces, Pontevedra.) Os textos levarán un título, que tamén constará na parte exterior dun sobre pecho que conteña os datos persoais dos participantes. Ademais da publicación da obra gañadora por Edicións do Castro, o premio ten unha dotación de 1.500 euros.

Actividades en Mil Lúas

Esta asociación viguesa informa dos cursos que imparte. Percusión africana –Djembé–, todos os xoves de 18 a 19,45 h. por 35 euros ao mes e do que se pode solicitar máis información no telf. 661 009 148. Tai Chi, relxación e superación persoal, os luns e xoves de 19,45 a 21 h. por 15 euros ao mes podendo ampliar información no telf. 680 350 685. Danzas africanas, os luns, martes e venres de 16,30 a 18,30 h. (30 euros ao mes os tres días, 12 por un día) información no telf. 639 381 357. O domingo 22, obradoiro de Break Dance, todos os domingos ás 18 h. Escoita musical, todos os domingos ás 20 h. Malabares, todos os domingos de 22 a 24 h. Conversas en français-castelán-galego, todos o mércores ás 21 h.

Forumensino

Este V Salón do Ensino, Cultura e Deporte vai ter lugar entre os días 5 e 8 de decembro en *Expourense*. Será o punto de encontro para todos os axentes integrantes destes sectores que informarán aos participantes das posibilidades que as súas empresas ofrecen neste sector. Parellamente vaise celebrar Megaxove, o Salón da Xuventude, e Expoenter, Salón Multimedia e Telecomunicacións. Estas iniciativas fomentarán a participación e achegamento doutro abano de público. Para máis información pódese consultar a páxina www.expourense.org.♦

Sarria

■ TEATRO

A tempestade

O grupo de teatro **Achádego** vai representar esta obra o sábado 28 na *Casa da Cultura*.

Silleda

■ TEATRO

Alta Comedia

O próximo venres 27 vai ser representada esta obra por **Teatro do Noroeste** no Auditorio do recinto da *Semana Verde*.

Tui

■ EXPOSICIÓNS

Rita Enríquez

As súas pinturas están expostas na *Área Panorámica* ata o 22 de setembro. E neste mesmo lugar, pero ata o domingo 29, tamén permanecerán as teas de **Jesús Jauregui Abellás.**

Vigo

■ CONFERENCIAS

"Legalización como única alternativa

... para reducir riscos e danos", charla sobre a drogadición, este xoves 19 no *Mil Lúas* ás 21:30 h. pola *Asociación de Usuarios, Ex-usuarios e Profesionais de Drogodependencias*.

■ CINEMA

Ciclo latinoamericano

Caixanova organiza este ciclo no Centro Cultural. ***Pizza, birra, faso*** o martes 24; ***El sueño del capitán*** o mércores 25; ***La Ciénaga*** o venres 27; ***Coronación*** o martes 1; ***Otilia*** o mércores 2; ***En la puta vida*** o martes 8 de outubro.

■ CONFERENCIAS

Francisco Cerecedo

En conmemoración do vixésimo quinto aniversario da morte deste xornalista a Aula Sociocultural de *Caixa Galicia* vai acoller este ciclo. O mércores 25 ***XXV anos de febre: da España apasionada á España atónita***, da man de **Miguel Ángel Aguilar,** ás 20 h. O xoves 26 ***Palestina: o xenocidio indiferente***, da man de **Hani Faydi,** ás 20 h. E o venres 27 ***América: a loita continua***, por **José Oneto Revuelta,** ás 20 h. s

■ EXPOSICIÓNS

Reflexións Mies

Coa axuda das fotografías de **Lluís Casals,** trátase dunha reflexión visual sobre o pavillón **Mies van der Rohe** de Barcelona, que poderemos ollar, desde o venres 20 de setembro ata o 27 de outubro, na sede do *Colexio de Arquitectos,* Marqués de Valadares 27.

Glaciares, ríos de xelo

Se a Terra continúa a se quentar, o desxelo provocará que moitas das zonas costeiras queden anegadas polo mar. Esta mostra, organizada pola *Fundación La Caixa* na *Casa das Artes,* trata sobre os glaciares, esas grandes masas de xelo, principal reserva mundial de auga doce, sobre o seu movimento e tamén sobre as persoas que viven sobre eles, os esquimós, de forma permanente, e os científicos, habitantes temporais durante as súas investigacións. O tema está presentado desde a perspectiva da física, a mecánica, a formación da paisaxe, da historia e da relación co home. Maquetas de tamaño real, grandes escenografías, módulos interactivos, obxectos, fotografías e imaxes de vídeo, son algúns dos elementos que a conforman.

Acisclo Manzano

Ata o 13 de outubro poderanse ver as esculturas deste artista galego no *C. C. Caixanova.*

As fotografías que o francés Jean Dieuzaide realizou no noso páis están expostas na *Igrexa da Universidade* en SANTIAGO.

XIV Acampada da Mocidade

Que inclúe o ***II Festival de Amizade Galiza-Portugal,*** celebrarase en Goián (Pontevedra) do venres 20 ao domingo 22. O venres sairase en bus desde Compostela ás 12 h. para chegar a Goián ás 14, montar o acampamento e xantar; ás 16:30 **visita a Vila Nova de Cerveira** onde, ás 20 h, realizarase a charla-coloquio ***Relacións socioculturais entre Galiza e Portugal*** coa participación de **Mª Pilar García Negro** (deputada do BNG), **José Viale Moutinho** (xornalista portugués), e **Xosé Manuel Sarille** (da dirección da Mesa pola Normalización Lingüística); ás 23 h. haberá un concerto no que intervirán **Roberto Sobrado** (cantautor), **Folia** (folc), e **Lamatumbá.** O sábado 21 realizarase un roteiro guiado polo **casco histórico de Tui** co escritor **Suso Vila;** subirase ao **Monte Aloia,** onde se xantará e, xa pola tarde, farase unha **visita a Valença do Minho;** ás 20 h. **vídeo-forum** no *Centro Goianés* e, ás 23 h, **saída á Guarda** cunha **festa** no *pub A Guagua* coa actuación do cantautor **Tino Baz.** O domingo 22 haberá unha **mostra de baile galego e portugués** e do grupo de treboeiros **Tocándar,** na Praza da Igrexa; xantar de confraternidade na **Fortaleza de San Lourenzo** para regresar ás 18 h. A cota de participación, 15 euros, inclue a participación en todas actividades e comidas como o desprazamento desde Santiago. Para anotarse ou pedir infomación pódese facer através do telf. 981 553 526.♦

***Uvega Teatro* representará *Mulleres* o sábado 21 e o domingo 22 no CC *Caixanova* de VIGO.**

A Rede

COLECTIVO SACOU
www.usc.es/xorna/media/apocalipsis/portada.htm

Grupo literario e cultural de Noia dedicado á promoción e á defensa da cultura galega. Tamén apoia aos novos artistas e dinamiza a vida cultural en Noia. A páxina inclúe a edición electrónica da súa revista *Caramuxa*.♦

GUSTAVO GABETTA
A galería *Artenova* (Praza da Princesa 3) alberga a mostra deste pintor. Máis información en www.artenova.es

PABLO
De ir en ir, titula a súa mostra de escultura cerámica que ten na galería *Sargadelos* ata finais de mes.

MANUEL LÓPEZ
Mitoloxía e historias lexendarias é o título da mostra de ilustracións que poderemos ollar na *Casa da Xuventude,* dentro do programa de exposicións Mirarte da *Concellería de Xuventude*, ata este venres día 20. E baixo o título *Realidades enfrentadas,* **Lourdes Goce** mostrará a súa pintura, neste mesmo lugar, desde o martes 24 ata o 4 de outubro.

Menchu Lamas mostra a súa obra na *Galeria dos Coimbras* de BRAGA.

HOMENAXE A CUCO CERECEDO
Ata o 29 de setembro na *Casa da Cultura Galega* podemos ollar esta mostra fotográfica sobre o xornalista.

RANDE 1702
ARDE O MAR
O *Museo do Mar* comeza a súa andadura con esta mostra conmemorativa do terceiro centenario da Batalla de Rande, acontecemento de grande trascendencia para a historia de Vigo e da comarca. Os obxectivos que se persiguen son a súa divulgación así como o coñecemento e defensa dun dos grandes xacementos arqueolóxicos submarinos da fachada atlántica. A mostra divídese en tres seccións: *A carreira das Indias, as frotas da prata*; *Mirei as naves arder;* e *Unha historia submarina*; deste xeito ofrécese aos visitantes unha introducción histórica ao contexto no que se produce a batalla, unha mostra da propia batalla e do seu tempo e, finalmente, relátanse as distintas lendas en torno aos tesouros afundidos na ría así como diversos intentos de recuperación. Ata o 8 de novembro.

■ MÚSICA

QUILAPAYÚN
O recoñecido internacionalmente grupo chileno, motores, xunto con Víctor Jara, Inti Illimani... do movimento de renovación musical do seu país nos anos setenta, con cancións tan emblemáticas como "El pueblo unido jamás será vencido" ou traballos como a "Cantata de Sta. María de Iquique", vai estar o venres 20 no *C.C. Caixanova.*

SILVIA WOMANI
Actuación acústica de guitarra e voz o sábado 21 ás 21:30 h. no *Mil Lúas* por 1 euro de entrada.

■ TEATRO

MULLERES
Franca Rame e **Darío Fo** perfilan e confiren carne teatral aos personaxes desta obra, introducíndoos en situacións grotescas, onde a arma do riso desvela e bate nos puntos máis fráxiles e que máis poden doer ao eterno antagonista, o home. Pero o feminismo dos autores, aínda sendo implacábel e certeiro como unha dentada, nunca resulta fanático ou sombrío. Tratase dunha visión crítica e solidaria das, sempre difíciles, relacións entre o home e a muller. ***Mulleres*** vai ser levada a escena por **Uvegá teatro** o sábado 21 e domingo 22 no C.C. *Caixanova.*

XAN DE VILAXOÁN
Este conta-contos representará ***Circusfusión, clase maxistral de circo ruso*** o venres 20 ás 21:30 h. no *Mil Lúas*. Entrada 2 euros.

LAS CRIADAS
Obra de **Jean Genet** que representarán, entre outros, **Enma Suárez, Mónica López** e **Maru Valdieso**, no C.C. *Caixanova* do venres 27 ao domingo 29.

Vilagarcía

■ EXPOSICIÓNS

MIGUEL PEREIRA
Ata este domingo 22 de setembro podemos ollar a súa obra, baixo o título de *Locus,* na *Casa da Cultura.*

Vilalba

■ EXPOSICIÓNS

TAL COMO ERAMOS
Perto de 300 fotografías antigas da Terra Cha engloba esta exposición que podemos ollar na *Casa da Cultura.*

Anuncios de balde

■ **Vendo casa con terreo a 3 km. de Betanzos.** Tlf: 981 797 060.

■ **Véndese casa unifamiliar** con 23 m² edificados e 1.400 m² de terreo en **Belesar, Baiona.** Tlf: 650 055 942.

■ **Presenteam-se gatinhos** comuns en Vigo, carinhosos e bonitos, á gente responsável que ame os animais. Telf. 636 566 155

■ Necesítase **rapaz para traballar** en pequena explotación agrícola ecolóxica. A cambio, pensión completa e aprendizaxe. No concello de Cambre, A Coruña. Telf. 981 672 573.

■ **Dão-se aulas de português.** Professor qualificado e experiente. TLM. 646 110 028.

■ Véndese casa no centro de Guitiriz duns 300 m², con garaxe, patio, pozo e horta. 150,253 e . Telf: 982 244 182 e 637 946 204.

■ Home, 58 anos, sólida formación, boa cultura xeral, francés, italiano, portugués, galego. Ofrécese para recepción en hotel ou semellante. Experiencia en Suíza e Francia como recepcionista. Telf. 666 623 190.

■ Alugo habitación en Vigo na rúa Urzaiz, centro do Calvario, ao pé da parada de autobuses. Cercana a RENFE e estación de autobuses. Muller ou estudiantes. Telf. 666 623 190.

■ Regalanse preciosos palleiros de nai Schnanzer xigante con pai Pastor Belga, moi bo carácter. Telf. 986 649 419.

■ **Alúganse cuartos na zona do Campus Sur de Santiago** de Compostela. Tlf. 636 779 794.

■ **Véndese casa con muíño e fincas, en Mundín (Chantada,** Lugo). Tlf. 982 441 589.

■ **Traspásase taller mecánico na Coruña,** en pleno funcionamento, céntrico (perpendicular a Juan Flórez). Telf. 981 135 537.

■ **Busco unha amiga que goste de actividades saludábeis,** unha delas saír coa bici no tempo de lecer. Falámolo? Rubén: 652 133 005.

■ **Vendo casa de 60 m² con finca de 1.300.** Prezo: 78.100 euros. Zona dos Tilos (Santiago) 677 484 653 (Kiko).

■ **Mestre de primaria con experiencia** na docencia e residencias de estudantes, **busca traballo con urxencia.** Aínda que non sexa na docencia, xa que tamén teño experiencia como libeiro, repartidor e peón. Manuel 616 354 911.

■ **Alúgase casa de campo restaurada en Meira** (Lugo). Tres cuartos dobres con baño e calefacción e 10.000 m de finca. Fin de semana ou tempada. Razón nos telf. 982 331 700 / 686 753 105.

■ Consegue a **camisola da selecçom galega de futebol** ao preço de 25 euros (máis 4 de gastos de envío) solicitándoa ao apdo. 1.103, C.P. 15700 de Compostela, com os teus dados pessoais.

■ **Véndese Rover Montego** PO-AX en bon estado. Con gancho para remolque, alerón, cerre centralizado... Prezo: 500.000 pta., 300,51 euros. Telf. 986 320 604.

■ **Sexto Fetiche, o poemário erótico de Antom Fortes, está á venda** nas librarias *Colón, Couceiro, Lume* e *Nós* da Coruña; *Souto* e *Trama* de Lugo; *Torga* de Ourense; *Michelena* de Pontevedra; *A Palavra Perduda, Couceiro, Follas Novas, Sargadelos* e *Trasgo* de Santiago; e *Andel, Cervantes, Sargadelos* e *Versus* de Vigo.

■ **Alúgase habitación en Santiago,** zona do Cámpus Sur. Telf. 636 779 794.

■ **Mozo de 31 anos quere coñecer mozas de toda Galiza** de 20 a 35 anos. Son "majo" e cariñoso. Gústame o monte, pasear e os animais. Chámome Berto. Telf. 616 870 908.

■ **Merco coleccións de anos completos de A Nosa Terra.** Merco libros antigos, documentos, fotos, postais, etc., tlf.: 678 911 804.

■ **Mozo universitario de 30 anos,** que gosta das viaxes, historia, arte, música, cinema, literatura, das noites de "marcha", do deporte, con sentido do humor e cunha visión ampla e progresista, **busca muller romántica,** honesta, divertida e con gustos semellantes para coñecerse e, chegado o caso, entaboar unha relación seria. As interesadas poden escrebirme a renacemento@terra.es.

■ **Véndese invernadoiro tipo bitunel,** con paredes curvas (14,80 x 42 m.), 621 metros cadrados. Fran, Cambre (A Coruña) teléfono 981 672 573.

■ **Cursos, doma natural e educación de cabalos.** Alexander Schmuck. Telf. 986 600 352 / 626 373 738 / alex.schumuck@gmx.net.

■ **Precísanse persoas compententes en lingua portuguesa.** Contactar através do Apdo. de correos 1.012, CP 15.406 de Ferrol.

■ Son un **mozo de 27 anos ao que lle gustaría poñerse en contacto** contigo, **muller entre 20-35 anos** e con interese pola literatura, cine, natureza e os bos momentos da vida en amizade e compañía. Non pido ningunha lúa. Se non che agrada o correo electrónico non te preocupes, tampouco a min, despois xa atoparemos o mellor medio para que a nosa amizade saia adiante. Non o vexas tan difícil e escríbeme. Son Xohán e agardo a túa mensaxe en arxiño 21@yahoo.es.

■ **Requírense persoas lincenciadas (diplomadas), arquitectos e enxeñeiros (técnicos) desempregadas** para pequenos traballos remunerados. Contactar através do Apdo. de correos 1.012, CP 15.406 de Ferrol.

■ **Véndese teléfono móbil Siemens C-25**. ¡Impecábel e para *Movistar!* Inclúe adaptador para mecheiro de coche e funda. Prezo 54 euros (negociábeis). 982 501 086 (Xoan Carlos).

■ **Jovem trabalhador busca piso ou casa** para compartilhar na cidade de Lugo. Com ambiente tranquilo polo horário de trabalho. Deixar condiçons do aluguer e forma de contacto no seguinte endereço electrónico: Peixeweb@mixmail.com.

■ **Música clásica para vodas diferentes.** Grupos de Cámara e Voz. Telf. 981 507 925 - 636 270 817.

■ O **Colectivo Gai *Milhomes* da Coruña informa** que o seu novo local está en Linares Rivas 49, 3º e que atenden de 18:30 a 20:30 h. todos os días, para calquer problema ou para o servizo de empréstimo da biblioteca e videoteca. Telf. 981 242 599 ou o móbil 686 307 543 as 24 horas.

■ Esquerda Nacionalista-Mocidade ten unha **camisola de cor negra estampada coa versión patriótica da lingua dos Rolling** por 6 euros (tallas M, XL e XXL). Tamén bandeiras da patria por 7,21 euros. Información en enmocidade@hotmail. com ou nos telf. 646 794 726 - 626 892 484.♦



Madrid

■ DANZA

BALLET GALEGO *REI DE VIANA*
Ata o domingo 22, a compañía dirixida por **Victoria Canedo** presentará o seu espectáculo ***Vira o vento,*** homenaxe ás xentes do mar, no *Teatro de Madrid.*♦

A. GONZÁLEZ *GELÍN*
Mostra os seus óleos no *Parador* ata finais de setembro.

Viveiro

■ EXPOSICIÓNS

LAXEIRO1930 E 1980
Unha selección de obras da súa produción está exposta no *S.M.E. San Francisco* ata este domingo 22.

Braga

■ EXPOSICIÓNS

MENCHU LAMAS
A pintora galega mostra a súa produción na *Galeria dos Coimbras,* Largo de Sta. Cruz 506, ata o 9 de outubro.

Porto

■ EXPOSICIÓNS

NAN GOLDIN
Ata o 6 de outubro poderemos contemplar a mostra fotográfica desta norte americana no *Museu Serralves*. Imaxes incómodas, morte, sida, violencia; turbadoras, sexo; inquedantes entanto que contan a vida da autora e achegados...

RICHARD TUTTLE
Primeira mostra antolóxica en Portugal dun dos artistas de norteamérica máis recoñecidos internacionalmente, que coa súa obra, recorrendo frecuentemente a materiais téxtiles, permitirá un diálogo e transformación das características do espazo da *Casa de Serralves*, coprodutora co *CGAG de Santiago de Compostela*. Ata o 29 de setembro

Barcelona

■ EXPOSICIÓNS

ANTÓN PATIÑO
A galería de arte *Opera* (en Sitges, rúa Major 7) é escenario da mostra de pinturas e debuxos do criador galego, que poderemos contemplar ata o 3 de novembro.

As pinturas e debuxos de Antón Patiño poden ser contempladas na galería *Opera* de SITGES.

VICTORIA LAVÍN RAPP
Esta cántabra ocupa a sala *Luís Seoane* da galería *Sargadelos* cunha mostra de cerámica, barro maiormente, que non esmalta por aprezar a textura e coloración primitiva, e, en contadas ocasións, gres ou porcelana. Ata o 31 de outubro.♦

Músicas da Terra

IV edición do festival, que este ano muda de data e se celebra xunto coas festas parroquias, o venres 20 en **OUZANDE** (A Estrada). Organizado pola Xunta Parroquial e a A.C. *A Fervenza,* contan coa participación de **Treixadura, Os Carunchos** e **Chachimonia;** ademais da animación ao ar libre que correrá a cargo dos **Quinquilláns** e **Volta e Dalle.** No transcurso do festival ofereceranse unha mostra de artesanía e a posibilidade de cear nos chigres con polvo, empanada.... En caso de chuvia o campo da festa cubrirase cunha carpa. Máis información no telf. 986 575 226.♦

A NOSA TERRA
Nº 1.048. Do 19 ao 25 de setembro de 2002
Ano XXV. IV Xeira. 1,75 euros.

VOLVER AÓ REIS?

Todos os Estados que se precian teñen os seus secretos. Son eses que tardan en descubrirse 20 ou 30 anos. Galiza xa ten o seu secreto e non un calquera, ten en secreto nada menos que o nome da súa capital. Os políticos máis enteirados saben cal é pero estalles prohibido dicir o nome en público. O concello ten orde de gardar discreción e de non festexar a aprobación do Estatuto da Capitalidade e á Xunta nin se lle ocorre mentar o asunto. Ese si que é un secreto que nos dá rango e que está polo menos á altura do de quen matou a Kennedy.♦

Director: Afonso Eiré López. **Empresa Xornalística Editora:** Promocións Culturais Galegas S.A. **Presidente**: Cesáreo Sánchez Iglesias.
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101.
info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado *Greenrecy 100* de 60 gr./m²

Francisco Díaz Guerrero

'Para os naufraxios, a ría non sabe de embarcacións'

MAR BARROS

Traxedia, dramatismo e halo literario mestúranse en cada un dos capítulos de *Naufraxios no mar de Vigo* (Xerais). A pesar do rigor histórico co que Francisco Díaz Guerrero tenta reconstruír a negra crónica viguesa, cada un dos naufraxios reúne os elementos necesarios para converter á ría en escenario cinematográfico ou literario.


MARÍA DÍAZ

¿Cando naceu o seu interese polos naufraxios?

Dende cativo. Gústame todo o relacionado co mar, en especial o referido aos barcos. Levo investigando nove anos o tema dos naufraxios.

O libro tenta ser unha homenaxe aos homes e mulleres que morreron no mar de Vigo

Aos mortos e aos que sobreviviron. Son heroes anónimos, víctimas da dureza do mar, onde cada día en terra é un agasallo.

¿Que significaba para unha familia perder os seus membros na época?

Ademais dunha perda afectiva implicaba a perda económica. Dependían do mar e traballaban os homes. Se morrían nun mesmo naufraxio o pai e o fillo a familia víñase abaixo.

¿Cales eran as causas máis habituais dos naufraxios?

Na primeira metade do século, principalmente pola precariedade dos barcos, era a varada, pero foron diminuíndo na segunda metade de gracias aos avances da técnica.

¿Dependía das características da ría?

Dependía, sobre todo cando se navegaba preto da costa e as condicións atmosféricas eran adversas.

No libro recolle naufraxios relacionados coa emigración

O caso máis destacado neste sentido é o do transatlántico alemán *Hammonia* que participaba no tráfico migratorio cara América, no que morreron 90 emigrantes ao chocar cunha mina. Ao máis puro estilo *Titanic*, afundindo lentamente.

Tamén naufragaron embarcacións militares

Temos, por exemplo, a canoneira Cóndor. En 1902 existía rivalidade entre os pescadores da ría pola utilización de diferentes artes de pesca. A embarcación vixiaba estas liortas, ata que estoupou, posiblemente por un erro técnico. Sen embargo, na tradición popular mantense que os causantes foron os propios pescadores.

Non se salvou nin a garda de Franco

Foi no 1950, a Monchiña, lancha civil que prestaba servicio de transporte na Illa de San Simón. Os gardas aloxados no albergue da illa dirixíanse a Redondela a xogar un partido de fútbol. Na canle entre a illa e a praia de Cesantes por mor da zozobra e a sobrecarga, morrendo 43 gardas.

¿Cal foi o naufraxio máis espectacular?

Pola repercusión que tivo, quizais o do petroleiro noruegués Polycommander, no 1970, ao tocar fondo nuns baixos próximos ás Cíes. Non se saldaron víctimas pero coas case cincuenta mil toneladas de cru envelenou a ría. Foi o desastre ecolóxico máis importante da zona.

¿Cal o máis dramático?

Pódese sinalar o caso do conxelador-factoría Marbel. En medio do temporal, que levantaba ondas de oito metros, estoupou un motor o que fixo encallar o barco na enseada de Lago. Morreron 27 persoas.

¿E o máis curioso?

O do globo aerostático que saíra de Bélxica na competición Copa Gordon Bennett. Cando a aeronave ía tomar terra nunha rocha de Corrubedo, unha razada de vento precipitou o globo ao mar. Aínda que inusual esta tamén é unha sorte de naufraxio.

Dentro do drama dos naufraxios deixa lugar a anécdotas graciosas

Deixo, como o rescate, non sen grandes esforzos, de touros, xovencas e ovellas do buque mixto *Highland Pride* que se dirixía a Arxentina pero varou nos Carallóns. Non houbo víctimas humanas pero morreron dous touros sementais.

A ría non selecciona as embarcacións

Pesqueiros, transatlánticos, mercantes, petroleiros, iates, todos tiveron a súa representación dramática na ría de Vigo.

Relatando naufraxios podería caerse na morbosidade

Aquí entra en xogo a tarefa de documentación e de contraste de datos. Todo narrado con obxectividade e distanciamento.

¿Por que se limita ao acontecido en Vigo?

Teño investigada toda a costa, pero esta zona éme máis accesíbel e máis doado fotografar e obter información porque eu vivo aquí. Pero non descarto outras publicacións.

¿Como definiría o seu libro?

É unha crónica doada, feita con moito cariño. Adicada especialmente á xente do mar, que traballa sen se lle recoñecer o seu valor.♦

NOVIDADES

A guerra de Arturo Souto.
Edición de Paulo Porta Martínez.

Arturo Souto.
Paulo Porta Martínez.
Esencias

A NOSA TERRA

Literatura infantil

FRAN ALONSO

Sorpréndenme a estas alturas os prexuízos que aínda ten moita xente do mundo da cultura (tamén algúns escritores) contra a literatura infantil e xuvenil. Hai uns días Antonio García Teijeiro declaraba a este xornal que os autores que se dirixen ao público infantil e xuvenil son considerados habitualmente escritores de segunda categoría. Desgraciadamente leva razón. Hoxe por hoxe existe un menosprezo, tamén académico, implícito nos comportamentos e nas actitudes (cando non explícito), ante a literatura infantil. E resulta tamén moi revelador o baleiro sistemático que os lectores adultos lle facemos á literatura infantil á hora de escoller un libro para as nosas lecturas.

Ao meu ver, o que está claro é que existe un gran descoñecemento en torno ás aportacións, ao valor, ao papel, á tradición e á historia da literatura infantil e xuvenil, que en Europa é riquísima.

A literatura infantil está sometida a unha fortísima presión comercial (iso é certo) que deforma unha boa parte do seu corpo, e por veces (tamén é certo) aparece ferida por un tremendo sometemento ao mercado. Un dos principais problemas que o lector (ou o mediador) ten ante a literatura infantil é a súa dificultade para distinguir aqueles títulos que son bos e pagan a pena daqueles outros que non teñen interese nin valor literario ningún. E boa parte dese problema radica no desinterese académico pola LIX e, en consecuencia, na lamentable falta dunha crítica seria que oriente ao lector (e ao comprador) e dun espacio que lle outorgue unha presencia digna nas revistas e suplementos literarios.

A pesar de todo, a literatura infantil realiza unha achega, por veces revolucionaria, de desinhibición, de orixinalidade, de frescura e de atomización estilística e sintáctica que moi poucas veces ten sido explorada pola literatura para adultos. E a literatura infantil ten, máis que nunca e máis que calquera outra, todo o futuro por diante.♦